

PROXECTO

orçamentos
2015

INFORME
ECONÓMICO E FINANCEIRO

XUNTA DE GALICIA



INFORME ECONÓMICO E FINANCEIRO

CONTIDO

I.	CONSOLIDACIÓN FINANCEIRA E CAMBIO DE MODELO DE CRECIMENTO E EMPREGO	7
I.1.	CONTORNO ECONÓMICO	16
I.2.	O CONTEXTO INTERNACIONAL	20
I.3.	ECONOMÍA ESPAÑOLA	29
I.4.	ECONOMÍA GALEGA	34
I.5.	ESCENARIO MACROECONÓMICO	41
I.6.	O ESCENARIO FINANCEIRO. SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA.	50
I.6.1.	TIPOS DE REFERENCIA	50
I.6.2.	TIPOS DE XUROS INTERBANCARIOS	52
I.6.3.	MERCADO DE DÉBEDA PÚBLICA	53
I.6.4.	MERCADOS BOLSISTAS	56
I.6.5.	MERCADOS DE DIVISAS	57
I.7.	REFORMAS E MEDIDAS NA PRIORIZACIÓN DO GASTO: A SOSTIBILIDADE SOCIAL E O ESFORZO INVESTIDOR.	59
I.7.1.	POTENCIACIÓN DA INVESTIGACIÓN, O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E A INNOVACIÓN	62
I.7.2.	FORTALECER A REDE DE INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓN	63
I.7.3.	DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, MELLORANDO O TECIDO EMPRESARIAL E INDUSTRIAL	63
I.7.4.	MELLORA DOS SECTORES ESTRATÉXICOS	64
I.7.5.	FORMACIÓN, CAPACITACIÓN E EMPREGABILIDADE	65
I.7.6.	FOMENTO DO INVESTIMENTO EN INFRAESTRUTURAS SOCIAIS	66
II.	ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2015	67
II.1.	GRANDES CIFRAS	69
II.1.1.	EVOLUCIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO. TEITO DE GASTO E CAPACIDADE DE GASTO	69
II.1.2.	INGRESO CONSOLIDADO.	70
II.1.3.	AUMENTO DO GASTO NON FINANCEIRO NUN 0,5%	71
II.1.4.	SUBA DO AFORRO BRUTO E DO SALDO PRIMARIO POLA MELLORA DO INGRESO CORRENTE	72
II.1.5.	FORMACIÓN DE CAPITAL: 669 MILLÓNS DE EUROS	73
II.1.6.	FONDO DE CONTINXENCIA: 125 MILLÓNS DE EUROS	73
II.1.7.	NECESIDADE DE FINANCIAMENTO AXUSTADA Á SENDA DE CONSOLIDACIÓN FISCAL: 403 MILLÓNS DE EUROS	74

II.1.8.	PRINCIPAIS POLÍTICAS DE GASTO PRIORIZADAS NO ORZAMENTO 2014 _____	75
II.1.9.	CRECENTE RELEVANCIA DO GASTO SOCIAL _____	76
II.1.10.	MANTENSE O FINANCIAMENTO ADICIONAL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL _____	77
II.1.11.	FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES _____	78
II.1.12.	INVESTIMENTO EN I+D+I _____	78
II.1.13.	DINAMIZACIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL _____	80
II.1.14.	POLÍTICAS ACTIVAS NO MERCADO DE TRABALLO _____	82
II.1.15.	INVESTIMENTO CON PERSPECTIVA TERRITORIAL _____	82
II.1.16.	NOVAS MEDIDAS TRIBUTARIAS _____	83
II.1.17.	DISTRIBUCIÓN POR CONSELLERÍAS E ORGANISMOS ESTATUTARIOS _____	85
II.2.	OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS PARA 2015. _____	86
III.	SOSTIBILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA _____	103
III.1.	REFORMA DA REGULACIÓN DAS FINANZAS PÚBLICAS _____	105
III.1.1.	REFORMA DA GOBERNANZA ECONÓMICA NA UEM _____	105
III.1.2.	REFORMA CONSTITUCIONAL. _____	106
III.1.3.	LEI ORGÁNICA DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA. _____	107
III.2.	EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN FINANCEIRA AUTONÓMICA. _____	109
III.3.	EVOLUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO: POSICIÓN RELATIVA _____	123
III.4.	TRANSPARENCIA _____	126



CONSOLIDACIÓN FINANCIERA E CAMBIO DE MODELO DE CRECIMENTO E EMPREGO

I. CONSOLIDACIÓN FINANCIERA E CAMBIO DE MODELO DE CRECIMENTO E EMPREGO

Os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2015 son as primeiras contas consolidadas post crisis 2008 que aumentan respecto ao ano anterior (un 0,5%). Así, logo de seis anos de proceso de axuste orzamentario, os agregados financeiros semellan estabilizados e listos para crecer de xeito moderado pero contínuo.

Se ben os efectos da crise ten sido moi graves para a economía polo xeral, a maior crudeza dos mesmos reflectese na destrución de emprego e pib potencial e no grave deterioro dos ingresos públicos, tamén obrigou a acelerar a toma de decisións respecto de medidas de gobernanza financeira e estratéxica que na fase de exuberancia irracional dos mercados semellaban non prioritarias.

A estratexia pública cara a un crecemento intelixente e integrador esta recollida no actual plan estratéxico de Galicia (PEG en diante) que será obxecto de renovación no 2015 para o período 2015-2020, e no eido financeiro estan sentadas as bases para a sostibilidade das finanzas públicas. Agora toca tomar decisións e medidas concretas para impulsar a recuperación da economía e do emprego.

O proceso de consolidación fiscal levado a cabo polas finanzas autonómicas garante a estabilidade macroeconómica, posibilita a saída da recesión e senta as bases para a iniciar unha senda de crecemento sostible e estable no que o orzamento da comunidade opera como unha solución a os problemas dos Galegos e non como unha eiva máis (en forma de efecto expulsión do financiamento privado ou de impagos públicos).

Malia que a estabilidade macroeconómica non se percibe directamente polos cidadáns, está é condición necesaria e un primeiro paso para o crecemento e a xeración de emprego, obxectivo fundamental de estos orzamentos.

O esforzo de austeridade levado a cabo permite á nosa comunidade manterse á cabeza en políticas sociais, sanitarias e educativas cun custe financeiro dos máis baixos dos soportados polas ccaa e sen recorrer aos vehículos habilitados pola administración xeral do estado para poder financiarse, e por tanto, sen ter que presentar nin executar plans de axuste.

Se ben os orzamentos de crecemento moderado son máis difíciles de implementar que os incrementalistas (onde todo cabe) por ser preciso un esforzo de axuste e priorización do gasto. Esta forma de orzamentar veu coa crise para quedarse, porque as necesidades superan con moito aos recursos da comunidade. No entanto, a disciplina fiscal permite continuar un esforzo investidor que moi poucas comunidades autónomas están en condicións de orzamentar hoxe en día.

É por elo que a orzamentación de cara a resultados, onde cada xestor debe acreditar para que precisa os fondos e cales son os resultados que pretende acadar con eles, convertese nun elemento esencial do proceso de orzamentación que debe evolucionar cara á rendición de contas aos cidadáns dos resultados acadados.

Esta forma de xestión pública implica un cambio hacia a cultura dos obxectivos e os resultados ao que nos está afeita a administración nin os cidadáns polo que debe acadarse a través dun proceso de mellora continua.

Baixo este principio, de novo todo o proceso de elaboración dos orzamentos estivo orientado por unha revisión polo miúdo dos programas de gasto, analizando todos e cada un dos proxectos, valorando o impacto dos mesmos e o grao de aportación aos obxectivos establecidos. Este proceso reflectese no catálogo de indicadores que acompañan a cada programa orzamentario.

Estos indicadores permiten non só orientar a asignación de recursos públicos, senón que axudan ao xestor público a analizar os fallos na provisión de bens e servizos públicos e propoñer o cambio de procedementos ou de actuacións de gasto cara a outras de máis impacto no cidadán.

O novo plan estratéxico de Galicia 2015-2020 intensificará o traballo realizado ata o de agora e mellorará o actual engadindo as valiosas leccións aprendidas do presente.


O principio de transparencia está intimamente relacionado co anterior, introducido pola Lei 2/2011 de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira reflíctese na ampla información que se facilita, entre outros aspectos, con respecto aos investimentos reais das empresas públicas, a evolución e as ratios de gasto e o nivel de débeda pública, débeda/PIB e débeda/ingresos correntes, o risco comprometido por avais e compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado público da Comunidade Autónoma. As contas presentanse de xeito claro e conciso e en termos de contabilidade nacional para posibilitar unha comparación máis doada. A memoria de obxectivos permite saber non só o gasto adicado a cada política, tamén os recursos físicos e a previsión dos indicadores operativos e de realización.

En aras da antedita transparencia, o perímetro de consolidación vense ampliando ano tras ano nun proceso contrario ao de centrifugación do gasto realizado ata 2008, de xeito que o orzamento de hoxe en día recolle unha foto completa do sector público autonómico de Galicia.

I.As grandes cifras do orzamento voltan a partir da garantía do financiamento dos servizos sociais, pasando a adicarse a estas políticas case 8 euros de cada 100 do gasto non financeiro.

Gráfico I: Evolución do peso das políticas sociais.

PESO DO GASTO SOCIAL




As contas de 2015 afondan no cambio de modelo de crecemento baixo os fortes condicionantes financeiros do proceso de desapalancamento acelerado que é a consolidación fiscal, e que trata de conciliar a necesidade de eliminar o déficit das nosas contas co mantemento dos servizos públicos.

Cadro I: Galicia: Capacidade (+) / Necesidade (-) de Financiamento (% PIB) das aapp

	2014	2015	2016	2017
Administración central	-3,7	-2,9	-2,1	-1,1
Comunidades Autónomas	-1,0	-0,7	-0,3	0
Corporacións Locais	0,0	0,0	0,0	0
Seguridade Social	-1,1	-0,6	-0,5	0
TOTAL	-5,8	-4,2	-2,9	-1,1

Gráfico II:



Fonte: Consellería de Facenda


A gráfica superior mostra como o realismo na orzamentación de Galicia durante a crise favoreceu unha senda de consolidación menos abrupta que a do resto de comunidades autónomas.

A mellora da coxuntura económica non debe dar lugar á compracencia xa que o paro e a débeda son aínda moi altos polo que deben continuarse os esforzos de reforma estrutural e control das finanzas públicas para garantir a súa sostibilidade financeira e ter capacidade de reacción ante calquer nova continxencia.

Estes orzamentos representan un paso máis, agora no inicio dunha incipiente recuperación que debe fortalecerse, no proceso de consolidación da posición financeira da Xunta de Galicia, garantindo a súa autonomía real e permitindo mostrar unha das mellores relacións de gasto adicado a financiar a provisión de bens e servizos públicos fronte os precisos para atender o servizo da débeda, así como a obter financiamento nas mellores condicións posibles dentro do noso contorno.


Como pode verse nos seguintes cadros, a evidencia gráfica do anterior é que dende 2008-2009 son os primeiros orzamentos nos que baixa o gasto financeiro e sube o gasto non financeiro.

Gráfico III: Incremento Débeda/PIB 2008 (IV T)-2014 (III T)



Fonte: Banco de España

Gráfico IV: Ratio gasto real vs gasto financeiro Galicia-resto ccaa



Fonte.- Consellería de Facenda.

II. No que respecta ao destiño funcional do gasto, respectase a senda marcada no PEG que xa reflectía unha aposta polo modelo de crecemento intelixente. O PEG será obxecto dunha evolución a comezos de 2015 para adaptarse á coxuntura de saída da crise e á nova programación de fondos europeos.

Todo elo apostando con máis recursos polas políticas de innovación, I+D e o sistema universitario de Galicia. Consolidado as políticas de subsidiación de tipos de interés, desenvolvendo instrumentos financeiros para emprendedores e empresas consolidadas que suplan a febleza dos mercados financeiros e apoiando a internacionalización fomentando o desenvolvemento da iniciativa empresarial e a creación de emprego na nosa comunidade autónoma.

Resulta de especial importancia no eido da dinamización empresarial a busca de canles alternativas de financiamento para as pemes que palien a falta de dinamización do crédito bancario. Por elo parte dos fondos FEDER 14-20 de Galicia están xa amovilizarse xunto con fondos de outras comunidades autónomas, do BEI e do Goberno de España nun programa operativo especial, chamado "Iniciativa Peme", que ten por obxecto chegar o máis axiña posible crédito ás pemes cunhas cifras moi favorables de apalancamento (acordouse co BEI unha relación mínima de 1 a 4, así en función dos proxectos que se presenten podería aportarse financiamento a proxectos de pemes en Galicia por valor de 60 millóns de euros). Esta liña complementarase co fondo JESSICA que xestiona o IGAPE con máis de dez millóns de euros para financiamento de proxectos de investimento e cos novos instrumentos financeiros que deben comezar a funcionar cando se esgoten os recursos de este instrumento financeiro.

Reflicten tamén os Orzamentos para 2015 á imaxe económica da aplicación das políticas e reformas estruturais que deben mellorar a produtividade e a competencia da economía galega e complementan as medidas da administración xeral do Estado para mellorar a competitividade da nosa economía e o acceso ao crédito.

Compre tamén ter en conta as actuacións referentes á iniciativa de emprego xuvenil que esta en pleno proceso de lanzamento a nivel nacional nestes intres. A esta iniciativa os orzamentos para 2014 adican case 20 millóns de euros entre fondos YEI, fondos FSE de Galicia e fondos propios da comunidade autónoma, co obxecto de por en marcha o programa europeo de garantía xuvenil destinado a aportar á xente nova alternativas de traballo ou formación.

Respecto ao resto dos fondos europeos, os Orzamentos para 2015 recollen a dotación de fondos 2007-2013 precisa para garantir a plena execución do marco anterior. Asimesmo recollen os fondos 14-20 precisos para lanzar as principais liñas de actuación que deben desenvolverse neste marco, especialmente operarán nos eidos de innovación e TICs.

O pasado 22 de xullo a comunidade autónoma de Galicia presentou perante a Comisión Europea a súa proposta de programa operativo de FEDER e FSE do marco 2014-2020, no que Galicia entra na categoría das rexións máis desenvolvidas, o que implica novas contías de fondos e nova concentración temática para o destino dos fondos en desenvolvemento da estratexia Europa 2020, que concentrará o investimento na innovación, as pemes e a economía baixa en carbono a parte social atinxirá á capacitación e formación profesional, e a inclusión e a igualdade de oportunidades.

No marco 14-20, por primeira vez a comunidade autónoma presenta un programa operativo rexional que xestionará en solitario, ademais de participar nos plurirrexionais xestionados pola Administración Xeral do Estado.

Compre lembrar unha vez máis que o PEG xa contiña unha planificación estratéxica en torno a estes obxectivos temáticos á que responden tamén estes Orzamentos Xerais para 2015.

Por último salienta o papel vertebrador da asinación dos investimentos no territorio (páx 89), así como a solidariedade interadministrativa, se ben xa no 2010 a Xunta blindou a participación da participación dos concellos nos tributos autonómicos a través do FCL e do FCA, no presente exercicio volta a garantir esta contía a pesar contar con uns recursos do sistema de financiamento autonómico substancialmente menores aos de 2010.

Por todo elo podemos dicir que os orzamentos do 2015, mostran unha capacidade de gasto adicional a do pasado exercicio por vez primeira dende o comezo da crise, que inicia unha senda de crecemento positivo posibilitando financiar as políticas de crecemento e emprego e garantindo os servizos sociais da comunidade autónoma.

I.1. CONTORNO ECONÓMICO

O proceso de recuperación do crecemento evoluciona de xeito desigual e cambiante segundo as condicións e respostas á crise de cada economía, o consenso dos informes económicos máis recentes é un ralentizamento do mesmo en especial na área euro agás para España e o Reino Unido. O prognóstico mundial máis recente dun organismo público (informe de outono do FMI) indica que o crecemento mundial medio será do 3,3% no 2014 — é dicir, sen variación con respecto a 2013 — e que se elevará a 3,8% no 2015.

Esta circunstancia é o resultado das eivas na actividade económica das economías avanzadas durante o primeiro semestre de 2014, e de perspectivas menos optimistas en varios países emerxentes.

As taxas de crecemento potencial — o ritmo ao que o produto anual pode expandirse sen elevar a inflación — tamén están a revisarse á baixa.

Dous causas principais semellan frear á recuperación económica mundial.

Nas economías avanzadas, os efectos do auxe previo á crise e a posterior recesión, que derivan en fortes cargas da débeda e un elevado desemprego, seguen a dificultar a recuperación, o baixo crecemento potencial que se estima para estas economías, debe ser motivo de preocupación. Varias economías emerxentes tamén están afacendose a un menor crecemento potencial.

En todo o mundo, o investimento foi máis feble do previsto por algún tempo. A raíz disto o crecemento segue a ser moi limitado, ao tempo a evolución económica é cada vez máis diferenciada nos principais países e rexións, e o ritmo de recuperación depende das condicións específicas en cada país.

Para as economías avanzadas o FMI prognostica que o crecemento aumentará do 1,8% no 2014 a o 2,3% no 2015.

Na parte positiva, está a aceleración do crecemento proxectado nos Estados Unidos despois de que se rexistraran reveses temporais no primeiro trimestre deste ano. O emprego aumentou con forza e os balances dos fogares melloran nun contexto de condicións financeiras favorables e unha recuperación do mercado inmobiliario.

Na zona euro, a senda de crecemento semella cada vez máis feble, a recuperación atópase nunha fase de atonía, malia compresión dos diferenciais dos xuros das economías que soportan tensións financeiras e das taxas de interés en mínimos sen precedentes nas economías do núcleo.

En Xapón, o PIB contraese máis do previsto no segundo trimestre de 2014 tras un aumento do imposto ao consumo. Para 2015 esperase que se recupere o investimento privado e que o crecemento permaneza estable polo xeral.

Os mercados emerxentes están adaptándose a un crecemento máis lento. Porén estas economías seguirán representando a parte máis dinámica do crecemento mundial, a pesar de mostrar menos forza tamén nestos países por mor dunha feble demanda interna e do impacto de crecentes tensións xeopolíticas, sobre todo na Rusia e os países veciños.

- En China estímase que o crecemento baixe levemente no 2014-15 a 7,4%, a medida que a economía entra nunha traxectoria de crecemento máis sostido. Noutras economías emerxentes e en desenvolvemento de Asia o crecemento seguirá sendo sólido.
- En América Latina a taxa de crecemento reducirase na metade este ano, ao redor do 1,3%, debido a factores externos, incluídas menores exportacións do previsto, así como a algúns problemas internos, a previsión é dun repunte ao redor do 2,2% no 2015.
- Na África subsahariana estímase crecemento máis vigoroso gracias a condicións máis favorables da demanda externa e unha forte demanda de investimento, no entanto as perspectivas varían moito dun país a outro.
- En Oriente Medio e Norte de África a recuperación todavía segue a ser feble a pesar de que se espera que o crecemento empece a repuntar levemente gracias á mellora das condicións de seguridade interna e a unha mellora da demanda externa.

Algúns motivos de incertidume.-

Os riscos xeopolíticos máis intensos poderían resultar máis persistentes, e ademáis poderían empeorar, o que podería provocar un alza drástica dos prezos dos combustibles, perturbacións no comercio e maiores tensións económicas.

As condicións financeiras favorables, e a conseguinte búsqueda de rendementos, poderían dar lugar a desequilibrios nos mercados financeiros. É posible que os mercados infravaloraran os riscos, ao non ter plenamente en conta as incertidumes que rodean ás perspectivas mundiais. Un aumento maior do previsto das taxas de interés a longo prazo nos Estados Unidos, acontecementos xeopolíticos ou resultados de crecemento moi decepcionantes poderían desencadear perturbacións xeralizadas.

Nas economías avanzadas, unha situación dun déficit persistente de investimentos en relación co aforro, aínda con tipos de xuro cercanos a cero e o baixo crecemento potencial continúan sendo importantes riscos a mediano prazo, pese a que as taxas de interés permanecen en niveis moi baixos e a que aumenta a demanda de risco nos mer-

cados financeiros. Un período prolongado de inflación baixa na zona euro non axudará á actividade e a sostibilidade da débeda dos países periféricos.

No caso dos mercados emerxentes, o crecemento potencial podería ser menor, se as restriccións no lado da oferta resultan ser máis prolongadas.

Para evitar que o crecemento económico se axuste ás expectativas debe ser prioritario elevar o produto real e potencial.

Nas economías avanzadas seguen a ser precisas políticas de impulso da demanda agregada ademais dos estímulos cuantitativos no eido monetario

Concluindo

A senda de recuperación da recesión mundial xerada tralas convulsións financeiras de 2008, estase a converter nun camino lento e diferente para cada rexión, en función das medidas tomadas para respostar aos seus desequilibrios. Esta é a primeira crise económica no seo da área euro e deixou ben as claras a necesidade de avanzar nun proceso de gobernanza económica e coordinación das políticas fiscais para actuar como un bloque único fronte ás crises, xa que a resposta ata o día de hoxe está a ser moi deficiente. Isto non quere dicir que todos os países integrantes da área euro deban aplicar a mesma receita para mellorar a súa situación económica.

En efecto, diferentes estruturas económicas e diferentes marxes fiscais requiren solución diferentes, tal e como se ven poñendo de manifesto nesta memoria dende hai varios anos.

Semella que os países con escaso marxe fiscal polo seu elevado aparcamento público e privado, deben perseverar na consolidación fiscal e nas políticas reformistas que melloren a eficiencia e competitividade da economía para xerar emprego. O difícil de esta receita é a dureza do proceso de consolidación fiscal e que a xeración de emprego non se realiza a o ritmo desexable para paliar o shock de destrución de emprego causado pola crise a curto prazo, co deterioro das condicións sociais que isto conleva e a conseguinte tensión social e no gasto público.

Isto é así porque a crise deixou en evidencia gran parte da estrutura non competitiva da nosa economía, especialmente vencellada á burbulla da construción, o que supuxo una importante caída do produto potencial ademais do real. Isto quere dicir que para recuperar o emprego será preciso crear novos postos de traballo en substitución dos destruídos e que o aumento da demanda por si mesmo non erradicará o problema do

desemprego é necesario desenvolver un novo modelo de crecemento que xere novos postos de traballo.

Galicia realizou un prognóstico realista da crise e tomou medidas cedas para enfrontala sen comprometer a súa estabilidade orzamentaria, aínda así a dureza da crise afectou a unha caída de máis do 20% do orzamento autonómico e, o que é peor, a un aumento da taxa de desemprego ata o 22%, porcentaxe inaceptable a pesar de ser sustancialmente inferior á media nacional.

A comunidade autónoma debe seguir actuando na busca da eficiencia na provisión de servizos públicos, eido onde aínda queda un longo camiño por percorrer, asimesmo as políticas desreguladoras deben favorecer a competencia, a xeración de negocio e empresas e de emprego en última instancia.

Por outra banda outros países da área euro que si contan con marxe fiscal son os que deben actuar de locomotoras da zona euro e non lastrar o seu crecemento como está a suceder actualmente. Para elo poderían realizar políticas de estímulo da súa demanda agregada vía aumento de investimento productivo, o que melloraría a súa demanda a curto prazo e o seu crecemento potencial a medio prazo.

Ademais compe establecer unha regulación das intervencións de política monetaria para garantir o seu encaixe co crecemento e emprego a medio prazo, non debería desbotarse un axuste á baixa da cotización do euro, xa que a alta paridade da moeda europea esta a lastrar as exportacións das rexión europeas con produtos de menor valor engadido. Tamén serán cruciais as reformas estruturais que eleven o crecemento potencial, como reducir as barreras regulatorias a fin de incentivar a innovación e fortalecer a competencia.

I.2. O CONTEXTO INTERNACIONAL

O crecemento da economía mundial previsto para o ano 2014 estará entre o 3,3% e o 3,5% segundo os principais organismos internacionais elaboradores de previsións. Este prognóstico supón o mantemento do crecemento con respecto ao rexistro de 2013 (3,3%) segundo o Fondo monetario internacional (FMI), previsión máis recente. Se utilizamos os datos da Organización para la cooperación y el desarrollo (OCDE), que revisou en setembro as previsións para os países do G7, Brasil, China e India pero non as da economía mundial, a mellora é de seis décimas, pois estimaba un crecemento no 2013 do 2,8%. A Comisión Europea (CE) estimaba un crecemento do 2,9% para 2013 co que tamén se produce unha mellora de seis décimas. Para o ano 2015 espérase unha mellora inferior, como máximo cinco décimas, o crecemento mundial do produto situarase entre o 3,8% e o 3,9%. Estas estimacións suxiren unha lenta consolidación da recuperación económica mundial para o que queda de ano e o 2015, desigual por países. A mellora das condicións financeiras, a moderación da consolidación fiscal e a política monetaria acomodaticia permitirán seguir crecendo nos próximos trimestres, aínda que existen riscos á baixa tanto na área do euro como nos países emerxentes.

Cadro II: Previsións macroeconómicas

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI (outubro 2014)		OCDE (setembro 2014)		Comisión Europea (maio 2014)	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015
PIB Mundial*	3,3	3,8	3,4	3,9	3,5	3,8
Área Euro	0,8	1,3	0,8	1,1	1,2	1,7
Francia	0,4	1,0	0,4	1,0	1,0	1,5
Alemaña	1,4	1,5	1,5	1,5	1,8	2,0
Italia	-0,2	0,8	-0,4	0,1	0,6	1,2
Portugal*	1,0	1,5	1,1	1,4	1,2	1,5
España	1,3	1,7	1,2	1,6	1,1	2,1
Reino Unido	3,2	2,7	3,1	2,8	2,7	2,5
Estados Unidos	2,2	3,1	2,1	3,1	2,8	3,2
Xapón	0,9	0,8	0,9	1,1	1,5	1,3
Marrocos	3,5	4,7	--	--	--	--
México*	2,4	3,5	3,4	4,1	2,9	3,8
Brasil	0,3	1,4	0,3	1,4	2,6	2,9
China	7,4	7,1	7,4	7,3	7,2	7,0
India	5,6	6,4	5,7	5,9	4,7	5,4
Comercio mundial de bens e servizos*	3,8	5,0	4,4	6,1	--	--

FONTES: FMI, OCDE e Comisión Europea

(*) No Interim Economic Assessment da OCDE de setembro non se revisaron as previsións mundiais nin as de Portugal e México

Os crecementos esperados para o conxunto da economía global encerran diferenzas significativas por áreas. Utilizando como fonte de información o FMI, estas diferenzas, en esencia, son as seguintes: as economías avanzadas I crecerán en 2014 un 1,8%, catro décimas por enriba do rexistro de 2013, en 2015 a expansión será o 2,3%. As economías

1

Estados Unidos, zona euro, Xapón, Reino Unido, Canadá son as principais economías incluídas neste grupo.

emerxentes e desenvolvidas 2 acadarán en 2014 un crecemento do 4,4%, tres décimas inferior ao de 2013 (4,7%), en 2015 o crecemento esperado é do 5,0%. O crecemento dos Estados Unidos e do Reino Unido difire da ralentización na área do euro e do lento crecemento de Xapón.

Dous últimos apuntes sobre estas previsións globais que indican un cambio nas perspectivas económicas: o primeiro é que, comparando coas estimacións previas elaboradas polos mesmos organismos, os últimos prognósticos realizados polo FMI e a OCDE rebaixan o crecemento proposto anteriormente para o ano 2014 para as principais economías en xeral. As previsións do FMI de outubro indican un cambio con respecto á anterior de abril, empeorando as perspectivas europeas, coa excepción de España e Reino Unido e as de América e Asia. O segundo fai referencia ás diferenzas entre as previsións realizadas pola Comisión Europea en maio para os dous primeiros trimestres de 2014 e os valores observados para estes trimestres no momento actual; pois ben, a previsión do segundo trimestre quedou por enriba do valor observado para as principais economías da área do euro, o que permite esperar un empeoramento sobre as previsións iniciais dadas por este organismo, como así indican as previsións, máis recentes, da OCDE de setembro e do FMI de outubro; os gráficos das páxinas seguintes ilustran este suceso.

Cadro III: Variación das previsións.

Previsións 2014. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE		Comisión Europea	
	Xullo	Outubro	Maio	Setembro	Febreiro	Maio
PIB Mundial*	3,4	3,3	3,4	3,4	3,6	3,5
Área Euro	1,1	0,8	1,2	0,8	1,2	1,2
Francia	0,7	0,4	0,9	0,4	1,0	1,0
Alemaña	1,9	1,4	1,9	1,5	1,8	1,8
Italia	0,3	-0,2	0,5	-0,4	0,6	0,6
Portugal*	1,2	1,0	1,1	1,1	0,8	1,2
España	1,2	1,3	1,0	1,2	1,0	1,1
Reino Unido	3,2	3,2	3,2	3,1	2,5	2,7
Estados Unidos	1,7	2,2	2,6	2,1	2,9	2,8
Xapón	1,6	0,9	1,2	0,9	1,6	1,5
Marrocos	3,9	3,5	--	--	--	--
México*	2,4	2,4	3,4	3,4	3,2	2,9
Brasil	1,3	0,3	1,8	0,3	2,3	2,6
China	7,4	7,4	7,4	7,4	7,4	7,2
India	5,4	5,6	4,9	5,7	4,7	4,7
Comercio mundial de bens e servizos*	4,0	3,8	4,4	4,4		--

FONTES: FMI, OCDE e Comisión Europea

(*) No Interim Economic Assessment da OCDE de setembro non se revisaron as previsións mundiais nin as de Portugal e México

Nos seguintes parágrafos detállanse estas previsións para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, por tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, Xapón, China, India,

2

Rusia, China, India, Indonesia, Malasia, Brasil, México, Argentina, países do norte de África e de Oriente medio e subsaharianos forman este grupo.

os principais da zona euro, Reino Unido, Portugal e Marrocos. Para o seguimento dos países da zona euro utilízanse os datos do Comisión Europea, que publicou o 5 de maio deste ano e comentaranse as principais discrepancias coas previsións do FMI (actualizadas en outubro) e as da OCDE (actualizadas en setembro).

As proxeccións informan de que o PIB da zona euro comezou unha senda de recuperación económica no ano 2013 que continuará de forma moderada e desigual no ano 2014, esta recuperación baséase na mellora da demanda interna, posto que os conflitos xeopolíticos e a débil demanda externa das economías emerxentes, principalmente de Asia e América Latina lastrarán a demanda externa en moitos dos países. En 2014 o PIB crecerá o 1,2%, tras unha caída no 2013 do 0,4%, aínda que o OCDE que na súa previsión de maio tamén estimaba este crecemento, rebaixouno en setembro ao 0,8%, o mesmo que o FMI que en xullo estimaba un crecemento do 1,1%; en 2015 o produto incrementarase en 1,7 puntos, aínda que as previsións máis actualizadas do FMI e da OCDE estiman un crecemento do 1,3% e 1,1% respectivamente.

Por países dentro da zona euro, as perspectivas da Comisión Europea para 2014 apuntan a unha mellora nas principais economías, con crecementos positivos en todas elas; o maior crecemento rexistraríase en Alemaña (1,8%), mentres que Italia e España son os países que máis crecerán con respecto ao ano 2013, 0,6% e 1,1% respectivamente fronte as caídas do 1,9% e 1,2% do ano anterior. As previsións da OCDE e do FMI rebaixan as estimacións dos principais países do euro, dando un crecemento para Francia do 0,4%, para Alemaña a previsións son de 1,4% ou 1,5% segundo o FMI ou a OCDE e estes dous organismos dan unha contracción da economía italiana entre o -0,2% e o -0,4%.

As previsións para 2015 amosan un moderado crecemento nas principais economías. Así, o crecemento de Alemaña será do 2,0%, o de Francia do 1,5%, o de España do 2,1%, o de Italia do 1,2% e o de Portugal do 1,5%. De novo, as previsións máis recentes, as da OCDE e o FMI, baixan as estimacións para todos estes países da área euro coa excepción de España; o crecemento de Alemaña no 2015 será do 1,5%, o mesmo que no 2014, o de Francia 1,0% e Italia incrementará o seu produto o 0,1% segundo a OCDE ou o 0,8% segundo o FMI. Para España as previsións amosan un crecemento no 2015 entre o 1,6% (OCDE) e o 1,7% (FMI) fronte ao 2,1% que prevía a Comisión Europea.

No principal país da UE que queda fóra da zona euro, o Reino Unido, as perspectivas para o ano 2014 son dun crecemento do 2,7%, superior ao do ano precedente e á media da zona euro. Para 2015 o crecemento será inferior ao do ano anterior, 2,5%. As previsións do FMI e da OCDE melloran as estimacións da Comisión Europea, con crecementos superiores ao 3% no 2014 e entre o 2,7% e 2,8% no 2015.

En Estados Unidos os crecementos esperados son do 2,8% en 2014 e do 3,2% en 2015, moi por enriba dos crecementos que se rexistrarán na zona euro. As previsións do FMI e da OCDE rebaixan o crecemento para 2014 debido ao mal comezo do ano desta

economía, deixando unha taxa de entre o 2,1% e o 2,2%, para crecer no 2015 case un punto máis, 3,1%.

En Xapón as últimas previsións tamén foron para baixar o crecemento no 2014, polos datos negativos no segundo trimestre, dando un crecemento do 0,9% no 2014, que se incrementaría no 2015 segundo a OCDE e a Comisión Europea, mentres que o FMI estima que o crecemento será menor (0,8%).

Os datos de China empeoran os rexistros de 2013, cun crecemento esperado no 2014 do 7,2%, cinco décimas inferior ao de 2013 e do 7,0% no 2015. Na India as previsións apuntan a unha mellora con respecto a 2013, con crecementos do 4,7% en 2014 e 5,4% en 2015. O FMI mellora as súas previsións para estes dous países, con crecementos do 7,4% e 7,1% en China e do 5,6% e 6,4% na India.

Utilizando dos datos do FMI, a economía de Marrocos crecerá do 3,5% en 2014, nove décimas inferior ao crecemento do ano anterior, e un incremento do 4,7% en 2015.

A Comisión Europea tamén ofrece nas súas previsións o perfil dos crecementos trimestrais. O gráfico I presenta o crecemento intertrimestral previsto para as principais economías europeas, Estados Unidos e Xapón para os trimestres de 2014 e 2015, para os dous primeiros trimestres deste ano compáranse estes crecementos cos observados.

Gráfico V: Previsións 2015

Previsións crecemento intertrimestral do PIB en 2014 e 2015





Gráfico VI: Previsións 2015 (Continuación)



Fonte: Comisión Europea

Á vista destes gráficos obsérvase que en xeral o esperado é unha tendencia crecente ao longo de 2014 e as taxas estabilízanse en 2015, coa excepción de Xapón. Ademais, obsérvase que na segunda metade de 2015 os crecementos en Francia e Italia son inferiores aos trimestres anteriores, mentres que no Reino Unido acadan taxas superiores. Da comparación dos rexistros observados nos dous primeiros trimestres do ano 2014 coas previsións realizadas en maio advírtese un peor comportamento nos países da área do euro, agás España, mentres que Xapón e Reino Unido melloran os resultados previstos. Estados Unidos, tras un comezo do ano cunha caída do PIB, recuperou o nivel de actividade no segundo trimestre. Como se comentou anteriormente, tanto as previsións do FMI de outubro como as da OCDE de setembro ratifican esta aseveración ao empeorar as previsións de crecemento para 2014 destas economías sobre o prognosticado anteriormente.

En termos de taxas interanuais os crecementos son os que se mostran no gráfico 2, os rexistros dos dous primeiros trimestres do ano, en xeral, son peores que os previstos. A previsión para España era unha décima superior no primeiro trimestre mentres que no segundo a diferenza é positiva para o valor real.

Gráfico VII

Previsións crecemento interanual do PIB en 2014 e 2015





Gráfico VIII (continuación)



Fonte: Comisión Europea

Os datos do segundo trimestre deste ano son inferiores na maioría dos países, como se comentou anteriormente, a estas previsións. A zona euro presentou no segundo trimestre unha taxa intertrimestral do 0,0%, tras o aumento do 0,2% no primeiro trimestre; dentro da demanda interna, o consumo privado e o público rexistraron taxas intertrimestrais positivas mentres que a formación bruta de capital retrocedeu; o sector exterior tivo unha contribución positiva ao crecer máis as exportacións que as importacións. Revisando os crecementos do segundo trimestre para os principais países da zona euro, Alemaña descendeu no segundo trimestre un 0,2%, despois dun aumento do 0,7% no primeiro trimestre; a economía francesa estancouse no segundo trimestre, o mesmo que no anterior; Italia leva dous trimestres consecutivos con descensos; España rexistra o mellor comportamento na primeira metade do ano, cunha taxa intertrimestral do 0,6% no segundo trimestre.

Fóra da zona euro, Estados Unidos recuperou a actividade, tras a caída no primeiro trimestre; Reino Unido tivo un crecemento intertrimestral do 0,8% nos dous trimestres, Xapón rexistrou no segundo trimestre a maior caída desde o tsunami de 2011 e China rexistrou un crecemento do 7,5%, unha décima superior ao do trimestre anterior.

Para o 2015, as últimas previsións tamén reducen a taxa de crecemento da área do euro sobre a predicción anterior, polo menor crecemento de Alemaña, Francia e Italia. Para Reino Unido o FMI mantén o mesmo crecemento que no mes de xullo, mentres que a OCDE incrementa unha décima a súa predicción sobre a anterior. Para Estados Unidos tanto a OCDE como o FMI estiman un crecemento do 3,1%, unha décima máis do previsto en xullo polo FMI e catro décimas menos do previsto pola OCDE en maio.

Cadro IV

Previsións 2015. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE		Comisión Europea	
	Xullo	Outubro	Maio	Setembro	Febreiro	Maio
PIB Mundial*	4,0	3,8	3,9	3,9	3,9	3,8
Área Euro	1,5	1,3	1,7	1,1	1,8	1,7
Francia	1,4	1,0	1,5	1,0	1,7	1,5
Alemaña	1,7	1,5	2,1	1,5	2,0	2,0
Italia	1,1	0,8	1,1	0,1	1,2	1,2
Portugal*	1,5	1,5	1,4	1,4	1,5	1,5
España	1,6	1,7	1,5	1,6	1,7	2,1
Reino Unido	2,7	2,7	2,7	2,8	2,4	2,5
Estados Unidos	3,0	3,1	3,5	3,1	3,2	3,2
Xapón	1,1	0,8	1,2	1,1	1,3	1,3
Marrocos	4,9	4,7	--	--	--	--
México*	3,5	3,5	4,1	4,1	3,7	3,8
Brasil	2,0	1,4	2,2	1,4	2,9	2,9
China	7,1	7,1	7,3	7,3	7,4	7,0
India	6,4	6,4	5,9	5,9	5,4	5,4
Comercio mundial de bens e servizos*	5,3	5,0	6,1	6,1	--	--

FONTES: FMI, OCDE e Comisión Europea

(*) No Interim Economic Assessment da OCDE de setembro non se revisaron as previsións mundiais nin as de Portugal e México

Para Xapón, as últimas previsións rebaixan o crecemento desta economía; segundo o FMI, no 2015 crecerá un 0,8%, tres décimas menos que na estimación de xullo.

As últimas previsións tamén revelan unha desaceleración da economía en América Latina, principalmente en Brasil, onde houbo unha contracción do PIB nos dous primeiros trimestres do ano. O FMI rebaixou o crecemento de Brasil un punto no ano 2014, ata o 0,4% e seis décimas no 2015, para o que estima un incremento do produto do 1,4%.

I.3. ECONOMÍA ESPAÑOLA

Os datos máis recentes de crecemento económico para España apuntan cara unha senda de progresiva recuperación da economía, así o PIB rexistrou un incremento intertrimestral do segundo trimestre do 0,6%, dúas décimas superior ao estimado no primeiro trimestre. En termos de taxa interanual, o incremento é do 1,2%, sete décimas maior ao do trimestre precedente. A continuación detállase o comportamento da economía española no segundo trimestre do ano comparado co primeiro trimestre para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.

O PIB xerado pola economía española no segundo trimestre de 2014 rexistrou un crecemento do 1,2% respecto ao mesmo período do ano anterior, fronte ao crecemento do 0,5% no período precedente. En termos de taxa intertrimestral o aumento foi do 0,6%, dúas décimas superior ao do primeiro trimestre.

Analizando os dous grandes compoñentes do PIB español dende a óptica do gasto obsérvase unha achega maior da demanda nacional, contrarrestada parcialmente pola achega negativa da demanda externa. Así, por unha parte, a achega da demanda nacional ao PIB sitúase no 1,9%, 1,2 puntos maior que á rexistrada no trimestre precedente e por outra, a demanda externa minora a súa achega ao crecemento agregado cinco décimas con respecto ao trimestre precedente, situándose en -0,7 puntos porcentuais.

Cadro V: España. PIB e os seus compoñentes. Demanda.

España. Produto Interior Bruto e os seus compoñentes. Demanda. Índices de volume								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Tasas de variación anual e interanual (%)								
Operacións			2013				2014	
	2012	2013	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	-3,3	-2,1	-3,7	-3,1	-1,2	-0,3	1,2	2,0
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-2,8	-2,1	-4,2	-3,0	-1,7	0,7	1,7	2,3
-Gasto en consumo final das AAPP	-4,8	-2,3	-2,3	-3,4	0,2	-3,5	-0,2	1,1
Formación bruta de capital	-6,9	-5,2	-7,1	-6,0	-5,6	-1,8	-1,3	1,4
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	-4,1	-2,7	-4,3	-3,6	-2,1	-0,6	0,7	1,9
Exportacións de bens e servizos	2,1	4,9	2,9	9,5	3,5	3,7	7,4	1,7
Importacións de bens e servizos	-5,7	0,4	-4,9	3,2	0,6	2,7	8,6	3,9
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	-1,6	-1,2	-1,9	-1,6	-1,1	-0,2	0,5	1,2

(1) Achega ao crecemento do PIB pm.

Fonte: Contabilidad trimestral nacional (INE)

O gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF experimenta un crecemento interanual este trimestre do 2,3%, sete décimas superior ao do trimestre precedente como consecuencia da mellora do comportamento de todos os seus compoñentes, tanto de bens como de servizos, agás os bens duradeiros, que reducen o seu crecemento respecto ao trimestre anterior.

O gasto en consumo final das AA.PP. rexistra un crecemento do 1,1%, fronte á caída do 0,2% no trimestre anterior, polo mellor comportamento da maior parte dos seus compoñentes.

A formación bruta de capital presenta unha taxa de crecemento do 1,4%, 2,7 puntos superior ao rexistro do trimestre precedente. Segundo o tipo de activos, a demanda de activos materiais presenta unha taxa do 1,1%, 2,9 puntos maior que a do primeiro trimestre; os activos fixos inmateriais diminúen o seu crecemento do 3,8% no primeiro trimestre ao 2,7% no segundo.

A inversión en activos de construción diminúe 5,2 puntos o seu decrecemento (do -8,6% ao -3,4%) como consecuencia da evolución tanto da inversión en vivenda como da enxeñería civil e outras construcións. A demanda de activos de bens de equipo rexistra un crecemento do 8,7% fronte ao 11,0% do trimestre anterior.

A achega da demanda externa da economía española ao PIB trimestral neste período foi de -0,7 puntos porcentuais, inferior en cinco décimas ao nivel do trimestre precedente; resultado que se produce porque tanto as exportacións como as importacións presentan crecementos inferiores aos do trimestre precedente, aínda que o descenso das exportacións é máis acusado. As exportacións de bens e servizos diminúen o seu crecemento 5,7 puntos, pasando do 7,4% ao 1,7%, este menor crecemento prodúcese en todos os apartados das exportacións: no de bens o crecemento pasa do 7,2% ao 0,2%, nos servizos non turísticos pasa do 9,2% ao 5,8% e, por último, as compras dos non residentes rexistran un crecemento do 4,3%, inferior en 1,6 puntos ao dato do primeiro trimestre.

Pola súa parte, as importacións creceron un 3,9%, 4,7 puntos menos que no trimestre precedente. As importacións de bens reducen o seu crecemento do 10,1% ao 4,0%; as importacións de servizos non turísticos rexistran unha taxa do 2,4% fronte ao 3,3% do trimestre anterior; por outra parte, as compras dos residentes no resto do mundo incrementa o seu crecemento 6,4 puntos, rexistrando un crecemento do 10,5%.

Dende a perspectiva da oferta aprécianse un mellor comportamento na industria, na construción e nos servizos mentres que o sector primario rexistra un empeoramento respecto do trimestre precedente.

Cadro VI: España PIB e os seus compoñentes polo lado da oferta.

España. Produto Interior Bruto e os seus compoñentes. Oferta. Índices de volume								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Tasas de variación anual e interanual (%)								
Operacións			2013				2014	
	2012	2013	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-10,9	1,1	-4,1	3,9	0,9	4,1	7,4	-0,5
Industria	-0,5	-1,2	-2,5	-2,1	-0,8	0,3	0,5	1,1
- Industria manufactureira	-1,1	-0,9	-2,5	-1,2	-0,8	1,2	1,5	1,4
Construción	-8,6	-7,7	-7,0	-8,3	-7,8	-7,7	-8,1	-3,1
Servizos	-0,3	-0,5	-1,1	-0,9	-0,6	0,5	0,9	1,5
Impostos netos sobre os produtos	-4,9	-1,2	-2,0	-1,0	-0,8	-1,2	2,9	3,0
PRODUCTO INTERIOR BRUTO a precios de mercado	-1,6	-1,2	-1,9	-1,6	-1,1	-0,2	0,5	1,2

Fonte: Contabilidad trimestral nacional (INE)

As ramas agraria, gandeira e pesqueira pasan dun crecemento do 7,4% a unha caída do 0,5%, as industriais elevan seis décimas o seu crecemento, do 0,5% ao 1,1% debido á enerxía, porque as manufactureiras minoran o seu crecemento unha décima, do 1,5% do primeiro trimestre ao 1,4% no segundo. A construción rexistra un descenso do 3,1%, diminuindo a súa caída cinco puntos, en liña coa evolución do emprego nesta rama.

Por último, as ramas dos servizos aceleran o seu crecemento respecto ao do primeiro trimestre, pasando do 0,9% ao 1,5%. Este mellor comportamento pódese observar na maior parte das ramas: o comercio, transporte o hostalería crece o 2,6%, oito décimas máis que no trimestre precedente, as actividades inmobiliarias aumentan oito décimas máis (do 1,0% ao 1,8%), as actividades profesionais pasan dun crecemento do 1,1% ao 2,6% e a administración pública, sanidade e educación aumentan dúas décimas máis que no trimestre anterior. En senso contrario, os sectores que amosan peor comportamento son: información e comunicacións (-0,1% fronte a 0,0%), actividades financeiras e de seguros (-2,3% fronte a -2,1%) e actividades artísticas, recreativas e outros servizos (1,7% fronte a 1,9%).

○ emprego, medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra un crecemento do 0,8%, 1,2 puntos superior ao do trimestre precedente, o que supón un incremento neto de aproximadamente 127 mil empregos netos a tempo completo nun ano. Industria, construción e servizos presentan comportamentos máis favorables en termos de emprego, non obstante, a agricultura rexistra unha variación anual máis negativa neste trimestre que no precedente.

○ número de horas efectivamente traballadas polas persoas ocupadas na economía diminúe un 0,4% neste trimestre comparado co mesmo trimestre do ano pasado. A diferenza entre esta evolución e a dos empregos equivalentes a tempo completo débese ao descenso do 1,2% da xornada media a tempo completo, diminuindo 1,6 puntos con respecto á taxa do trimestre precedente.

Con este crecemento da actividade e do emprego, a produtividade aparente por posto de traballo equivalente redúcese en catro décimas, dende o 0,8% ata o 0,4%, mentres que a produtividade por hora traballada aumenta 1,2 puntos, acadando unha taxa do 1,6%.

Cadro VII: PTE a tempo completo.

España. Postos de traballo equivalentes a tempo completo								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario								
Tasas de variación anual e interanual (%)								
			2013				2014	
	2012	2013	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-1,1	-1,4	-5,5	1,4	-1,1	-0,6	7,3	-1,1
Industria	-5,3	-5,5	-5,6	-5,5	-6,3	-4,8	-2,6	-0,2
- Industria manufactureira	-6,0	-5,3	-5,7	-5,2	-5,7	-4,5	-2,5	-0,2
Construción	-19,1	-11,8	-13,7	-14,2	-11,0	-7,8	-8,4	-3,8
Servizos	-3,4	-2,4	-3,6	-3,1	-2,2	-0,6	0,3	1,5
Total postos de traballo equivalentes a TC	-4,8	-3,4	-4,7	-4,0	-3,3	-1,6	-0,4	0,8

Fonte: Contabilidad trimestral nacional (INE)

Estes datos do segundo trimestre de 2014 confirman que o ritmo de crecemento económico se acelerou en termos de taxa intertrimestral, superando o previsto pola Comisión que se mostra nos gráficos 1 e 2. Esta previsión estima que os crecementos interanuais do PIB nos restantes trimestres do ano tenderán a ser cada vez maiores e que acadarán taxas superiores ao 2% na segunda metade do ano 2015. En termos de taxa intertrimestral o crecemento do 0,6% do segundo trimestre de 2014 non se prevía ata o ano 2015.

No que respecta ao crecemento esperado para 2014 e 2015, o escenario do goberno prevé un crecemento do PIB en 2014 do 1,3% e do 2,0% en 2015. O FMI prognostica o mesmo crecemento co goberno no 2014, 1,3% e un aumento do 1,7% en 2015, tres décimas por debaixo da do goberno. A OCDE, na actualización de setembro estima un crecemento do 1,2% en 2014 e do 1,6% en 2015. As estimacións da Comisión Europea (do mes de maio) estiman que o PIB se incrementará un 1,1% no 2014 e un 2,1% en 2015.

Polo tanto, as previsións para 2014 están entre o crecemento do 1,1% da Comisión Europea e o 1,3% do Goberno e o FMI. A análise das compoñentes dende a perspectiva da demanda segundo estas catro fontes mostra diferenzas entre elas: a achega da demanda nacional segundo o Goberno e a OCDE é do 1,4%, superando en un punto a estimación da Comisión Europea e en unha décima á do FMI; estas diferenzas veñen motivadas polas distintas estimación destes dous organismos do consumo público e da formación bruta de capital. Soamente o Goberno estima un crecemento do consumo público, 0,2%, o FMI prevé un mantemento no ano 2014. Todos os compoñentes da demanda interna

amosan mellor comportamento que no ano 2013. A achega da demanda externa será negativa segundo o Goberno e a OCDE, as exportacións crecerán entre o 3,6% e o 5,5% e as importacións entre o 3,4% e o 4,4%.

Cadro VIII: Principais previsións macro.

Previsións macroeconómicas. España. TVA (%)								
	2014				2015			
	Ministerio de Economía (setembro 2014)	CE (maio 2014)	FMI (outubro 2014)	OCDE (setembro 2014)	Ministerio de Economía (setembro 2014)	CE (maio 2014)	FMI (outubro 2014)	OCDE (setembro 2014)
PIB por compoñentes de demanda								
Gasto en consumo final nacional.	1,5	--	--	--	1,3	--	--	--
Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾	2,0	1,3	2,0	2,1	2,1	1,6	1,6	1,8
Gasto en consumo final das AA.PP.	0,2	-0,8	0,0	-0,3	-1,0	-0,7	-0,7	-1,5
Formación bruta de capital	1,5	--	--	--	4,4	--	--	--
Formación bruta de capital fixo	1,5	-1,4	0,3	0,6	4,5	4,2	2,4	2,9
Demanda nacional*	1,4	0,4	1,3	1,4	1,8	1,5	1,2	1,3
Exportacións de bens e servizos	3,6	5,5	4,1	3,7	5,2	6,7	5,5	5,9
Importacións de bens e servizos	4,4	3,4	4,2	4,3	5,0	5,8	4,5	5,2
Achega exterior*	-0,1	0,8	0,0	-0,1	0,2	0,5	0,5	0,4
Produto interior bruto	1,3	1,1	1,3	1,2	2,0	2,1	1,7	1,6
Produto interior bruto nominal	1,4	1,4	1,1	1,2	2,7	2,8	2,3	2,1
Mercado de traballo								
Emprego. Equivalente a tempo completo	0,7	0,4	--	0,8	1,4	1,2	--	1,1
Taxa de paro	24,7	25,5	24,6	24,6	22,9	24,0	23,5	23,6

* Achega ao crecemento do PIB

(1) Inclúe ás ISFLSF

FONTES: Ministerio Economía, Comisión Europea, OCDE e FMI

O crecemento esperado para 2015 baséase nunha mellora da demanda nacional, sustentada na formación bruta de capital fixo, que crecerá entre o 2,4% do FMI e o 4,5% do goberno. O descenso do gasto en consumo final das AA.PP. será inferior ao rexistrado en 2014 segundo a Comisión Europea, pero empeorará o rexistro do ano anterior segundo as previsións do goberno, FMI e OCDE.

A achega do sector exterior será positiva segundo os catro organismos que elaboran previsións, sendo a estimación do Goberno a máis baixa (0,2%).

No que respecta á taxa de paro, as previsións máis optimistas para o 2014 corresponden ao FMI e á OCDE que esperan unha taxa de paro do 24,6%. Para o ano 2015 a previsión do goberno é a máis favorable, cunha taxa do 22,9%, rebaixando en 1,8 puntos a taxa do ano anterior, mentres que a OCDE só a rebaixa un punto, quedándose no 23,6%.

I.4. ECONOMÍA GALEGA

Ao igual que sucede coa economía española no seu conxunto, os datos máis recentes de crecemento económico para Galicia apuntan cara unha senda de recuperación do PIB, así a taxa intertrimestral do segundo trimestre foi do 0,3%, dúas décimas superior á do primeiro trimestre, co que Galicia leva catro trimestres consecutivos con crecementsos positivos. En termos de taxa interanual, o crecemento é do 0,5%, tres décimas superior ao do trimestre precedente, rexistrándose o maior incremento desde 2010. A continuación detállase o comportamento da economía galega no segundo trimestre do ano comparado co primeiro trimestre para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.


Cadro IX: Evolución do PIB Galego.

Produto interior bruto								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario								
			2013				2014	
	2012	2013	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Variación interanual	-2,0	-1,0	-1,8	-1,4	-0,8	-0,1	0,2	0,5
Variación intertrimestral	--	--	-0,3	0,0	0,1	0,1	0,1	0,3

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Gráfico IX: Variacións en volume do PIB.

PIB pm. Volume encadeado referencia 2008.
Datos corrixidos de estacionalidade e calendario.
Variacións interanuais (%)




Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Demanda

No segundo trimestre de 2014, a achega da demanda interna en termos nacionais ao crecemento do PIB foi de 0,0 puntos porcentuais, unha décima inferior á contribución do trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un aumento do 0,3%, o mesmo que no trimestre precedente; o apartado da formación bruta de capital decrece un 1,8%, 1,3 puntos por por enriba do retroceso observado no primeiro trimestre. A contribución do sector exterior é de 0,5 puntos porcentuais, superando en cinco décimas a achega observada no trimestre precedente.

Gráfico X: Descomposición dos compoñentes do PIB polo lado da demanda.

Volume encadeado referencia 2008. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario.



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Cadro X: Demanda, índices de referencia.

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2008=100								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)								
			2013				2014	
	2012	2013	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	-2,3	-2,0	-4,8	-2,1	-1,4	0,6	0,3	0,3
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-3,5	-2,3	-3,6	-2,6	-2,0	-0,7	0,0	0,2
-Gasto en consumo final das AAPP	1,0	-1,1	-8,0	-0,6	0,5	4,4	1,1	0,6
Formación bruta de capital	-5,0	-2,7	-1,9	-3,0	-3,2	-2,8	-0,5	-1,8
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	-2,9	-2,1	-4,4	-2,3	-1,7	0,0	0,1	0,0
Exportacións de bens e servizos	-7,4	11,6	9,3	15,6	13,5	8,0	4,3	0,4
Importacións de bens e servizos	-8,7	9,0	3,8	13,2	11,2	7,9	4,1	-0,5
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de	-2,0	-1,0	-1,8	-1,4	-0,8	-0,1	0,2	0,5

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares aumenta un 0,2% no segundo trimestre de 2014, dúas décimas máis que no trimestre anterior. Os principais indicadores de consumo dos fogares móstranse en sintonía co agregado debido a que presentan taxas interanuais positivas. A renda salarial real calculada con: afiliación, incremento salarial pactado en convenio e o IPC como deflactor amosa un crecemento neste trimestre, logo de dous anos con descenso trimestrais. A matriculación de turismos presenta crecementos positivos aínda que inferiores aos do trimestre anterior. O indicador de confianza do consumidor mostran un descenso inferior no segundo trimestre ao de trimestre anterior. Pola contra, o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de estacionalidade e calendario rexistra un descenso neste trimestre.

No mesmo período, o gasto en consumo final das administracións públicas acada un crecemento positivo, 0,6%, aínda que inferior en cinco décimas ao incremento observado no trimestre anterior.

A formación bruta de capital mostra un crecemento negativo, -1,8%, inferior en 1,3 puntos ao do trimestre anterior. Os indicadores que rexistran descenso superiores aos do trimestre anterior son os relativos á inversión en construción e á produción industrial de bens de equipo, que acada taxas de crecemento negativas, máis de seis puntos por debaixo do rexistro do trimestre anterior. En cambio, a importación de bens de capital deflactada co índice de valor unitario acada un crecemento moi superior ao do trimestre anterior e a matriculación de vehículos de carga rexistra un crecemento positivo aínda que inferior ao do primeiro trimestre.

Como xa se comentou anteriormente, no segundo trimestre de 2014 a achega da demanda externa neta foi de 0,5 puntos, cinco décimas superior que a estimada para o trimestre anterior. As exportacións presentan un crecemento do 0,4%, 3,9 puntos por

debaixo do crecemento do trimestre precedente; as exportacións galegas fóra de España en termos nominais diminuíron neste trimestre oito puntos máis que no trimestre anterior pero, tendo en conta que o deflactor é negativo para este agregado, o crecemento real supera o 2,5%. Pola súa parte, as importacións diminuíron un 0,5%, 4,6 puntos por debaixo do crecemento rexistrado no trimestre anterior.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no segundo trimestre de 2014 as taxas de crecemento interanual dos grandes agregados son positivas nos servizos e negativas no resto de sectores: primario, industria e construción. A maior caída corresponde á construción, o sector primario rexistra un decrecemento moito máis moderado. Con respecto ás taxas do trimestre precedente, as ramas agraria, gandeira e pesqueira en conxunto empeora nunha décima o rexistro do primeiro trimestre, a industria descende case seis décimas menos que no trimestre anterior, a construción empeora en 1,1 puntos a taxa do trimestre precedente e os servizos presentan un crecemento positivo cinco décimas superior ao do trimestre anterior.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un decrecemento do 0,1%, unha décima por debaixo da taxa do primeiro trimestre do ano. O mellor comportamento do sector pesqueiro non é suficiente para compensar a maior caída do sector gandeiro respecto do trimestre anterior.

As ramas industriais rexistran un decrecemento do 2,3%, case seis décimas por enriba do primeiro trimestre. Dentro destas, a industria manufactureira decreceu un 2,8%, oito décimas máis que no trimestre anterior.

A taxa de variación interanual do sector da construción foi do -5,5%, un punto inferior ao rexistro do trimestre anterior. A edificación non residencial e a licitación oficial mostran taxas interanuais máis desfavorables que as do primeiro trimestre de 2014. A edificación residencial rexistra un menor descenso que no trimestre anterior.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 2,2%, o que implica un incremento de cinco décimas respecto do trimestre precedente. Todas as ramas rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos acádanse nas ramas de información e comunicación, actividades artísticas, recreativas e outros servizos, actividades financeiras e de seguros e actividades profesionais. Con respecto ás taxas rexistradas no primeiro trimestre do ano 2014, as actividades profesionais e o comercio, transporte e hostalería son os que máis melloran.

Cadro XI: Galicia, PIB por sectores.

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2008=100								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)								
			2013				2014	
	2012	2013	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-1,3	-0,6	-3,3	-0,2	0,7	0,2	0,0	-0,1
Industria	-2,2	1,9	3,5	2,5	0,9	0,6	-2,8	-2,3
- Industria manufactureira	-5,7	1,7	0,8	3,8	1,1	1,3	-2,0	-2,8
Construción	-6,1	-4,3	-4,4	-4,2	-3,7	-5,0	-4,5	-5,5
Servizos	-1,7	-1,3	-3,0	-1,7	-0,7	0,1	1,7	2,2
- Comercio, transporte e hostalería	-3,5	-3,1	-6,3	-4,0	-2,3	0,2	2,2	3,1
- Información e comunicacións	-5,4	-1,4	-5,9	-1,2	0,4	1,2	5,7	4,1
- Actividades financeiras e de seguros	-8,2	-3,9	-8,2	-5,6	-0,1	-1,2	3,2	3,3
- Actividades inmobiliarias	3,6	0,3	0,7	0,4	0,4	-0,4	0,9	0,8
- Actividades profesionais	-3,8	-1,4	-2,6	-1,5	0,1	-1,8	1,1	3,3
- Administración pública, sanidade e	-0,6	-0,3	-1,1	-2,2	-0,7	2,6	1,0	1,2
- Actividades artísticas, recreativas e outros	2,6	2,3	5,6	4,5	-0,5	-0,2	2,5	3,4
Impostos netos sobre os produtos	0,7	-1,2	-1,3	-1,2	-0,9	-1,4	0,7	0,3
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de	-2,0	-1,0	-1,8	-1,4	-0,8	-0,1	0,2	0,5

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, decreceu no segundo trimestre do ano 2014 un 0,3%, o que supuxo un descenso de 2.711 postos de traballo equivalentes nun ano.

Cadro XII: Galicia. emprego por ramas de actividade.

Emprego por ramas de actividade								
Postos de traballo equivalentes a tempo completo								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)								
			2013				2014	
	2012	2013	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-4,0	-6,6	-10,3	-5,7	-6,4	-3,9	-5,1	-12,1
Industria	-7,0	-4,7	-5,8	-4,7	-4,2	-4,2	-2,1	-2,5
- Industria manufacturera	-6,8	-4,8	-5,8	-4,8	-4,4	-4,3	-2,4	-2,6
Construción	-18,1	-10,4	-14,9	-11,7	-9,0	-5,2	-3,0	-0,2
Servizos	-2,8	-2,2	-2,0	-2,3	-2,4	-2,0	-0,1	1,6
- Comercio, transporte e hostalería	-3,7	-2,8	-3,6	-3,3	-2,5	-1,8	-1,0	1,0
- Información e comunicacións	1,1	-0,1	0,6	-0,3	-0,7	-0,1	0,3	-2,1
- Actividades financeiras e de seguros	-3,1	-4,6	-6,0	-4,3	-4,3	-3,8	-3,3	-3,5
- Actividades inmobiliarias	2,1	5,5	4,7	6,7	5,1	5,7	2,9	5,7
- Actividades profesionais	0,6	-1,5	-0,3	-1,5	-1,7	-2,4	-0,6	3,0
- Administración pública, sanidade e	-3,9	-2,3	-1,5	-2,6	-3,0	-2,3	1,5	2,9
- Actividades artísticas, recreativas e outros	-1,0	-0,9	0,3	0,3	-1,7	-2,5	-0,8	-0,3
TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	-5,0	-3,6	-4,4	-3,8	-3,6	-2,8	-1,0	-0,3

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade apréciase un descenso interanual de todos os principais agregados agás os servizos; os maiores descensos prodúcense no sector primario e na industria. Con respecto aos descensos do trimestre precedente obsérvase unha forte mellora na construción e nos servizos, un pequeno descenso na industria e incrementase o ritmo de descenso no sector primario.

As ramas agraria e pesqueira acadan o maior decrecemento de todas as ramas, 12,1%, sete puntos máis baixo que o descenso do trimestre precedente.

O conxunto da industria rexistra unha caída do 2,5%, catro décimas maior que a do trimestre anterior; as industrias manufactureras tamén incrementan a súa caída e rexistran un descenso do 2,6%.

A construción mostra un descenso interanual do 0,2%, 2,8 puntos menor que o decrecemento interanual rexistrado no trimestre precedente.

Por último, os servizos rexistran un crecemento do 1,6%, mellorando en 1,7 puntos o rexistro do trimestre anterior, sendo a primeira taxa positiva desde o ano 2008. Todas as ramas amosan taxas positivas coa excepción das ramas de información e comunicacións e actividades financeiras e de seguros. Estas dúas ramas son tamén as que acadan peores rexistros con respecto ao trimestre anterior.

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou neste trimestre unha taxa de variación

interanual do 0,0%. Este dato supón unha diminución de 347 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 0,8%, catro décimas por debaixo da variación rexistrada no trimestre anterior. A variación interanual da produtividade aparente por hora efectiva sitúase no 1,9%, tres décimas inferior á do primeiro trimestre de 2014.

Prezos corrente

O PIB valorado a prezos correntes presenta no segundo trimestre de 2014 un decrecemento interanual do 0,1%, unha décima inferior ao descenso do trimestre precedente. Esta caída implica unha taxa do deflactor implícito do -0,5%, unha décima inferior á taxa rexistrada no trimestre anterior.

Cadro XIII: Galicia, PIB e os seus compoñentes.

Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)								
			2013				2014	
	2012	2013	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	-1,3	-0,8	-2,8	-0,9	-0,2	0,7	0,7	0,3
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-1,3	-0,9	-1,6	-1,1	-0,8	-0,2	0,3	0,4
-Gasto en consumo final das AAPP	-1,1	-0,5	-6,2	-0,6	1,8	3,5	1,8	0,0
Formación bruta de capital	-4,5	-3,6	-3,4	-5,3	-2,4	-3,3	1,9	-0,2
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	-2,1	-1,4	-3,0	-1,7	-0,6	0,0	0,9	0,2
Exportacións de bens e servizos	-5,1	9,0	8,7	15,0	8,9	3,7	-0,4	-5,4
Importacións de bens e servizos	-3,0	5,9	4,2	11,6	8,6	-0,4	1,6	-4,9
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de	-2,9	0,1	-0,8	-0,3	-0,5	2,3	-0,2	-0,1
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-4,6	1,9	-1,9	0,8	2,2	6,6	4,6	2,8
Industria	-0,5	3,0	5,0	4,3	1,4	1,5	-4,2	-3,4
- Industria manufacturera	-4,9	1,4	1,6	4,2	-0,4	0,2	-3,4	-3,9
Construción	-9,6	-4,9	-5,7	-5,5	-5,2	-3,4	-5,3	-7,3
Servizos	-2,7	-0,3	-1,9	-1,9	-0,5	3,2	1,1	1,8
- Comercio, transporte e hostalería	-4,9	-1,0	-5,1	-2,0	0,6	2,5	2,3	2,2
- Información e comunicacións	-5,6	-3,4	-4,6	-2,9	-3,9	-2,4	-0,4	-0,7
- Actividades financeiras e de seguros	-4,5	-5,4	-4,3	-8,9	-1,4	-6,9	0,9	0,6
- Actividades inmobiliarias	5,5	1,7	2,8	1,9	1,2	0,9	1,4	2,0
- Actividades profesionais	-4,3	-0,7	-0,8	-0,3	0,2	-2,0	1,0	3,3
- Administración pública, sanidade e	-4,4	0,4	-2,3	-3,8	-2,3	11,2	-0,3	0,7
- Actividades artísticas, recreativas e outros	5,3	2,7	9,8	4,8	0,0	-3,1	2,4	5,1
Impostos netos sobre os produtos	-0,2	2,5	1,2	6,5	-0,1	2,3	1,5	0,0

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

I.5. ESCENARIO MACROECONÓMICO

O escenario macroeconómico prevé para Galicia un crecemento inferior ao nacional para o que queda de 2014 e similar no 2015. Se nos retrotraemos ás gráficas 1 e 2, observamos que para España se prevían unhas taxas de variación intertrimestrais constantes no 2014 e en aumento no 2015, e que os datos do segundo trimestre do ano son superiores as previsións.

As previsións para o crecemento da economía nacional para o ano 2014 sitúanse entre o 1,1% e o 1,3%. A media das estimacións do goberno, do Banco de España e dos principais organismos internacionais sitúase no 1,2%. Se esta media a calculamos cos datos proporcionados polas fontes anteriores máis os dos principais organismos nacionais elaboradores de previsións tamén obtemos un valor do 1,2%. Os prognósticos máis recentes corresponden ao goberno e ao FMI que a finais de setembro e principios de outubro estiman un incremento do PIB español do 1,3% e á OCDE que en setembro prevía un crecemento do 1,2%.

Para o ano 2015 a previsión máis elevada estima un crecemento do 2,1% e a menor un crecemento do 1,6%. A media do goberno, do Banco de España e dos principais organismos internacionais cifra a previsión no 1,9%, a mesma que se obtén ao incluír aos organismos nacionais. No cadro macroeconómico elaborado polo goberno español para o proxecto de presupostos estímase un crecemento dun 2,0%, unha décima superior á media de todas as previsións.

O cadro 13 resume as principais previsións para España do ano 2015, está elaborado a partir dos datos do panel de FUNCAS ás que se engaden as previsións do goberno, Banco de España, OCDE, FMI e Comisión Europea. FUNCAS realiza enquisas entre 18 servizos de análise españois para obter estes datos.

Cadro XIV: Previsións dos principais analistas públicos e privados.

	Previsión PIB España 2015	Previsión GCFH 2015	Previsión GCFEAAPP 2015	Previsión FBKF 2015	Previsión Demanda nacional 2015	Previsión Exportacións 2015	Previsión Importacións 2015
Analistas Financieros Internacionales (AFI)	1,9	1,5	0,6	3,0	1,5	5,4	4,7
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria (BBVA)	2,3	2,0	0,6	4,7	2,2	6,5	6,4
Bankia	2,0	2,1	0,6	3,1	2,0	5,5	6,0
CatalunyaCaixa	1,9	1,6	0,4	2,6	1,5	5,3	5,4
Cemex	2,0	2,0	1,1	4,0	2,2	6,0	6,8
Centro de Estudios Economía de Madrid (CEEM-URJC)	2,2	2,1	0,2	3,7	1,9	6,1	5,8
Centro de Predicción Económica (CEPREDE-UAM)	2,2	1,3	1,1	3,2	1,6	6,5	5,0
CEOE	1,9	1,8	1,2	2,9	1,8	4,8	4,8
ESADE							
Fundación Cajas de Ahorros (FUNCAS)	2,2	2,6	-0,7	3,0	2,1	5,4	5,3
Instituto Complutense de Análisis Económico (ICAE-UCM)	2,2	2,0	0,4	3,9	2,0	6,2	6,0
Instituto de Estudios Económicos (IEE)	1,9	1,9	-0,5	3,4	1,7	5,5	5,0
Instituto Flores de Lemus (IFL-UC3M)	1,9	2,9	-2,0	2,0	1,7	5,0	4,7
Intermoney	2,2	1,9	-1,1	3,1	2,1	4,7	4,8
La Caixa	1,7	1,6	-1,8	4,3	1,3	4,8	4,0
Repsol	2,0	1,5	0,1	2,8	1,4	6,9	5,3
Santander	2,1	2,0	0,4	4,3	2,1	4,6	5,0
Solchaga Recio & asociados	2,1	1,9	0,0	3,9	1,9	6,2	5,9
Gobierno (sept 2014)	2,0	2,1	-1,0	4,5	1,8	5,2	5,0
Banco de España (xullo 2014)	2,0	1,6	-1,5	4,2	1,4	5,9	4,5
CE (maio 2014)	2,1	1,6	-0,7	4,2	1,6	6,7	5,8
FMI (out 2014)	1,7	1,6	-0,7	2,4	1,2	5,5	4,5
OCDE (sept 2014)	1,6	1,8	-1,5	2,9	1,3	5,9	5,2
Percentil 80	2,2	2,1	0,6	4,2	2,1	6,2	5,9
Percentil 20	1,9	1,6	-1,1	2,8	1,4	4,9	4,7
Mínimo	1,6	1,3	-2,0	2,0	1,2	4,6	4,0
Máximo	2,3	2,9	1,2	4,7	2,2	6,9	6,8
Mediana	2,0	1,9	0,0	3,2	1,7	5,5	5,0
Promedio	1,9	1,8	-0,9	3,6	1,5	5,8	5,1


Fontes: Funcas, OCDE, FMI, Comisión europea, Gobierno de España

Nos gráficos que se mostran a continuación preséntanse estes crecementos desagregados por partidas para ver ata que punto son coincidentes as hipóteses sobre os agregados que compoñen o PIB desde a perspectiva da demanda. Os compoñentes da demanda con maior consenso no seu crecemento son o gasto en consumo final dos fogares e as exportacións. Para as primeiras todos os organismos estiman un crecemento positivo que en media roldará o 1,8% e para as exportación un incremento medio do 5,8%.

Con respecto ás demais previsións, no apartado do gasto en consumo final das administracións públicas, as estimacións do Banco de España e da OCDE, son as que auguran un maior descenso (1,5%, sete décimas máis baixo que a media). Para a formación bruta de capital fixo as previsións dos organismos internacionais, FMI e OCDE, son as que esti-

man un menor crecemento, 2,4% e 2,9% respectivamente, mentres que a estimación do goberno é dun incremento do 4,5%. Por último, as importacións crecerán un 5,1% segundo a estimación media, unha décima superior á do goberno.


Gráfico XI: Previsións PIB España principais analistas.




Fontes: Funcas, OCDE, FMI, Comisión europea, Gobierno de España

Gráfico XII: Desglose previsiones.

Previsión Gasto Consumo Final Fogares 2015




Previsión Gasto AAPP 2015




Fontes: Funcas, OCDE, FMI, Comisión europea, Gobierno de España

Gráfico XIII: Desglose previsiones (continuación)

Previsión Formación Bruta Capital Fixo 2015




Previsión Demanda nacional 2015




Fontes: Funcas, OCDE, FMI, Comisión europea, Gobierno de España

Gráfico XIV: Desglose previsiones (continuación 2)

Previsión Exportacións 2015



Previsión Importacións 2015



Fontes: Funcas, OCDE, FMI, Comisión europea, Gobierno de España

A partir do escenario comentado anteriormente para o conxunto nacional e as previsións de crecemento das principais economías mundiais expostas no apartado da economía internacional, propoñemos o seguinte escenario para o crecemento do PIB galego en 2015. O obxectivo é acadar un crecemento igual ao previsto polo goberno de España para o conxunto nacional. Por tanto o crecemento do PIB galego será do 2,0%. Para o ano 2014 o crecemento será do 0,9%, catro décimas inferior ao incremento medio prognosticado para o conxunto do Estado. No cadro 14 representamos esta previsión desagregada para os compoñentes da demanda.

Cadro XIV: Cadro macroeconómico Galicia.

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %			
	2013	2014	2015
Gasto en consumo final	-2,0	0,4	0,9
- Gasto en consumo final dos fogares e	-2,3	0,2	0,9
- Gasto en consumo final das AAPP	-1,1	0,8	0,8
Formación bruta de capital	-2,7	-0,8	1,5
Achega demanda interna ¹	-2,1	0,2	1,0
Exportación de bens e servicios	11,6	3,9	6,6
Importación de bens e servicios	9,0	2,6	4,9
Produto interior bruto (PIB)	-1,0	0,9	2,0
Produto interior bruto nominal	0,1	1,0	2,6
Emprego. PTETC	-3,6	-0,6	0,9
Taxa de paro²	22,0	21,7	20,1

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa

En liñas xerais, o diferencial negativo que previsiblemente se acadará este ano 2014 con respecto a España estará sustentado, dende a perspectiva da oferta, no peor comportamento do sector industrial e nunha maior caída do sector da construción. Dende a óptica da demanda, espérase unha menor achega positiva de demanda interna que o estimado para o conxunto nacional.

En 2015 o sector industrial recuperarase o nivel de actividade debido á mellora da economía española e a construción diminuirá a súa contracción. Desde a perspectiva da demanda, esperamos un mellor comportamento do gasto das administracións e das exportacións que a nivel nacional, o primeiro como consecuencia do menor axuste das contas públicas na nosa comunidade e o segundo debido ao incremento do comercio co resto de España. A achega da demanda interna será inferior que para o conxunto do

Estado, 1,0 punto en Galicia e 1,5 puntos porcentuais para o conxunto nacional utilizando a media das previsións do goberno, Banco de España, OCDE, FMI e CE ou 1,8 puntos porcentuais se recorremos ao dato do goberno actualizado a finais de setembro. En cambio, as exportacións crecerán a un ritmo superior en Galicia debido a que unha elevada porcentaxe delas corresponden ao comercio co resto de España, que medrarán a un maior ritmo debido ao dinamismo da demanda a nivel nacional.

Detállase a continuación, para os principais agregados da demanda, o cadro macroeconómico para o ano 2015 que configuran o crecemento do 2,0%.

1.- O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro crecerá un 0,9%. Esta compoñente de demanda iniciou na primeira metade do ano 2014 unha pequena recuperación despois de cinco anos con taxas negativas. No conxunto do ano 2014 espérase un moderado incremento do gasto privado, 0,2% e no 2015 consolidarase a recuperación deste, cun crecemento do 0,9%; os aspectos que contribúen positivamente son a maior confianza dos consumidores pola recuperación do mercado de traballo e a contención dos prezos, que permitirán un incremento da renda dispoñible dos fogares; ademais, o menor nivel de débeda axudaría para manter o nivel de gasto.

2.- O gasto en consumo final das administracións públicas crecerá un 0,8%. As restricións do gasto para cumprir os obxectivos de déficit limitarán o crecemento desta variable, pero Galicia non debería necesitar facer maiores axustes nas contas públicas para cumprilo.

3.- A formación bruta de capital crecerá un 1,5% en 2015 o que supón superar en 2,4 puntos o descenso do ano anterior. Este dato positivo viría explicado polo incremento da inversión pública, principalmente en infraestruturas. A inversión en bens de equipo verase favorecida pola melloría das expectativas das empresas e das condicións financeiras. Ademais, tanto a edificación residencial como a non residencial comeza a mostrar leves signos de mellora e espérase unha lenta recuperación da actividade, limitada polo elevado stock de vivendas sen vender.

4.- A demanda externa neta achegará 1,0 puntos ao crecemento do PIB, tres décimas máis que o aportado por este agregado en 2014. Esta achega producirase como consecuencia dun aumento das exportacións do 6,6% e das importacións do 4,9%. A mellora da competitividade da nosa economía e a recuperación do comercio e da economía mundial, exercerá un impulso positivo nas exportacións; ademais, o importante incremento da

demanda interna española, impulsada polo maior dinamismo dos seus principais compoñentes desempeñará un efecto positivo sobre as exportacións ao resto das comunidades autónomas. As previsións do FMI, da OCDE e da Comisión Europea indican unha mellora da demanda interna das principais economías mundiais, a modo de exemplo expoñemos os datos das principais economías no cadro 15 segundo as previsións da Comisión Europea, FMI e da OCDE.

Cadro XVI: Previsións macro2015 economías avanzadas.

Previsións macroeconómicas 2015. Demanda nacional. Taxas de variación interanual en %			
	FMI (outubro 2014)	OCDE (maio 2014)	Comisión Europea (maio 2014)
Área Euro	1,0	1,4	1,7
Francia	0,6	1,4	1,7
Alemania	1,4	2,5	2,2
Italia	0,5	0,8	1,3
Portugal	--	0,5	0,8
España	1,2	0,5	1,6
Reino Unido	2,6	2,6	2,4
Estados Unidos	3,2	3,9	3,5
Xapón	0,6	1,0	0,9

FONTES: FMI, OCDE e Comisión Europea

Polo que respecta ás importacións, o crecemento do 4,9% susténtase no crecemento da actividade económica da nosa comunidade que requirirá un maior dinamismo neste apartado para surtir a demanda intermedia e a final.

5. Por último, a taxa de paro situarase no 20,1%, 1,6 puntos por debaixo da taxa de 2014 e 2,8 puntos por debaixo do esperado para España segundo o Goberno. Un incremento do emprego, medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo, despois de seis anos de destrución de emprego e un descenso da poboación activa (arredor do 1,0% de descenso), levaríanos a esta taxa..

I.6. O ESCENARIO FINANCEIRO. SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA.

Se unha característica pode definir a situación dos mercados segundo foi avanzando o período 2012-2014 é a da progresiva normalización das condicións financeiras tralos fortes episodios de inestabilidade que caracterizaron os caracterizaron durante os anos seguintes o inicio da crise financeira, fundamentalmente 2010 e 2011.

Deste xeito, se o ano 2012 trouxo unha certa estabilidade na situación dos mercados financeiros, non exenta de dificultades, con aparición de novos episodios de incerteza e volatilidade, no ano 2013 pódese falar dunha mellora nas condicións destes mercados financeiros.

Seguindo nesta mesma liña, durante o 2014 continuouse coa melloría rexistrada nos meses anteriores, coa apertura total dos mercados, abundante liquidez, descensos continuados nas rendibilidades dos soberanos e avances significativos nos principais índices bolsistas.

España non foi allea a esta melloría, apoiada nunha mellora das expectativas de crecemento económico e no efecto das medidas adoptadas polo BCE. Esta melloría nas condicións de financiamento notáronse fundamentalmente no sector público e nas grandes empresas. Xa que logo, o sistema financeiro presenta un escenario excesivamente fragmentado, onde, tanto as pequenas e medianas empresas como as familias, teñen aínda máis dificultades para acceder ao crédito barato.

Neste período as axencias de cualificación crediticia revisaron al alza o rating da débeda pública soberana española e deuse por finalizado o Programa de Asistencia Financeira a España para la recapitalización de entidades de crédito.

I.6.1. Tipos de referencia

Cadro XVII: Tipos Oficiais de Referencia.

TIPOS DE XURO OFICIAIS DO BANCO CENTRAL EUROPEO						
	2011	2012	2013	2014		
				MARZO	XUÑO	SETEMBRO
Op. principais de financiamento	1,25	0,88	0,25	0,25	0,15	0,05
Facilidade marxinal de crédito	2,00	1,63	0,75	0,75	0,40	0,30
Facilidade de depósito	0,50	0,13	0,00	0,00	-0,10	-0,20

(Datos correspondentes ao final do período considerado)

O contexto macroeconómico dos primeiros meses do ano invitaba a pensar que, se ben a un ritmo algo máis débil do esperado, a recuperación económica na zona euro

comezaba a afianzarse. Porén, os últimos datos de crecemento das súas tres primeiras economías (Alemaña, Francia e Italia) acenderon novamente as alarmas da continuidade no crecemento, sendo necesario esperar a ver os resultados do segundo semestre do ano para apreciar a tendencia real.

A taxa de inflación permaneceu ao longo do período en niveis moi reducidos, incluso con taxas negativas nalgúns intres, e as previsións apuntan a que se manterá nos vindeiros meses lonxe da referencia do 2 % que marca o obxectivo de estabilidade de prezos que rexe a actuación do BCE.

No entorno descrito, incerteza na recuperación económica e baixa taxa de inflación, o Consello de Goberno do Banco Central Europeo, na súa xuntanza de xuño, adoptou un amplo paquete de medidas de relaxación da política monetaria co obxecto de que flúa a liquidez na eurozona.

En concreto, o BCE volveu a rebaxar os tipos de xuro, situándoos ao seus niveis mínimos históricos, de xeito que reduzo o tipo das operacións principais de financiamento en 10 puntos básicos, ata o 0,15%, situando o tipo da facilidade marxinal de crédito no 0,40 % e o tipo da facilidade de depósito en negativo por primeira vez na historia del Eurosistema, -0,10 %. Xunto con esta reducións dos tipos, o BCE tamén adoptou outras medidas de carácter non convencional.

Insistindo na súa política expansiva e ante os preocupantes datos de crecemento nas principais economías da eurozona, na súa xuntanza do 4 de setembro, o BCE decidiu complementar e reforzar o paquete de medidas adoptado no mes de xuño, reducindo novamente en 10 puntos básicos o tipo para as operacións principais de financiamento, a facilidade marxinal do crédito e a de depósito, ata situálas no 0,05 %, o 0,30 % e o -0,2 %, respectivamente. Así mesmo, anunciou o inicio, a partir de outubro, dun programa de compra de bonos de titulización de activos (cuxos activos subxacentes serán créditos ao sector privado non financeiro), e un novo programa de compra de bonos garantidos. Medidas todas estas, orientadas a conseguir que flúa o crédito cara ao sector privado.

I.6.2. Tipos de Xuros Interbancarios

Cadro XVIII: Tipos de Xuros Interbancarios.


TIPOS DE XUROS NA ÁREA DO EURO (PORCENTAXES MEDIOS)					
PERÍODO	EONIA	A UN MES	A TRES MESES	A SEIS MESES	A UN ANO
2011	0,87	1,18	1,39	1,64	2,01
2012	0,23	0,33	0,57	0,83	1,11
2013	0,17	0,21	0,27	0,37	0,54
Mar. 2014	0,19	0,23	0,31	0,41	0,58
Jun. 2014	0,08	0,15	0,24	0,33	0,51
Sep. 2014	0,01	0,02	0,10	0,20	0,36

O mercado interbancario do área do euro comezou o ano cun leve repuntamento dos tipos de xuro, motivado fundamental por un menor exceso de liquidez nos primeiros meses do 2014. Neste sentido o Euribor a un mes, tres meses e un ano pechaba o mes de abril no 0,26%, 0,34% e no 0,62%, respectivamente, o que representa variacións do entorno a 4, 5 e 6 puntos básicos respecto aos niveis rexistrados a finais de decembro do pasado ano.

Porén, trala xuntanza do BCE de principios de maio, o anuncio da disposición da institución monetaria a actuar nas súas vindeiras reunións, interrompiu esta traxectoria ascendente dos tipos de xuros.

Confirmadas as expectativas, tralas xuntanzas de xuño e setembro, os efectos nos mercados interbancarios non se fixeron esperar, provocando un desprazamento cara abaixo da curva de tipos, con caídas nos tipos de xuros do euribor en tódolos prazos, respecto aos niveis rexistrados a finais do segundo trimestre. Desta maneira, o tipo euríbor a un mes situouse a finais de setembro no 0,007%, o tipo a tres meses no 0,083%, e o tipo a un ano no 0,338%.

Gráfico XV: Evolución euribor



Dada a anunciada intención do Banco Central de manter os tipos de xuro nos niveis establecidos durante un período prolongado de tempo, así como continuar coas súas medidas de política monetaria expansivas, invita a pensar nunha estabilización dos tipos nestes parámetros nos vindeiros meses.

1.6.3. Mercado de Débeda Pública

Cadro XIX: Mercado de Débeda Pública.

PERÍODO	ESPAÑA	ITALIA	ALEMAÑA	PRIMA DE RISCO (PUNTOS BÁSICOS)	
				ESPAÑA - ALEMAÑA	
2011	5,46	5,38	2,65		280
2012	5,87	5,49	1,57		430
2013	4,16	4,12	1,85		231
Mar. 2014	3,34	3,39	1,59		175
Jun. 2014	2,71	2,82	1,35		135
Sep. 2014	2,23	2,40	1,00		123


Nos mercados de débeda pública, nun contexto xeral de reducida volatilidade, a estabilidade foi a nota predominante ao longo dos últimos meses.

A pesares de todo, ao longo do ano foronse producindo algúns episodios transitorios de incerteza, como as turbulencias vividas nos mercados de divisas das economías emerxente ou o estoupido do conflito en Ucraína, se ben a incidencia nos mercados de débeda foi máis ben escasa. Por outra parte, as expectativas, finalmente confirmadas, de que o Banco Central Europeo ía a adoptar medidas de estímulo monetario traducíuse nun descenso xeralizado das rendibilidades dos bonos soberanos.

Así, dende comezos de ano, a rendibilidade do bono alemán a 10 anos reduciuse en máis de 100 puntos básicos, dende o 1,94% con que pechaba o ano 2013 ata situarse en niveis mínimos do 0,91% ao finalizar o mes de setembro.

Esta mellora nas condicións favorables nos mercados de débeda permitiron que Grecia lanzase a súa primeira emisión de bonos desde o inicio do programa de asistencia, e tamén facilitaron que Portugal tivese un acceso cómodo aos mercados durante a fase de finalización do seu programa de asistencia.

Gráfico XVI: Comparativa rendibilidade bonos a 10 anos.



Polo que respecta a España, e como xa comentamos anteriormente, a súa débeda soberana viuse especialmente favorecida pola mellora das condicións dos mercados financeiros. As rendibilidades dos bonos a 10 anos de España seguiu unha senda decrecente dende o 4,15% no que pechaba o ano 2013 ata situarse a finais do mes de setembro por

debaixo do 2,1%, isto é máis de 200 puntos básicos de redución en relación ao niveis rexistrados a 31 de decembro do pasado ano.

As favorables condicións do mercado e o crecente interese dos investidores pola débeda pública española permitiron ao Tesouro, ademais dunha redución no custo da débeda, emitir novos instrumentos, como un bono ligado á inflación e unha referencia a 50 anos.

Gráfico XVII: Evolución da prima de risco fronte ao bono alemán.



Tamén as Comunidades Autónomas víronse beneficiadas por esta mellora nas condicións de financiamento. Galicia lanzou no mes de febreiro unha emisión de bonos co tipo de xuro historicamente máis baixo de tódalas emisións realizadas pola Comunidade.

I.6.4. Mercados Bolsistas

Cadro XX: Mercados Bolsistas


ÍNDICES DE COTIZACIÓN BOLSISTAS							
PERÍODO	IBEX 35	EUROSTOXX 50	CAC 40	DAX	FTSE 100	DOW JONES	NIKKEI
2011	9.734,31	2.648,63	3.639,16	6.679,14	5.727,62	12.093,42	9.445,30
2012	7.583,18	2.419,30	3.360,76	6.911,78	5.715,63	13.003,92	9.237,86
2013	9.916,70	3.109,00	4.295,95	9.552,1631	6.749,09	16.576,66	16.291,311
Mar. 2014	10.340,50	3.160,60	4.391,50	9.555,91	6.598,37	16.457,66	14.827,23
Jun. 2014	10.923,50	3.228,24	4.422,84	9.833,07	6.743,94	16.826,60	15.162,10
Sep. 2014	10.825,50	3.067,29	4.416,24	9.474,30	6.622,72	17.042,90	16.173,52
VARIACIÓN ANUAL EN %							
2011	-4,6	-3,2	-1,5	8,4	5,6	14,1	-4,5
2012	-22,1	-8,7	-7,7	3,5	-0,2	7,5	-2,2
2013	21,4	17,9	18,0	25,5	14,4	26,5	56,7
Mar. 2014	30,6	20,4	17,7	22,6	2,9	12,9	19,6
Jun. 2014	40,7	24,0	18,3	23,5	8,5	12,9	10,9
Sep. 2014	17,8	6,0	6,6	10,2	2,5	12,9	11,9

Polo que se refire aos mercados de renda variable, ante un primeiro trimestre do ano de reducida volatilidade, onde as cotizacións bolsistas tiveron un comportamento positivo, con alzas nos principais índices tanto en Europa coma nos Estados Unidos.

Porén, a evolución dos mercados bolsistas en Europa viuse influída nos seguintes meses, primeiro, polas turbulencias rexistradas nos mercados emerxentes, así como polas tensións xeopolíticas en Ucraína e Iraq e, mais recentemente, pola debilidade dalgúns dos datos macroeconómicos publicados e a crecente desconfianza nunha sólida recuperación económica, o que motivou que se produciran correccións importantes a partir do mes de xuño.

Porén, a actuación do BCE, xunto cunha menor inestabilidade política, trouxo novamente a calma aos mercados bolsistas europeos, se ben a recuperación das cotizacións só compensou parcialmente as perdas rexistradas anteriormente.

Gráfico XVIII: Mercados Bolsistas



I.6.5. Mercados de Divisas

Cadro XXI: Mercados de Divisas

TIPOS DE CAMBIO DO EURO (MEDIAS DO PERÍODO)			
PERÍODO	DÓLAR EEUU	IEN XAPONÉS	
2011	1,392	111,02	
2012	1,286	102,62	
2013	1,370	141,68	
Mar. 2014	1,382	141,48	
Jun. 2014	1,359	138,72	
Sep. 2014	1,290	138,39	
% DE APRECIACIÓN SOBRE UN ANO ANTES			
2011	4,9	-4,7	
2012	-7,6	-7,6	
2013	4,5	29,1	
Mar. 2014	6,6	15,0	
Jun. 2014	3,1	8,0	
Sep. 2014	-3,3	4,5	

Polo que respecta ao mercado de divisas, e fronte a un primeiro cuadrimestre do ano de forte posicionamento da moeda europea, no que o tipo de cambio do euro cotizouse por riba dos 1,39 dólares, a partir do mes de maio comeza unha traxectoria descendente na súa cotización, ata acadar os 1,258 dólares a finais de setembro, co que, no conxunto do ano, o euro depreciouse na entorna dun 7,7%.

Gráfico XIX: Mercados de Divisas

Cotización Euro/Dólar



De igual modo, ao longo do ano a moeda europea depreciouse fronte ao len nun 3,1%, cotizando a finais de setembro no 138,11 fronte ao 142,46 co que finalizou o ano 2013.

Gráfico XX: Mercados de Divisas

Cotización Euro/lén



I.7. Reformas e medidas na priorización do gasto: A sostibilidade social e o esforzo investidor.

Todas as análises de perspectiva en Galicia poñen de manifesto os problemas derivados das negativas proxeccións demográficas. Afrontar este reto require aumentar a capacidade de retención e atracción da poboación para o cal e preciso.-

- a) facilitar aos cidadáns o acceso a un traballo de calidade e a oportunidades de desenvolvemento persoal e das iniciativas, no marco dun sistema produtivo e empresarial que compita nun sistema económico global, incidindo na formación e capacitación dos empregados e mellora da calidade dos empregos, nas iniciativas innovadoras, a cultura do risco e de emprendemento empresarial.
- b) mellorar as oportunidades de atopar empregos de calidade, superando os actuais desequilibrios territoriais e manter a calidade da provisión dos servizos básicos esenciais, como son educación, sanidade, e atencións sociais de todo tipo.

Ademais das cualificacións e aptitudes persoais e colectivas, a produtividade debe basearse nun emprego eficiente e sostible dos recursos, naturais marítimos, costeiros, agrogandeiros, forestais, e turísticos, así como duns servizos de mercado, educativos e sanitarios, que faciliten as iniciativas e o liderado nos sectores fortes e competitivos.

Da diagnose da estrutura produtiva de Galicia despréndese a necesidade de lograr un maior grao de integración da economía rexional na economía mundial, unha maior apertura cara ás economías exteriores, que require un esforzo na internacionalización das nosas empresas, especialmente as pequenas e medianas, tanto no terreo comercial como no campo da innovación e da transferencia de tecnoloxías.

Este proceso de integración na cultura da innovación e da internacionalización, chave para acadar o éxito do novo modelo de desenvolvemento, debe implementarse mediante un esforzo sostido a medio prazo, de ahí a súa importancia da súa radicación nas prioridades estratéxicas.

Nesta estratexia, merecen especial atención as actividades relacionadas co cambio climático, o aumento da eficiencia enerxética e o aproveitamento das enerxías renovables, esenciais para conseguir un sistema produtivo competitivo en custes e sostible no tempo, e onde Galicia mostra unha clara potencialidade, como son as enerxías renovables eólica e a procedente de biomasa. Sen esquecer o aforro produto da eficiencia enerxética no consumo doméstico e na loxística de transporte de persoas e mercadorías.

Os Orzamentos Xerais para 2015 serán a base financeira e funcional dun novo Plan estratéxico de Galicia para o período 2015-2020 e que debe ter un triple obxecto.-

- Terminar Galicia no eido da formación bruta de capital fixo e orientar os investimentos hacia o desenvolvemento baseado no coñecemento e o fomento empresarial.
- Por en valor o potencial medioambiental da comunidade autónoma, así como o seu sector primario.
- Consolidar a Galicia do benestar, no que atinxe aos servicios de saúde e benestar.

Estas e non outras deberán ser as claves da creación de emprego e riqueza da Galicia do futuro.

A estos tres grandes eixos de actuación, engadirase outro instrumental, desenvolvemento dunha administración pública de calidade, e de todos eles saíran os obxectivos do novo plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

A base sobre a que se deben asentar estas políticas será un exhaustivo diagnóstico de situación da nosa comunidade autónoma, análise de fortalezas e oportunidades e liñas de actuación para optimizalas.

Todo elo en base a unha envolvente financeira plurianual para a que servirá como punto de partida o orzamento 2015 e que se revisará cada peche de exercicio á vez que se da conta do grao de avance dos obxectivos do Plan.

Os orzamentos de cada exercicio expresarán a programación plurianual do devandito plan e os plans sectoriais que se aproven haberán de estar referidos ao plan estratéxico e garantir o seu encaixe na envolvente financeira.

Vendo a feble saída da recesión das economías europeas, e que os mercados diferenciarán aínda máis e penalizarán aos axentes públicos e privados que non contén con unas finanzas saneadas e solventes, as decisións de gasto nos Orzamentos céntranse non só en escoller moi claramente o que se vai a facer, dentro dos límites de manobra posibles, senón tamén nun enfoque estrutural: a cuestión non se limita a axustar os orzamentos, senón en definir cómo se vai a medrar, en priorizar os recursos entre as diferentes medidas contidas nos obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico.

Conteñen os orzamentos actuacións para fomentar os investimentos en novas tecnoloxías, mellorar o entorno empresarial, o acceso aos mercados e ao financiamento das PEME, e mellorar o ámbito da industria. Un novo modelo no que a industria volva a ocupar un lugar relevante no tecido produtivo, despois do especial protagonismo que nas últimas décadas ocupou exclusivamente a construción.

Piares para a unha nova política industrial son:

- Investimento en innovación, creando condicións para que se empreguen de maneira intensiva tecnoloxías avanzadas de fabricación, políticas industriais sustentables, vehículos limpos, construción sustentable, mercados de produtos biolóxicos, tecnoloxías facilitadores esenciais e redes intelixentes.
- Melloras condicións de mercado. Fomento da competencia e do espírito empresarial, fomento da internacionalización das PEMEs.
- Acceso ao financiamento e aos capitais: mellorar o financiamento, incluíndo os fondos estruturais, o recurso ao BEI, e fondos de capital risco.
- Capital humano e competencias, adaptación ás transformacións industriais, prever onde se poden producir desaxustes entre oferta e demanda laboral.

Na mesma dirección de mostrar aos restantes axentes económicos, e en especial ao sector privado, sinais claras facilitar a toma de decisións a longo prazo e estimular os seus plans de investimento, os Orzamentos teñen priorizado as actuacións máis favorecedoras dunha economía competitiva, inclusiva no plano social e de baixo impacto medioambiental, propiciando nunha mellor xestión dos recursos enerxéticos, auga, aire, terreo e solo, complementando a ampla normativa que sobre ordenación dos espazos e recursos naturais se ven realizando nestes anos, e que abrangue un amplo abano de materias, como o reciclado, auga, aire, terreo e solo, recursos mariños, ordenación do litoral, construción eficiente no aforro da enerxía, mobilidade e transporte.

Os orzamentos, dentro do rigor e a limitada discrecionalidade que impón a limitación dos recursos dispoñibles, constitúense como a ferramenta por excelencia para o despegue económico a largo prazo de Galicia cara o modelo sustentable de crecemento, formulado no PEG. Un plan orientado na estratexia Europa 2020, cunha política de crecemento sostible, integrador e intelixente asumida polo Parlamento de Galicia e coherente coas orientacións da política de desenvolvemento económico implantada para o conxunto da Unión e do Programa Nacional de Reformas en España.

Galicia, que despois de terse beneficiado da solidariedade da Unión a través das achegas provintes das políticas rexionais e de cohesión da Unión Europea, ao abandonar a categoría de rexión en converxencia será canto máis corresponsable no desempeño do seu papel na construción do futuro compartido das rexións europeas.

No terreo das reformas a acometer no ámbito rexional, os Orzamentos recollen determinadas orientacións do gasto en acompañamento de medidas normativas e directrices para mellora da vida dos cidadáns e a preservación do seu benestar, como as garantías sanitarias, incluíndo investimentos sanitarios en hospitais e centros de saúde, a dispoñibilidade do parque de vivendas de protección oficial a disposición de colectivos desfavorecidos, a dotación de novas prazas sociais. No eido do coñecemento, nova normativa para o ensino e introdución das novas tecnoloxías na educación, accesibilidade de todos os galegos á rede, e actuacións sectoriais no turismo, no audiovisual e mellorar o contor-

no dos cascos históricos, reducir o abandono das terras, loita contra o minifundismo, e modernización das explotacións para obter maior valor engadido dos produtos agrícolas, acuícolas e forestais.

Canto ás reformas administrativas, a Lei de Orzamentos contén disposicións de acompañamento para facilitar a xestión dos orzamentos e modular unha política tributaria amigable co crecemento e co sostemento do sector público.

Os orzamentos recollen asemade os esforzos realizados pola administración autonómica para definir un modelo de administración definitivo, non improvisado, reducindo o número de altos cargos e redimensionando os entes públicos dependentes da Xunta.

Galicia ten importantes retos que aborda con rigor financeiro e planificación económica, co obxectivo inmediato de iniciar un periodo de crecemento continuado que permita reducir o desemprego e favorecer a dinamización demográfica de Galicia.

A aplicación desta coordinación na política económica é, por tanto, clara demostración dos resultados positivos do principio de "gobernanza multinivel" que permite mellorar a eficacia e eficiencia do gasto público.

1.7.1. Potenciación da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación

Este é o obxectivo central das bases que perseguen acadar o desenvolvemento económico no curto prazo é un dos obxectivos da estratexia Europa 2020, acadar un crecemento baseado no coñecemento, sostible e respetuoso co medio ambiente e integrador.

Dentro deste obxectivo inclúense as actuacións encamiñadas a o investimento empresarial en innovación e investigación, así coma o fomento e explotación de sinerxias entre os centros tecnolóxicos, as universidades, atraendo talento a Galicia, así como o fomento da transferencia tecnolóxica mediante o desenvolvemento de novos produtos e servizos.

Outra das ramas de actuación dentro deste obxectivo é a baseada no emprego das TIC, en concreto a implantación da rede de banda larga, o desenvolvemento das TIC nas empresas de forma que permitan ofertar unha canle de comunicación e a prestación de servizos eliminando os impedimentos á comercialización dos seus produtos e servizos.

Para emprender unha efectiva modernización da administración pública, e aumentar a eficiencia dos servizos públicos, é preciso aplicar as solucións tecnolóxicas, aproveitando tanto no funcionamento interno das administracións coma nos servizos aos cidadáns a dixitalización e interoperatividade.

Cadro XXII:

Liñas prioritarias para Potenciar a Investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación
Fomento de investimentos de empresas en innovación e investigación
Desenvolvemento de sinerxías mediante colaboración coas Universidades e centros tecnolóxicos
Potenciar a adopción de novas tecnoloxías e fase de transferencia tecnolóxica
Desenvolvemento de novos produtos e servizos
Continuar coa implantación da banda longa
Fomentar o emprego das TIC nas empresas, creando novas canles de distribución de produtos e servizos
Desenvolvemento de novas aplicacións TIC para facilitar o acceso dos cidadáns aos servizos públicos

1.7.2. Fortalecer a rede de infraestruturas de comunicación

As redes de comunicación son o elemento básico para garantir o desenvolvemento da economía ao permitir o fluxos de produtos e servizos.

As actuacións a desenvolver neste eido son a mellora da seguridade da rede viaria de Galicia, mellorando a conservación e o mantemento. A consolidación das redes de "altas prestacións" que garantan un comunicación áxil entre os puntos da comunidade de maior potencial de desenvolvemento.

Fomentar o emprego de medios de transporte alternativos que faciliten a mobilidade metropolitana, e a creación de intercambiadores que permitan unha racionalización do transporte tanto de mercadorías como de viaxeiros, así como un transporte máis limpo, reducindo a contaminación.

Cadro XXIII:

Liñas prioritarias para o reforzo da rede de infraestruturas de comunicación
Consolidación da rede de estradas de "altas prestacións" (VAPs)
Investimento na rede de estradas convencionais, que permita a integración do territorio
Mellora da seguridade vial, fomentando a conservación da rede de estradas
Creación de intercambiadores, como mecanismo eficiente de transporte, tanto de persoas coma de viaxeiros
Fomento de emprego de medios de transporte alternativos, que minimicen o impacto ambiental do desenvolvemento social e económico e reduzan a contaminación
Facilitar a mobilidade metropolitana, e os medios comunicación no rural

1.7.3. Dinamización económica, mellorando o tecido empresarial e industrial

As medidas que se van a desenvolver para a consecución deste obxectivo son as que pretenden fomentar a creación de novas empresas, apoiando os novos proxectos empresariais innovadores. Así como o apoio financeiro ás empresas xa existentes mellorando a súa solvencia e viabilidade no momento de crise polo que están a atravesar.

Axuda ás empresas galegas con produtos competitivos para abrir novos mercados e mantendo a intensidade industrial en Galicia.

Mellora da competitividade das empresas galegas mediante o impulso intensivo das TIC en todas as áreas de negocio, dende a produción á comercialización. En especial, axudar á orientación das empresas galegas aos mercados exteriores e reordenación das diferentes plataformas de impulso.

Cadro XXIV:

Liñas prioritarias para a Dinamización económica, mellorando o tecido empresarial e industrial
Impulso á creación de novas empresas innovadoras
Fomento para o desenvolvemento de novos produtos de alto valor engadido
Mellora da eficiencia da produción e comercialización mediante o emprego das TIC
Facilitar acceso a recursos financeiros, tanto para a creación como para o sostemento das empresas galegas, como "business angels" e instrumentos para pequenos emprendedores, e microcréditos
Aproveitamento da capacidade do sector primario para a definición de novos produtos
Facilitar o acceso das empresas aos mercados internacionais

1.7.4. Mellora dos sectores estratéxicos

Mellorar a capacidade do sector primaria que permita un aproveitamento eficiente dos recursos naturais de Galicia. En concreto fomentar o sector forestal mediante o apoio a creación de novos produtos de alto valor engadido, compatible con un uso racional do contorno natural. Fomento da calidade dos produtos agroalimentarios mediante o fomento do uso das indicacións xeográficas protexidas e marcas de calidade.

Mellorar a planificación da explotación dos recursos mariños, así como investir no desenvolvemento de novos produtos tanto da pesca como da acuicultura.

Fomento de Galicia como destino turístico, tanto a nivel nacional coma internacional. Desenvolvemento da infraestrutura turística de calidade que potencia a Galicia como destino turístico de interese internacional. Aproveitamento dos recursos turísticos mediante a definición de estratexias turísticas diferenciadas.

Cadro XXV:

Liñas Prioritarias para a Mellora dos sectores estratéxicos
Investimento en sistemas produtivos eficientes que garantan a sostibilidade e o respecto do medio ambiente
Mellora da capacidade produtiva do sector forestal
Definición de novos produtos co aproveitamento das capacidades de produción de materias primas
Fomento da garantía da calidade dos produtos
Mellora da planificación da explotación dos recursos da pesca e do marisqueo
Incrementar a capacidade e a comercialización dos produtos da acuicultura
Fomento de Galicia como destino turístico de calidade
Aproveitamento dos recursos turísticos na definición das estratexias de promoción
Mellora das infraestruturas turísticas
Fomento das Industrias culturais galegas e o audiovisual

1.7.5. Formación, capacitación e empregabilidade

Na actual situación pola que está a pasar a economía, tanto española no seu conxunto, como a galega, a xeración de emprego é unha das prioridades do goberno. Neste sentido a mellora da capacidade económica vai a ter un efecto positivo na creación de emprego; porén é necesario adoptar medidas concretas que garantan a empregabilidade dos galegos e que permitan contar cunha man de obra eficiente e cualificada.

Mellorar a empregabilidade dos traballadores galegos mediante a formación en áreas estratéxicas e que se pretenden potenciar, creando unha man de obra eficiente permitindo que unha potenciación dos efectos previstos ao reducir os custos e mellorar a produtividade. É imperativo mellorar as condicións que facilitan o emprego dos traballadores, especialmente dos xoves, o que require intensificar as accións coma a actualización continuada de coñecementos, asistencia aos buscadores de traballo, ou aumento da mobilidade intersectorial.

No campo educativo, é preciso reducir o abandono escolar temperán, e desenvolver sistemas de aprendizaxe continuado, incluíndo os traballadores maiores, e lograr unha maior conexión entre educación e sistemas de aprendizaxe e formación continuada, adecuada ás necesidades dos mercados laborais,

Outras medidas adicionais son as referidas á información sobre ofertas de emprego, fomentando as canles de comunicación que permitan mellorar o mercado de traballo, empregando as TIC para poder cruzar a oferta e a demanda dunha forma áxil e segura.

Incentivación á creación de emprego ou autoemprego, e a creación de empresas como mecanismo de fomento do espírito empresarial; o que vai a permitir o desenvolvemento de novos proxectos.

Cadro XXVI:

Liñas Prioritarias para Formación, capacitación e empregabilidade
Mellorar a empregabilidade dos traballadores mediante aprendizaxe permanente e formación continuada
Incremento da calidade da formación en áreas específicas de desenvolvemento
Fomento do espírito empresarial e do autoemprego
Mellora do emprego das TIC no mercado laboral, facilitando o acceso tanto da oferta como da demanda
Promoción e consolidación de empresas de economía social

I.7.6. Fomento do investimento en infraestruturas sociais

A consolidación do estado do benestar parte dunha infraestrutura básica que permita garantir o acceso e a prestación de servizos a todos os galegos.

No que se refire a infraestruturas da saúde, a mellora e consolidación dos centros de atención primaria así como a mellora dos recursos dispoñibles na atención especializada.

No que a educación se refire, a consolidación da rede de centros públicos, e a mellora dos seus equipamentos, sobre todo no que ao emprego das TIC se refire.


Nas Infraestruturas de atención á infancia, o investimento en novos centros que permita garantir a atención pública a os nenos menores de 3 anos, o que vai a garantir a conciliación da vida familiar e laboral.

Na atención aos dependentes, a mellora das infraestruturas existentes así como o incremento das prazas dispoñibles, garantindo a dignidade e a autonomía das persoas dependentes.

Cadro XXVII:

Liñas prioritarias para fomento do investimento en infraestruturas sociais

- Aumento e consolidación dos centros de atención primaria
- Mellora dos equipamentos de atención especializada
- Consolidación da rede de centros públicos de ensino
- Incremento dos equipamentos e aplicación de TIC dos centros públicos de ensino
- Mellora da capacidade das escolas infantís, que permitan a conciliación da vida familiar e laboral
- Aumento e mellora das infraestruturas destinadas aos dependentes



ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2015


II. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2015

II.1. GRANDES CIFRAS

II.1.1. Evolución do Sistema de Financiamento. Teito de gasto e Capacidade de gasto

Os ingresos procedentes do Sistema de Financiamento, en termos de caixa, cifraranse no ano 2014 en 6.023 millóns de euros.

Gráfico XXI:



Cadro XXVIII. Pagos a conta e liquidacións do sistema de financiamento. Datos en millóns de euros.

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
pagos a conta e liquidacións	4.491	4.701	5.185	5.758	6.149	6.814	7.335	7.439	6.280	6.071	6.080	6.210	5.999	6.233
Var absoluta		210	484	573	391	665	521	104	-1.159	-209	9	130	-211	234
% variación		4,7%	10,3%	11,1%	6,8%	10,8%	7,6%	1,4%	-15,6%	-3,3%	0,1%	2,1%	-3,4%	3,9%


A evolución do sistema de financiamento nos últimos 12 anos pon de manifesto que mentres no período 2002 – 2009 producíronse incrementos constantes no mesmo (case 3.000 millóns de euros máis en 2009 respecto ao ano 2002, un incremento medio anual dun 7,5%) a partir do ano 2010 a súa evolución muda radicalmente, en dito ano prodúcese unha caída duns 1.159 millóns de euros, un 15,5% menos e a partir de dito ano os ingresos procedentes do sistema de financiamento sitúanse no entorno dos 6.000 millóns de euros voltando as niveis do ano 2006. No exercicio 2015 o aumento de recursos ven dado por unha banda pola mellora dos pagos a conta e liquidacións previstos (o que supón 112,9 millóns de euros) e por outra, polo aprazamento da devolución das liquidacións negativas en dez anos adicionais o que supón 121 millóns de euros.

O teito de gasto fixado, en aplicación da Lei 2/2011, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, foi autorizado polo Consello da Xunta o día 1/8/2013, e aprobado o 2/8/2013 polo Parlamento de Galicia, estableceuse en 8.436 millóns de euros.

O importe de gasto non financeiro consignado nos orzamentos para 2014 é de 8.435 millóns de euros, cifra que acada o teito de gasto e resulta algo inferior á do ano 2006, tal e como se comproba na gráfica seguinte:

Gráfico XXII

TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS



O gasto non financeiro consolidado de 2015 supón unha suba do 0,54% en relación ao orzamento de 2014, 44 millóns de euros.

II.1.2. Ingreso consolidado.

Os ingresos totais nos Orzamentos Xerais para 2015 ascenden a 9.790 millóns de euros, dos que os ingresos non financeiros ascenden a 8.076 millóns de euros, e os ingresos financeiros a 1.714 millóns de euros, segundo o seguinte detalle por capítulos:

Cadro XXIX. Cadro de Ingresos do orzamento consolidado.

Capítulos		Distribución económica				Variación 2015/2014		Valor Relativo	
		2014	2015	Importe	%	2014	2015		
I	Impostos directos	1.937	2.020	82	4,3	18,8	20,6		
II	Impostos indirectos	3.133	3.118	-16	-0,5	30,5	31,8		
III	Taxas, prezos e outros ingresos	166	177	11	6,9	1,6	1,8		
IV	Transferencias correntes	1.953	2.168	215	11,0	19,0	22,1		
V	Ingresos patrimoniais	24	19	-5	-21,5	0,2	0,2		
OPERACIÓNS CORRENTES		7.214	7.501	287	4,0	70,2	76,6		
VI	Alleamento de investimentos reais	13	10	-2	-19,4	0,1	0,1		
VII	Transferencias de capital	528	564	37	6,9	5,1	5,8		
OPERACIÓNS DE CAPITAL		541	575	34	6,3	5,3	5,9		
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		7.754	8.076	322	4,1	75,4	82,5		
VIII	Activos financeiros	19	14	-5	-26,0	0,2	0,1		
IX	Pasivos financeiros	2.507	1.700	-808	-32,2	24,4	17,4		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		2.527	1.714	-813	-32,2	24,6	17,5		
Total		10.281	9.790	-491	-4,8	100,0	100,0		

Da análise dos ingresos non financeiros obsérvase un aumento das transferencias correntes do 11% a maior parte correspondentes a transferencias do sistema de financiamento e do capítulo III, o 6,6% e I o 4,3%, estas compensase parcialmente cos capítulos II e V, de forma que o total dos ingresos non financeiros son superiores aos de 2014 nun 4%.

Por outra banda, os ingresos financeiros baixan un 32,2% respecto do 2014, principalmente debido ao capítulo IX, dado unha forte diminución das necesidades de amortización de capital e do endebedamento neto (máis de 265 millóns de euros) respecto ao exercicio anterior.

II.1.3. Aumento do gasto non financeiro nun 0,5%

O gasto consolidado para 2015 acada a suma de 9.790 millóns de euros, 8.435 non financeiro e 1.355 financeiro, detallándose a clasificación económica do mesmo na táboa seguinte:

Cadro XXX: Cadro de Gasto do orzamento consolidado.

Capítulos		2014	2015	Variación 2015/2014		Valor Relativo	
				Importe	%	2014	2015
I	Gastos de persoal	3.367	3.382	15	0,4	32,7	34,5
II	Gastos en bens correntes e servizos	1.364	1.388	24	1,7	13,3	14,2
III	Gastos financeiros	352	336	-16	-4,5	3,4	3,4
IV	Transferencias correntes	1.941	1.960	19	1,0	18,9	20,0
OPERACIÓNS CORRENTES		7.024	7.066	42	0,6	68,3	72,2
V	Fondo de continxencia	105	125	20	19,3	1,0	1,3
VI	Investimentos reais	667	698	31	4,7	6,5	7,1
VII	Transferencias de capital	595	546	-49	-8,2	5,8	5,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.262	1.244	-17	-1,4	12,3	12,7
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		8.390	8.435	45	0,5	81,6	86,2
VIII	Activos financeiros	140	147	6	4,5	1,4	1,5
IX	Pasivos financeiros	1.750	1.208	-542	-31,0	17,0	12,3
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		1.891	1.355	-536	-28,3	18,4	13,8
Total		10.281	9.790	-491	-4,8	100,0	100,0

Tendo en conta os orzamentos de 2014, o gasto non financeiro aumenta en 44 millóns de euros, o que supón unha variación do 0,5%.

II.1.4. Suba do aforro bruto e do saldo primario pola mellora do ingreso corrente

Malia que o gasto corrente sube en 42 millóns de euros, o aforro por operacións correntes sitúase en 435 millóns de euros, aumentando en 245 millóns con respecto ao orzamento do ano 2014, debido á suba dos ingresos correntes, causada á súa vez pola mellora do cadro macroeconómico e polo aprazamento das liquidacións negativas a 20 anualidades.. Considerando as operacións financeiras, o aforro por operacións correntes primario é de 771 millóns.

Cadro XXXI. Aforro Bruto e primario por operacións correntes

Operacións Correntes	2014	2015	Var. 2015/2014	
			Importe	%
Ingresos	7.214	7.501	287	4,0
Impostos directos	1.937	2.020	82	4,3
Impostos indirectos	3.133	3.118	-16	-0,5
Taxas, prezos e outros	166	177	11	6,9
Transferencias corren	1.953	2.168	215	11,0
Ingresos patrimoniais	24	19	-5	-21,5
Gastos	7.024	7.066	42	0,6
Gastos de persoal	3.367	3.382	15	0,4
Gastos en bens corren	1.364	1.388	24	1,7
Gastos financeiros	352	336	-16	-4,5
Transferencias corren	1.941	1.960	19	1,0
Aforro Bruto	190	435	245	129,2
Gastos financeiros	352	336	-16	-4,5
Saldo Primario	542	771	0	42,3

II.1.5. Formación de capital: 669 millóns de euros

Os ingresos por operacións de capital supoñen 575 millóns de euros, en tanto que os gastos neses capítulos ascenden a 1.244 millóns, reducíndose nun 1,4% con respecto a 2014.. A formación de capital alcanza aos 669 millóns de euros, descendendo nun 7,2% con relación ao orzamento axustado de 2014.

Cadro XXXII. Formación de capital

Operacións de Capital	2014	2015	Var. 2015/2014	
			Importe	%
Ingresos	541	575	34	6,3
Alleamento de investimentos reais	13	10	-2	-19,4
Transferencias de capital	528	564	37	6,9
Gastos	1.262	1.244	-17	-1,4
Investimentos reais	667	698	31	4,7
Transferencias de capital	595	546	-49	-8,2
Formación de Capital	721	669	-52	-7,2

II.1.6. Fondo de continxencia: 125 millóns de euros

No ano 2012 mudouse a regulación do fondo de continxencia en adaptación do disposto no artigo 31 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade

financeira. O desenvolvemento do anterior precepto pola administración financeira de Galicia obriga a dotar un fondo que acade o 2% dos fondos propios do orzamento consolidado adicado a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicial, que poidan presentarse ao longo do exercicio (permite financiar sen xerar déficits adicionais as incorporacións de crédito e ampliacións de crédito que xurdan durante o exercicio, así como as de posibles créditos extraordinarios ou suplementos de crédito) ademais se dota de maior transparencia ao seu movemento ao ser obligatoria a comunicación das súas disposicións ao igual que o resto das modificacións orzamentarias.

A dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, realizouse gradualmente dende o exercicio 2013 para acadar o seu importe legal neste último exercicio. Para o ano 2015 acadase a porcentaxe mínima e, con carácter excepcional, e poderá empregarse para financiar os desaxustes que puideran xurdir no capítulo I.

A dotación do fondo repártese entre o SERGAS (72 Millóns de euros) e administración xeral (53 Millóns de euros).

Cadro XXXIII. Evolución do fondo de continxencia

OPERACIÓNS DE CAPITAL	2014	2015	Var. 2015/2014	
			Importe	%
Fondo de continxencia	105	125	20	19,3

II.1.7. Necesidade de Financiamento axustada á senda de consolidación fiscal: 403 millóns de euros

A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2015 é de 359 millóns de euros. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, a necesidade de financiamento supón os 403 millóns de euros.

Os axustes de contabilidade nacional pasan a ser negativos no presente exercicio pola minoración do axuste correspondente ás liquidacións negativas do sistema de financiamento, xa que ao aplazar dez anos máis a súa devolución, a comunidade autónoma pasa de devolver 206 millóns de euros ao ano a 85 millóns de euros anuais.

O obxectivo foi obxecto de informe favorable do Consello de Política Fiscal e Financeira no seu pleno de 31 de xullo de 2014, ao abeiro do establecido no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. A necesidade de financiamento máxima para as comunidades autónomas foi o 0,7% do PIB para 2015,, é dicir tres décimas menos ou 172 millóns de euros de capacidade de endebedamento.

Cadro XXXIV. Necesidade de financiamento orzamentaria en termos de CN

Orzamento en Termos de Contabilidade Nacional	2014	2015	Var. 2015/2014	
			Importe	%
Ingresos correntes	7.214	7.501	287	4,0
Gastos correntes	7.024	7.066	42	0,6
Aforro Bruto Orzamentario	190	435	245	129,2
Fondo de continxencia	105	125	20	19,3
Ingresos de capital	541	575	34	6,3
Gastos de capital	1.262	1.244	-17	-1,4
Gastos de Operacións de Capital	-721	-669	52	-7,2
Déficit Orzamentario Non Financeiro	-636	-359	277	-43,5
<i>Liquidacións negativas do sistema de financiamento</i>	206	85	-121	-58,8
<i>Outras unidades consideradas AA.PP.</i>	-107	-86	21	-19,9
<i>Recadación incerta</i>	-35	-35	0	0,0
<i>Intereses devindicados</i>	-10	-10	0	0,0
<i>Outros axustes</i>	7	2	-5	-71,4
Total axustes Contabilidade Nacional	61	-44	-105	-172,0
Necesidade de financiamento	575	403	-172	-29,9

II.1.8. Principais Políticas de Gasto Priorizadas no Orzamento 2014

Se ben o orzamento total non medra respecto ao do ano pasado, esta minoración é debida basicamente a os menores gastos financeiros, tanto no que atinxe á amortización de débeda como a pago de xuros.

Se queremos coñecer as disponibilidades financeiras reais para de gasto das Conselle-rías, habería que deducir da contía total do orzamento consolidado 9.790 millóns de euros os importes adicados a financiar o servizo da débeda e outras administracións (entes e órganos estatutarios, financiamento local e sistema universitario), o gasto dispoñible para o desenvolvemento das políticas de gasto das consellerías, recollidas nos capítulos I a VIII queda entón en 7.747 millóns de euros, sesenta e cinco millóns máis que no 2014.

Cadro XXXV:


Capacidade de gasto				
Dispoñibilidades Financeiras para Políticas de Gasto das Consellerías	2014	2015	Var. 2015/2014	
			Importe	%
Orzamento total	10.281	9.790	-491	-4,8
- Financiamento administracións locais	124	124	0	0,0
- Servizo da débeda	2.071	1.515	-556	-26,8
- Plan financiamento Universidades SUG	375	375	0	0,0
- Organos estatutarios e consultivos	29	29	0	0,1
Capacidade de gasto Consellerías	7.682	7.747	65	0,8

II.1.9. Crecente relevancia do Gasto Social

Os servizos públicos básicos deben manterse en niveis de calidade, contribuíndo á igualdade de oportunidades e paliar os efectos da crise económica sobre as familias e os cidadáns, os recursos dedicados aos obxectivos estratéxicos e as Consellerías relacionadas co benestar social, educación, sanidade e asistencia social e dependencia gañan peso específico nos sucesivos orzamentos, pasando de representar o 77,1% en 2013 ao 78,3%, aumentando 1,2 puntos porcentuais.

Gráfico XXIII:

PESO DO GASTO SOCIAL



Dende 2006, ano no que representaba o 68,2% do gasto orzamentado, o gasto social supón máis do 70% do gasto total, medrando máis de 10 puntos durante cinco anos consecutivos.


Compre salientar o esforzo realizado para manter e aínda incrementar importantes partidas de gasto relacionadas coa inclusión social e a educación, como son as adicadas á RISGA e emerxencia social, dependencia, comedores escolares, e o mantemento de outras como as becas universitarias.

Cadro XXXVI:

	2009	2014	2015	Var. Absoluta 2015 - 2014	Variación % 2015 - 2009	M€
Dependencia	137,6	278,2	298,4	20,3	116,9%	
RISGA	22,8	39,7	47,7	8,0	109,6%	
Emerxencia Social	2,9	4,5	4,5	0,0	55,2%	
Comedores Escolares	18,7	28,8	28,8	0,0	53,5%	
Total	182,0	351,2	379,4	28,2	108,4%	

Gráfico XXIV:

Dependencia




II.1.10. Mantense o financiamento adicional da Administración Local

Malia que a aplicación da porcentaxe pactada na reforma do FCL no 2010 do 2,35% dos recursos tributarios homoxeneizados supón unha contía inferior (108 millóns de euros), garantese o solo dos 113 millóns de euros.

A comunidade autónoma garante un financiamento estable ás corporacións locais, compensandoa con axustes nos orzamentos das consellerías. Así, de novo os Orzamentos Xerais para 2015 destinan 124,4 millóns € para Financiamento Local: 113,0 millóns para entregas do FCL e 11,5 do Fondo de Compensación Ambiental.

Gráfico XXV:




Desde o ano 2010, e coa finalidade de apoiar aos Concellos nas actuacións en contra da crise e a favor dos cidadáns, a Comunidade Autónoma blindou o financiamento local, por iso, aínda que as dispoñibilidades financeiras da comunidade autónoma son manifestamente inferiores ás do 2010, mantense o financiamento incondicionado das corporacións locais inalterado.

II.1.11. Financiamento das Universidades

Para 2015, o novo modelo de financiamento supón, para as tres Universidades de Galicia, un monto de 374,7 millóns €.

Gráfico XXVI:



Mantense o importe total no último ano de aplicación do vixente plan de financiamento.

Debe facerse notar que, tal e como reflicte a gráfica anterior, se non se tivese en conta o axuste retributivo e a suba das taxas universitarias, o importe do financiamento das universidades situaríase en 393,2 millóns de euros, en niveis similares aos dos cursos precedentes.

II.1.12. Investimento en I+D+i

A implantación do novo modelo de crecemento baseado na innovación implica un aumento progresivo das dotacións nesta política de gasto a medida que se vaia desenvolvendo a estratexia RIS3 de Galicia (Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia).

A priorización dimanante da análise de necesidades na elaboración da estrateRIS3 de Galicia foi a base para a definición dos que denominan “Retos Estratéxicos da RIS3 Galicia”

que pivotarán sobre tres eixos en estreita relación coas prioridades definidas na Estratexia Europa 2020, que están relacionadas con acadar un crecemento sostible, intelixente e integrador:

- i. Modernización das Actividades Tradicionais caracterizadas por unha utilización intensiva dos recursos endóxenos cara a un crecemento sostible.
- ii. Hibridación tecnolóxica das Actividades económicas características da especialización produtiva galega, caracterizadas por unha intensidade tecnolóxica medio-baixa, cara a un crecemento intelixente.
- iii. Reforzamento das áreas de excelencia na xeración de coñecemento, cara a un crecemento integrador.

Este marco complétase cunha aplicación aos tres eixos das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais [TFEs], que actuarán como mecanismo de fertilización cruzada transversal ao conxunto de áreas de actividade económica asociadas a este marco de actuación.

Inclúese a continuación a formulación para os tres retos estratéxicos definidos segundo se describe na metodoloxía do proceso RIS3 Galicia:

Reto 1:

Novo modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación

Modernización dos sectores tradicionais galegos a través da introdución de innovacións que incidan no melloramento da eficiencia e rendemento no uso dos recursos endóxenos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido en actividades enerxéticas; acuícolas; farmacolóxicas; cosméticas; alimentarias; e culturais.

Reto 2:

Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento

Aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia, a través da hibridación e as Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais.

Reto 3:


Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación

Posicionar Galicia para o ano 2020 como a rexión líder no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados cun modelo de vida saudable -envellecemento activo, a aplicación terapéutica de recursos hídricos e mariños e a nutrición funcional-.

Cadro XXXVII:

	2014	2015	Variación % 2015 - 2014
Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento	46,5	51,9	11,7%
Investigación universitaria	28,4	29,6	4,2%
Investigación sanitaria	1,2	1,2	-
Total	76,1	81,5	7,1%

Gráfico XXVII:



II.1.13. Dinamización do tecido empresarial

Durante 2015 continuarase a despregar a Estratexia de internacionalización, e o apoio á cooperación empresarial para a exportación. Tamén realizaranse actuacións de captación de investimentos exteriores.

Este traballo de cooperación co tecido empresarial e busca de novos mercados para os produtos galegos combírase coa busca de canles alternativos ao financiamento bancario das PEMES, ben desenvolvendo instrumentos financeiros propios ben fondeando outros conxuntamente con outras administracións e institucións financeiras.-

Na coxuntura actual todas as institucións financeiras están a reducir de xeito importante a concesión de crédito, afectando especialmente ás PEMES. Así, son habituais tipos de interese para PERMES que duplican aos das grandes empresas, prazos de amortización inferiores e esixencia de avais e outras formas de garantía que os pequenos e medianos empresarios non poden afrontar.

Á vista desta situación, no seo do proceso de programación dos novos fondos FEDER para o período 14-20, a comunidade autónoma de Galicia xunto con outras administracións autonómicas, o goberno de España, a Comisión Europea e o BEI xustificaron e acordaron a creación dun instrumento financeiro para facilitar o acceso ao financiamento das PEMES.

O instrumento financeiro "Iniciativa PEME" ten os seguintes resultados esperados:

Facilitar o acceso ao financiamento das PEMES a través da aplicación dun instrumento de garantía ou un instrumento de titulización

- Apoiar o crecemento e a consolidación de PEME existentes e viables mediante o financiamento da súa expansión, a realización de novos proxectos de investimento, a penetración en novos mercados ou o desenvolvemento de novos produtos e o fortalecemento das súas actividades xerais, incluída no financiamento do capital circulante nos termos que se definan.

- Apoiar o establecemento de novas empresas, mediante o financiamento de capital semilla, start up e ás ampliacións de capital.

Con todo elo pretendense mobilizar arredor de 60 millóns de euros a PEMES Galegas (con aportación de fondos BEI, Horizonte 2020, COSME e FEDER dos participantes).

Ademais o IGAPE seguirá a xestionar o seu propio instrumento financeiro, dotado inicialmente con 10 millóns de euros, ao que non se desbota realizar novas aportacións en función da demanda.

Por último no 2015 deberán deseñarse e lanzarse os instrumentos financeiros do novo programa operativo de Galicia FEDER 14-20, nos que figuran consignados 65 millóns de euros para adicar a instrumentos financeiros.

II.1.14. Políticas activas no mercado de traballo

O programa de mellora da empregabilidade incrementábase case nun 35%, adicando 197 M€ para mellorar a cualificación dos traballadores e a empregabilidade e 17 M€ para o fomento do traballo autónomo e do emprendemento.

Compre salientar os 20 M€ da iniciativa de emprego xove, destinados a desenvolver a aplicación da garantía xuvenil aos mozos galegos. O programa de emprego xove, ten como finalidade última acadar unha redución importante na taxa de desemprego xove a través da mellora das cualificacións, e do fomento da contratación e do autoemprego da poboación xove.

Dadas as altas taxas de desemprego xuvenil estase acelerando a implantación do mesmo para que entre en vigor a finais de 2014. Este programa conta con fondos específicos da Unión Europea, con fondo social europeo e fondos propios das comunidades autónomas e da administración xeral do estado.

II.1.15. Investimento con perspectiva territorial

A distribución provincial dos investimentos recollidos dos capítulos VI e VII e os investimentos dos Organismos mostran o carácter de reequilibrador dos orzamentos, cunha discriminación positiva a favor das provincias de Lugo e Ourense, que reciben uns investimentos per-cápita de 728 €/hab. e 704 €/hab. respectivamente, fronte aos 478 €/hab. e 484 €/hab. para A Coruña e Pontevedra, constituíndo a distribución territorial un elemento compensatorio da situación máis desfavorable en canto a renda e poboación.

Cadro XXXVIII:

Provincias	Capítulos VI, VII, VIII e Financiamento Específico
A CORUÑA	456,5
LUGO	253,1
OURENSE	219,7
PONTEVEDRA	378,3

Gráfico XXVIII:



II.1.16. *Novas Medidas Tributarias*

As medidas tributarias que entran en vigor para o exercicio 2015, continuando coa liña mantida en exercicios precedentes, teñen por obxectivo introducir beneficios fiscais para o fomento da natalidade e o coidado de fillos, a rebaixa da tributación efectiva do sector do transporte profesional no imposto sobre hidrocarburos e a potenciación do uso das enerxías renovables así como o fomento da actividade de I+D+i.

Por outra banda, créase o Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro, orientado a compensar as externalidades negativas xeradas polas actividades de extracción, explotación e almacenamento de minerais metálicos.

No Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas modifícase a dedución xa existente por nacemento e adopción de fillos, coa finalidade de ampliar o seu importe de 360 a

1.200 euros e a 2.400 euros, segundo se trate do segundo ou terceiro fillo e seguintes respectivamente, para o caso de que a base imponible menos os mínimos persoal e familiar fose menor ou igual a 22.000 euros.

Asimesmo incrementase o límite da dedución por cuidados de fillos menores dende 400 a 600 euros cando estes sexan dous ou mais. Tamén se modifica a dedución por aluguer de vivenda, duplicándoa no caso de que o contribuínte tivese dous ou mais fillos menores de idade.

Ademais, modifícase a dedución por investimento na adquisición de accións e participacións sociais en entidades novas ou de recente creación, co obxecto de dar cabida as cooperativas, esixindo os mesmos requisitos establecidos para as restantes entidades comprendidas na dedución.

Por último, engádense dúas novas deducións neste imposto: A primeira consiste nunha dedución pola realización de doazóns que teñan por finalidade a investigación e desenvolvemento científico e a innovación tecnolóxica. A segunda establécese para a instalación na vivenda habitual de sistemas de climatización e/ou auga quente sanitaria nas edificacións que empreguen fontes de enerxía renovables

No Imposto sobre Hidrocarburos elévase o importe da devolución a 48 euros por cada 1.000 litros, co obxecto de permitir ao sector do transporte profesional (titulares dos vehículos destinados ao transporte de mercancías e pasaxeiros por carreteira, incluídos os taxis) obter a devolución da totalidade do imposto satisfeito, pasando a ter unha tributación efectiva máis baixa dende que se estableceu o imposto en 2001.

Introdúcese un novo imposto, o Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro (ICAM), de carácter extrafiscal e finalista co obxecto de internalizar o custo medioambiental derivado da actividade mineira metálica desenvolvida no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, incentivar a aplicación das melloras técnicas, ferramentas e prácticas de xestión ambiental polo sector mineiro galego, promover a investigación e desenvolvemento de procesos mineiros máis eficientes dende o punto de vista ambiental e incentivar que a restauración das superficies e solos afectados se produza de maneira rápida.

Finalmente fanse modificacións de carácter técnico no Imposto sobre a Contaminación Atmosférica, para actualizar os métodos de determinación da base e dos tributos sobre o xogo, para unificar os criterios na aplicación destas figuras tributarias cando as circunstancias concorrentes no desenvolvemento do xogo sexan coincidentes ou moi semellantes.

II.1.17. Distribución por Consellerías e Organismos Estatutarios

O cadro recollido a continuación mostra as variacións do orzamento total de cada sección de gasto, como pode verse salvo a subida de Vicepresidencia por mor das obras en infraestruturas xudiciais, as variacións das consellerías son modestas el liña coa evolución do orzamento consolidado.

A este respecto, compre sinalar que o aumento real do orzamento da vicepresidencia é dun 8,4%, a diferenza respecto da porcentaxe do cadro é debida a unha modificación nos criterios de orzamentación de dúas partidas que tradicionalmente estaban en bolsas na sección 23 (6 millóns correspondentes ao persoal de xustiza e 11 millóns do fondo do compensación ambiental, a primeira orzamentase correctamente despois do proceso de correcta valoración dos postos do persoal de xustiza que figuraba nunha plantilla e non en relación de postos de traballo dende o seu traspaso á comunidade autónoma e a segunda pasa a os capítulos 4 e 7 dende o inicio do exercicio para unha xestión máis axil das ordes de subvencións polas que se distribue o fondo).

Compre sinalar en coherencia co sinalado anteriormente, a blindaxe de sanidade e educación e o crecemento de traballo e benestar, causado polo aumento dos recursos adicados a políticas de formación activas, emprego xuvenil e autónomos. Tamen aumentan as dotación en benestar encamiñadas a paliar os efectos da crise nos que máis o necesitan como a Risga e os gastos en Dependencia.

Resulta salientable o crecemento de MATI e Industria, non pola contía senón porque por vez primeira dende que comezou o axuste orzamentario pola crise non minoran o seu orzamento. Por tanto medran as consellerías que deben apoiar as políticas de fomento de saída da crise e de creación de emprego xunto con traballo.

A minoración de medio rural, é debida basicamente ao esgotamento dos fondos europeo da pesca do periodo 07-13, a á non presentación aínda do programa operativo 14-20 por parte da administración xeral do estado, dado o retrase co que o parlamento europeo aprobou o seu marco financeiro definitivo (a pasada primaveira).

Cadro XXXIX:

Consellerías e Organos Estatutarios	2014	2015	Var. 2015-2014		M€
			Absoluta	Porcentual	
- Parlamento	18,0	18,0	0,0	0,0%	
- Consello de Contas	6,5	6,4	0,0	-0,5%	
- Consello da Cultura galega	2,4	2,4	0,0	0,0%	
- Presidencia da Xunta	159,7	156,3	-3,4	-2,1%	
- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza	204,1	238,3	34,2	16,8%	
- Consellería de Facenda	50,8	50,2	-0,6	-1,1%	
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	395,6	401,5	5,9	1,5%	
- Consellería de Economía e Industria	164,4	165,0	0,7	0,4%	
- Consellería de Cultura, Educación e O.U.	2.146,5	2.147,1	0,6	0,0%	
- Consellería de Sanidade	3.398,0	3.409,6	11,6	0,3%	
- Consellería de Traballo e Benestar	727,0	743,1	16,1	2,2%	
- Consellería de Medio Rural e do Mar	583,0	569,7	-13,3	-2,3%	
- Consello Consultivo de Galicia	2,0	2,0	0,0	2,5%	
- Transferencias a Corporacións Locais	113,0	113,0	0,0	0,0%	
- Débeda pública da comunidade autónoma	350,4	334,7	-15,8	-4,5%	
- Gastos de diversas Consellerías	69,0	78,0	9,0	13,0%	
Total xeral	8.390,5	8.435,4	44,9	0,5%	

II.2. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS PARA 2015.

A asignación financeira dos Orzamentos Xerais para 2015 rexiuse pola cobertura das necesidades recorrentes dimanantes do funcionamento dos servizos públicos e polas prioridades de gasto atendendo aos eixes e obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 Horizonte 2020.

En efecto, dada a perspectiva a medio prazo da priorización estratéxica e que o novo plan extratéxico será plenamente coherente co que remata no 2014, seguiuuse empregando este como referencia. Ademais como o plan estratéxico xa continúa o encaixe axeitado para a nova programación de fondos europeos, que debe comezar a executarse progresivamente a partir do vindeiro exercicio.

A través desta asociación, os orzamentos son coherentes cos cinco obxectivos claves que a UE pretende alcanzar ao final da década nos eidos do emprego, investigación e innovación, cambio climático e enerxía, educación, e integración social e redución da pobreza, e que se traducen nos seguintes parámetros:

- Acadar unha taxa de emprego do 75% para a poboación de entre 20 e 64 anos.
- Investir un 3% do Produto Interior Bruto (PIB) na investigación e o desenvolvemento.

- Reducir nun 20% as emisións de carbono (e, se as condicións o permiten, nun 30%) respecto dos niveis de 1990, aumentar hasta o 20% as enerxías renovables, e aumento do 20% na eficiencia enerxética.
- Reducir a taxa de abandono escolar a menos do 10% e aumentar ata o 40% a taxa de titulados do ensino superior.
- Reducir en 20 millóns o número de persoas en situación o resgo de pobreza e exclusión social.

Cadro XL: Obxectivos da estratexia "Europa 2020"

Obxectivos da estratexia "Europa 2020"	
Taxa de emprego (persoas entre 20 e 64 anos)	75%
Gasto bruto en I+D sobre o PIB (%)	3%
Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (en comparación con niveis de 1990)	-20%
Fontes de enerxías renovables	20%
Eficiencia enerxética (redución do consumo de enerxía en Mtep)	20%
Abandono escolar	< 10%
Ensinanza superior (en %)	40%
Redución da poboación en risco de pobreza ou exclusión social (nº de persoas)	20 millóns

Fonte: Consellería de Facenda

Estes obxectivos concréntanse en obxectivos nacionais e rexionais que deben alcanzarse combinando medidas ás escadas rexionais, nacionais e europeas. Están relacionados entre si e potencianse mutuamente:

- As melloras educativas contribúen a empregabilidade e a redución da pobreza.
- O crecemento das inversións en I+D e en innovación na economía, unidas aos recursos máis eficaces, farán crear máis emprego e ser máis competitivos.
- Investir en tecnoloxías máis limpas combate o cambio climático e crea novas oportunidades de negocios e emprego.

No marco da estratexia anterior, os indicadores chave definidos polo Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014, horizonte 2020, fan referencia a un crecemento económico, nunha economía aberta, competitiva, baseado co coñecemento, que empregue as novas tecnoloxías, xeradora de emprego de calidade, e solidaria na integración social e na sustentabilidade dos recursos. Trátase, ao tempo, de indicadores coincidentes ou coherentes, sempre adoitados para facer efectivos os principios da estratexia europea "Europa 2020" dun crecemento, intelixente, sostible e integrador.

A planificación formulada no PEG, que asume como prioridades propias os principios orientadores da estratexia Europa 2020, recolle tres niveis de obxectivos: un Obxectivo Global, cinco Eixes de actuación e dezaseis Obxectivos Estratéxicos (OE). O importe asignado no Orzamentos xerais para o ano 2014 ascende a 8.369 millóns de euros, cifra na que non se contemplan nin os gastos derivados da débeda pública (Programa de gasto 911A) nin as achegas público privadas para o financiamento de determinadas infraestruturas.

A asimilación da orzamentación no 2015 á estrutura dos obxectivos estratéxicos do PEG resúmese no cadro seguinte:

Cadro XLI: PEG Galicia no Orzamento 2015.

Eixo / Obxectivo Estratéxico	2014	2015	VARIACION 15/14
E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	6.103,91	6.121,53	0,3%
OE01 - Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e for	28,90	44,77	
OE02 - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade par:	3.397,70	3.409,24	
OE03 - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de ig	2.112,73	2.116,44	
OE04 - Atención ao benestar social	394,71	372,33	
OE05 - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e z	169,87	178,76	
E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	1.074,68	1.057,50	-1,6%
OE01 - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados,	254,01	258,41	
OE02 - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investime	80,91	79,68	
OE03 - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediar	556,34	522,50	
OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos tra	183,43	196,92	
E3 - Economía do Coñecemento.	210,98	210,89	0,0%
OE01 - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investiç	116,41	121,70	
OE02 - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC	94,57	89,18	
E4 - Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	318,86	343,70	7,8%
OE01 - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desen	97,08	89,83	
OE02 - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio elimina	201,40	231,24	
OE03 - Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos de:	20,38	22,63	
E5 - Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán.	682,06	701,74	2,9%
OE01 - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizandc	220,70	233,22	
OE02 - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	461,36	468,52	
TOTAL	8.390,50	8.435,36	0,5%

Orzamento NON financeiro (consolidado) en millóns €

Fonte: Consellería de Facenda

O tomo dos Orzamentos Xerais correspondente á “Memoria de Obxectivos e Programas” contén de modo detallado a descrición das actuacións que deben colaborar a acadar os anteriores obxectivos. De xeito extraordinario para o orzamento 2015 mantense a referencia estratéxica ao PEG a efectos comparativos, a pesar de que a súa vixencia remata no 2014 foi elaborado con perspectiva 2020 polo que admite este tipo de análise.

Asemade, e como ven sendo habitual, na mesma Memoria de Obxectivos e Programas se dispón de exhaustiva información dos indicadores operativos e de avaliación

asociados ás partidas de gasto, co que se posibilita a valoración da eficacia e impacto das actuacións de gasto recollidas nos orzamentos.

A evolución da política de cohesión cara a 2020

O vínculo entre a política de cohesión e a Axenda de Lisboa (en 2000), de estímulo da competitividade e a innovación e a Estratexia de Gotemburgo, de desenvolvemento sustentable (en 2006), reforzouse de cara ao período de programación 2007-2013. En 2005 introducíronse os Programas Nacionais de Reforma dirixidos á potenciación do emprego e a garantir unha maior coherencia da estratexia. Os novos requisitos de destino dos fondos da política de cohesión garantían que unha gran parte dos mesmos se destinasen a apoiar proxectos que contribuísen ao logro dos obxectivos de ámbalas estratexias, o que supuxo un novo cambio de orientación dirixido a aliñar a política de cohesión coa axenda política global da UE.

En comparación coa Axenda de Lisboa, a Estratexia Europa 2020 engadiu dous novos elementos á axenda política da UE: a redución da pobreza e unha maior énfase na sustentabilidade. Isto traducíuse nun cambio nos obxectivos da política de cohesión e na forma de aplicar dita política, cun maior fincapé nas intervencións dirixidas a lograr múltiples obxectivos.

A xeografía da política de cohesión simplificouse desde 2007 a fin de garantir a cobertura de todas as rexións e de mellorar a eficiencia da súa execución, mentres que os procesos de ampliación europeos tiveron como resultado o aumento da diversidade territorial da UE.

A redución das disparidades rexionais en termos de desenvolvemento foi, e continúa sendo, un obxectivo central da política de cohesión, e a maior parte dos fondos foron sempre destinados, e ségueno facendo, ás rexións menos desenvolvidas.

Coa introdución da cohesión territorial como obxectivo explícito no Tratado de Lisboa, cuxo texto entrou en vigor o 1 de decembro de 2009, a política de cohesión outorga actualmente unha maior importancia a:

- As cuestións de sustentabilidade. No período 2014-2020 deberá investirse polo menos un 20% dos fondos do FEDER nas rexións máis desenvolvidas e un 6% nas menos desenvolvidas, en medidas dirixidas a mellorar a eficiencia enerxética e a ampliar a subministración de enerxía renovable.
- O acceso aos servizos básicos, a través da Axenda Dixital para Europa, que impulsará a conexión de banda ancha e os servizos de administración electrónica, e a través do Mecanismo Conectar Europa, que desenvolverán proxectos de infraestruturas de transporte, enerxía e telecomunicacións.


- A necesidade de ter en conta a xeografía funcional, co obxectivo de mellorar a eficiencia das políticas públicas nun ámbito e nunha zona específica.
- A importancia das análises territoriais. Trátase de avanzar na mellora da calidade dos datos subnacionais dispoñibles a partir de estatísticas oficiais para poder dispoñer dunha maior comprensión das diferentes zonas xeográficas, o que axudará a identificar e seleccionar o uso das políticas máis adecuadas da UE e a avaliar o seu impacto cunha dimensión territorial.

Os fondos estruturais da política de cohesión 2014-2020 (FEDER, FSE e Fondo de Cohesión) perseguirán dous obxectivos fundamentais:

- Investir para impulsar o crecemento e crear postos de traballo.
- Fomentar a cooperación territorial a escala europea.

No marco do obxectivo de crecemento e creación de emprego, os fondos estruturais concentráanse en 71 rexións NUTS 2 menos desenvolvidas, cun PIB per cápita inferior ao 75% da media da UE, cunha poboación de aproximadamente 128 millóns de habitantes (o 25% do total da UE), situadas principalmente nos Estados membros do leste e o sur da UE. En termos globais estas rexións recibirán ao redor de 185.400 millóns de euros (prezos correntes).

Gráfico XXIX:



Co fin de apoiar ás rexións que poderían verse prexudicadas pola repentina redución dos fondos europeos, e a todas as demais rexións cun PIB per cápita superior ao 75% da media da UE pero inferior ao 90% da devandita media, estableceuse unha nova categoría denominada rexións en transición, que engloba a 51 rexións NUTS 2 situadas na seu maior parte en Europa central. A súa poboación ascende a 68 millóns de habitantes (un

14% da poboación da UE). En termos globais estas rexións reciben ao redor de 35.700 millóns de euros (prezos correntes).

O resto de rexións cuxo PIB per cápita supera o 90% da media da UE (151 rexións cunha poboación de 307 millóns de habitantes, o 61% do total) intégranse na categoría de rexións máis desenvolvidas. Estas rexións están situadas fundamentalmente nos Estados membros do centro e o norte de Europa, e reciben en total 55.800 millóns de euros (prezos correntes).

O Fondo de Cohesión seguirá prestando axuda aos Estados membros cunha RNB per cápita inferior ao 90% da media da UE e cofinanciando os investimentos en infraestructura ambiental, así como as correspondentes ás redes transeuropeas de transporte. Un total de 14 Estados membros situados no leste e o sur de Europa, ademais de Chipre con carácter transitorio, poden acollerse a estas axudas (74.900 millóns de euros, dos que 11.300 millóns deben transferirse ao Mecanismo Conectar Europa).

Para abordar os altos niveis de desemprego que padecen moitos Estados membros na poboación máis moza, púxose en marcha unha nova iniciativa de emprego xuvenil. O seu obxectivo é axudar aos mozos para atopar un traballo ou a recibir a educación e a formación necesarias para mellorar as súas posibilidades de atopalo. As rexións que poden acollerse ás axudas previstas no marco desta iniciativa son aquelas que presentaban en 2012 unhas taxas de desemprego xuvenil superiores ao 25%, así como aquelas cuxa taxa de desemprego xuvenil situábase por encima do 20% e estivesen situadas en países nos que dita taxa aumentase máis dun 30% en 2012. A iniciativa conta cunha dotación orzamentaria de 6.422 millóns de euros (prezos correntes), dos que polo menos a metade procede das asignacións nacionais do FSE para investimentos selectivos e o resto provén dunha partida orzamentaria específica da UE.

Os recursos destinados ao obxectivo de cooperación territorial, representan o 2,75% dos recursos totais dispoñibles para compromisos orzamentarios dos Fondos no período 2014-2020 (10.229 millóns de euros a prezos correntes). Deste importe, o 74% destínase a cooperación transfronteiriza, o 20% a cooperación transnacional e o 6% a cooperación interrexional.

A reforma da política de cohesión para a nova programación 2014-2020 persegue unha maior orientación a resultados a través de indicadores, informes e avaliacións de mellor calidade. Para fomentar e recompensar o rendemento satisfactorio dos programas establécese unha reserva de rendemento do 6% das asignacións nacionais por Estado membro, fondo e categoría de rexión, para asignar en 2019, sempre que se alcancen os fitos previstos para 2018.

O novo marco da política de cohesión establece un estreito vínculo entre os fondos EIE (estruturais máis os de investimento do FEADER e do FEMP) e o Semestre Europeo,

que é o período anual onde o Consello Europeo adopta oficialmente as recomendacións específicas para cada país, que poden ter relación directa con estes fondos.

Os obxectivos definidos nas políticas económicas e fiscais a nivel europeo son de aplicación a todos os niveis de goberno. Por tanto, e para garantir unha gobernanza económica sólida, é esencial garantir unha correcta coordinación entre eles a fin de asegurar a coherencia da política fiscal e unha repartición equitativa da carga entre os diferentes niveis de goberno.

Dado que a modernización da administración pública converteuse nun alicerce fundamental para o éxito da aplicación da Estratexia Europa 2020, o novo marco xurídico outorga unha importancia especial ao fomento da capacidade institucional e á reforma administrativa. O obxectivo é crear unhas institucións estables e predicibles nas súas relacións coa poboación, pero, ao mesmo tempo, suficientemente flexibles como para reaccionar ante os cambios sociais, abertas ao diálogo co público e capaces de introducir novas políticas e de prestar mellores servizos.

O obxectivo último do fomento da capacidade institucional é unha boa gobernanza, entendida como a forma en que se exerce o poder na xestión dos recursos económicos e sociais dun país para impulsar o seu desenvolvemento, polo que está vinculada directamente coa forma en que as autoridades públicas prestan servizos e interactúan coas empresas e cidadáns.


A política de cohesión da unión europea no período 2014-2020

O Marco financeiro plurianual da UE 2014-2020 cuantifica as asignacións da Política de Cohesión (para o obxectivo de investimento en crecemento e emprego, cooperación territorial e iniciativa de emprego xuvenil) para o conxunto da Unión Europea en 366.791 millóns de euros, a prezos correntes, dos que o 8,0% corresponden a España.

No considerando 77 do Regulamento (UE) Nº 1303/2013 de 17 de decembro de 2013, establécese o que se coñece como rede de seguridade: “Para garantir a sostenibilidade a longo prazo da inversión procedente do FEDER e o FSE, consolidar o desenvolvemento acadado e avanzar no crecemento económico e a cohesión social das rexións da Unión, as rexións cuxo PIB per cápita no período de programación 2007-2013 estaba por debaixo do 75% da media da Europa dos Vinte e Cinco no período de referencia, pero cuxo PIB per cápita aumentou a máis do 75% da media da Europa dos Vinte e Sete, deben recibir, como mínimo, o 60% da súa asignación anual media indicativa para o período 2007-2013”.

A Galicia aplícaselle a rede de seguridade, xa que no período no período 2014-2020 é rexión máis desenvolvida, mentres que no anterior era rexión converxencia. Ademais, ten unha taxa de cofinanciación do 80% fronte ao 50% das rexións máis desenvolvidas e aplícanse unhas condicións de concentración temática dos fondos menos esixente que nas outras rexións máis desenvolvidas.

Gráfico XXX:



Deste xeito, Galicia ten asignados 2.810 millóns de euros correntes en fondos estruturais no período 2014-2020 (preto do 10% dos que lle corresponden a España). Deste importe, o Programa Operativo FEDER de GALICIA ten unha asignación financeira, en termos de axuda, de 883,4 millóns de euros, mentres que a do PO FSE GALICIA ascende a 313,1 millóns de euros.

Cadro XLII:

Asignación financeira por administración xestora, Fondo e Programa Operativo. Galicia 2014-2020

Millóns de euros

Fondo e Programa Operativo	Administración xestora		
	Xunta	AXE	Total
FEDER	883,4	1.073,2	1.956,6
PO FEDER GALICIA	883,4		883,4
POs PLURIRREXIONAIS		1.073,2	1.073,2
FSE	362,0	492,0	854,0
PO FSE GALICIA	313,1		313,1
PO EMPREGO XUVENIL	48,9	48,9	97,8
Resto POs PLURIRREXIONAIS		443,1	443,1
TOTAL	1.245,4	1.565,2	2.810,6

AXE: Administración Xeral do Estado

Estratexia dos Programas Operativos dos fondos estruturais en Galicia

A estratexia dos Programas Operativos de Galicia 2014-2020, correspondentes ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER GALICIA 2014-2020) e ao Fondo Social Europeo (PO FSE GALICIA 2014-2020) deseñouse a partir de:

- A análise de obxectivos da Estratexia Europa 2020.
- As Recomendacións Específicas realizadas a España por parte da Comisión Europea, tras a avaliación do Plan Nacional de Reformas e Programa de Estabilidade no marco do Semestre Europeo (xuño de 2014).
- A posición dos servizos da Comisión sobre o desenvolvemento do Acordo de Asociación e de programas en España no período 2014-2020 (Position Paper).
- O Regulamento UE N° 1303/2013 polo que se establecen disposicións comúns e disposicións xerais, relativas aos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (Fondos EIE), ademais do Regulamento UE N° 1301/2013 sobre o FEDER e o Regulamento UE N° 1304/2013 sobre o FSE.
- Unha completa análise diagnóstico nos ámbitos de intervención do FEDER e FSE, sintetizado nunha matriz DAFO, que permitiu identificar as principais necesidades e retos a abordar en Galicia para contribuír ao logro da cohesión económica, social e territorial.
- A análise dos plans e estratexias en vigor na Xunta de Galicia, con obxecto de garantir que a programación do FEDER e FSE contribúa tanto ao desenvolvemento da política de cohesión da Unión como á consecución dos obxectivos marcados pola Xunta de Galicia en relación aos ámbitos de intervención de FEDER e FSE.
- A organización dun amplo proceso participativo, en que unha pluralidade de axentes económicos e sociais fixeron as súas achegas ás análises anteriores e contribuíu á definición das liñas estratéxicas do programa.
- E a experiencia previa en períodos de programación anteriores, sobre todo o concernente ao período 2007-2013 do cal se extraeron aprendizaxes importantes que se tiveron en conta na presente programación FEDER.

A continuación, relaciónanse as principais liñas estratéxicas da programación, clasificadas por obxectivo temático (no FEDER programouse nos OTs I a I0, agás no OT8, e o FSE no OT8, OT9 e OT10).

Obxectivo temático 1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación

- Fomentar a inversión en innovación por parte das empresas.

- Favorecer a interacción entre as empresas e os axentes que forman parte do Sistema de Innovación.
- Establecer mecanismos de atracción de capital privado ás políticas públicas en materia de I+D+i, e, aproveitar os novos mecanismos establecidos no período 2014-2020 -como os instrumentos de enxeñaría financeira- que tamén xeran a entrada de capital privado.
- Consolidar a inversión realizada en termos de capital humano destinado a I+D+i, tanto nos axentes de coñecemento (Universidades, Grupos de Investigación, redes de investigación) como no propio tecido empresarial.
- Apoiar a mellora e reforzo das infraestruturas técnicas e tecnolóxicas dos diferentes axentes de innovación.

Obxectivo temático 2. Mellorar o uso e a calidade das TIC e o acceso ás mesmas.

- Desenvolver a Administración Electrónica, co obxectivo de achegar as políticas públicas á cidadanía.
- Reducir a fenda dixital, con especial atención á iniciación na utilización das novas tecnoloxías.

Obxectivo temático 3. Mellorar a competitividade das PEME.

- Prestar servizos de apoio ás pemes dirixidos á mellora da competitividade, tanto no asesoramento para definir os procesos a iniciar, como no apoio de carácter financeiro.
- Mellorar as capacidades das pemes para emprender procesos de internacionalización, co obxectivo de que poidan acceder e consolidarse en novos mercados, co conseguinte retorno positivo en termos de fortalecemento e creación de emprego.
- Iniciar accións baseadas en instrumentos de enxeñaría financeira que permiten inversións con carácter reutilizable, o que multiplica o efecto positivo e o acceso dun maior número de empresas a esta serie de accións.
- Favorecer a cooperación entre empresas en sectores produtivos específicos.

Obxectivo temático 4. Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores.

- Desenvolvemento das enerxías renovables con menos presenza en Galicia na medida en que suporían unha fonte de enerxía renovable complementaria ás que dispoñen dun maior desenvolvemento.
- Establecer medidas de aforro enerxético na Administración Pública.
- Desenvolver programas de eficiencia enerxética en sectores con influencia no consumo enerxético, de carácter público ou privado.

Obxectivo temático 5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos.

- Poñer en marcha plans estratéxicos para a adaptación ao cambio climático, que permitan determinar un estado de situación detallado a partir do que desenvolver medidas concretas desde unha perspectiva integral.
- Avaliar o estado de situación daqueles elementos medioambientais con repercusión directa no cambio climático (auga, aire, redes subterráneas, etc.).
- Mellorar o coñecemento relativo aos recursos naturais vulnerables ao cambio climático que permita implantar políticas de desenvolvemento sostible.
- Previr axeitadamente a existencia de fenómenos que impliquen riscos meteorolóxicos (inundacións,...) e elaborar plans específicos que poidan minimizar as consecuencias da súa aparición.

Obxectivo temático 6. Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos.

- Realizar actuacións asociadas á conservación da biodiversidade, tendo en conta a perspectiva transversal de prevención de ameazas e de riscos para a biodiversidade.
- Levar a cabo actuacións orientadas a acadar os obxectivos ambientais da Directiva Marco da Auga, coa reforma e optimización dos sistemas de saneamento das rías galegas.
- Mellorar os sistemas de recollida e tratamento de residuos.
- Accións vinculadas á conservación do patrimonio natural, con especial atención aos espazos protexidos.
- Potenciar as diferentes infraestruturas culturais, entre as que destaca o Camiño de Santiago, a través de accións que relacionen o legado cultural con determi-

nados sectores nos que dita herdanza cultural marque a diferenza en termos de competitividade, especialmente para o turismo.

- Establecer medidas de carácter transversal dirixidas ao conxunto da cidadanía mediante as que se difunda a relevancia do Patrimonio Natural e Cultural, así como a relevancia da biodiversidade propia de Galicia.

Obxectivo temático 7. Promover o transporte sustentable e eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais.

- Garantir unha accesibilidade axeitada ás principais plataformas loxísticas.
- Desenvolver infraestruturas de transporte intermodal, facilitando deste xeito a integración do uso de diferentes medios de transporte.
- Desenvolver sistemas intelixentes para a distribución, almacenamento e transmisión de gas.

Obxectivo temático 8. Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral.

As liñas estratéxicas do FSE neste ámbito inciden en:

- Establecer convocatorias que incentiven a contratación de persoas en situación de desemprego por parte das empresas.
- Implantar actuacións dirixidas a aqueles sectores onde se detecte a existencia de traballo non regularizado, coa intención de integrar a esas persoas nos sistemas regulares de emprego.
- Desenvolver medidas de asesoramento e orientación laboral para persoas desempregadas, co obxectivo último de facilitar a súa inserción laboral.
- Levar a cabo actuacións de fomento do emprendemento en colectivos que non teñan presenza relevante nas fórmulas de autoemprego. Estas actuacións poderán prestar especial atención ao emprendemento das mulleres.
- Fomentar o espírito emprendedor nas mozas e mozos.
- Mellorar a empregabilidade das persoas demandantes de emprego mediante experiencias de capacitación en diferentes ámbitos, tanto xeográficos (mobilidade xeográfica) como laborais (empresas sociais, prácticas non laborais en empresas, voluntariado,...)

Obxectivo temático 9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación.

Neste o ámbito, as principais liñas financiadas con FEDER son:

- Xerar redes de cobertura dirixidas aos colectivos en risco de exclusión social.
- Impulsar os mecanismos necesarios para que os colectivos con necesidades específicas poidan introducir elementos adaptativos na súa vida cotiá.
- Apoiar a inversión en infraestruturas de servizos sociais de carácter básico.
- Desenvolver novos servizos que aproveiten as posibilidades da sociedade da información para mellorar o acceso das persoas usuarias aos servizos sociosanitarios.

No caso do FSE:

- Desenvolver políticas de inclusión social destinadas aos principais colectivos en risco de exclusión social. Asemade, medidas de loita contra as distintas formas de discriminación, promovendo a igualdade de oportunidades.
- Poñer en marcha accións de sensibilización dirixidas á sociedade en xeral, que preveñan situacións de exclusión derivadas dunha serie de problemáticas asociadas á discriminación.
- Levar a cabo accións de apoio á conciliación laboral e familiar.
- Favorecer o acceso a servizos accesibles, sostibles e de calidade.

Obxectivo temático 10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente.

As principais liñas contempladas con FEDER son:

- Desenvolver inversións asociadas á modernización do sistema educativo, no ámbito da atención integral á primeira infancia, ensino primario, ensino secundario e formación profesional.
- Realizar actuacións de novas infraestruturas e modernización das existentes, co obxectivo de ampliar o acceso de estudantes ao sistema educativo en condicións óptimas.

No que atinxe ao FSE:

- Apoiar aos distintos colectivos con risco de abandono escolar.

- Establecer mecanismos que permitan a reintegración no sistema educativo de aquelas persoas xa incorporadas ou non ao mercado laboral que carecen de formación cualificada.
- Facilitar o acceso ao sistema educativo coa consolidación da inversión nos sistemas regulamentados de Formación Profesional.

Programación dos Fondos Estruturais e de Inversión Europeos (Fondos EIE) xestionados pola Xunta de Galicia no período 2014-2020

No período 2014-2020 a Xunta de Galicia vai xestionar Fondos que ofrecen axudas no marco da política de cohesión (FEDER e FSE), das políticas marítimas e pesqueira (FEMP) e da política de desenvolvemento rural (FEADER). A mellora da coordinación e execución destes fondos, tanto internamente como coa Administración Xeral do Estado, é un dos obxectivos de cara ao novo período.

Os Estados membros teñen que concentrar as axudas, nas intervencións que achen o maior valor engadido en relación coa estratexia da Unión para un crecemento intelixente, sostible e integrados. Así, o 60% dos recursos de FEDER, que vai xestionar a Xunta, programáronse nos obxectivos temáticos 1 a 4 (I+D+i, TIC, competitividade das PEMEs e economía baixa en carbono). Por outra banda, os fondos procedentes do FSE e da Iniciativa de Emprego Xuvenil, prográmanse nos obxectivos temáticos de fomento do emprego (37,1%), inclusión social e loita contra a pobreza (25,6%), e en educación (37,3%). Hai que precisar que os recursos dedicados á asistencia técnica non se contabilizan nas porcentaxes de concentración temática.

No PO FSE Galicia, os recursos están concentrados en 5 prioridades de inversión, dedicando a actuacións de promoción da inclusión social e loita contra a pobreza o 29,7% do total, porcentaxe superior ao 20% esixido no Regulamento UE N° 1304/2013 relativo ao Fondo Social Europeo para os distintos programas operativos.

O PO de Pesca 2014-2020 de España, conta para o conxunto do período cunha axuda do FEMP de 1.161,6 millóns de euros. A Xunta vai xestionar directamente 371 millóns que representan o 51% da axuda asignada ás CC.AA. Nestes momentos, estase a definir a estratexia do programa operativo e non está definida a distribución da axuda por obxectivos temáticos dos Fondos EIE.

A estratexia encamiñada a cumprir as prioridades da Unión en materia de desenvolvemento rural co Feader recóllese no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (PDR). Concentra gran parte da axuda en medidas de investimento en activos físicos (29,1%), investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabili-

dade dos bosques (22,1%) e a axuda a zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas (9,9%). En todo caso, e tendo en conta o conxunto de accións programadas, supérase a concentración mínima esixida do 30% en medidas medioambientais e o 5% en actividades no marco de Leader.

A continuación e a modo de resume, ofrécese a información da asignación programada por obxectivos temáticos dos Fondos EIE que xestionará directamente a Xunta de Galicia, sen ter en conta os correspondentes ao obxectivo de cooperación territorial europeo (transfronteiriza, transnacional e interrexional).

Cadro XLIII:

OBXECTIVOS TEMÁTICOS (R UE 1303/2013 art 9)	PO FEDER GALICIA	%	PO FSE GALICIA + POEJ ⁽¹⁾	%	PDR FEADER GALICIA	%	FEMP GALICIA	TOTAL ⁽²⁾	% ⁽³⁾
OT1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación	142,4	16,4			0,0	0,0		142,4	6,8
OT2. Mellorar o uso e a calidade das TIC e o acceso ás mesmas	140,7	16,2			15,6	1,8		156,3	7,4
OT3. Mellorar a competitividade das PEME, do sector agrícola (FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (FEMP)	128,0	14,7			281,9	31,9		409,9	19,5
OT4. Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores	105,4	12,1			162,5	18,4		267,9	12,7
OT5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos	49,5	5,7			130,3	14,8		179,8	8,5
OT6. Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos	164,6	18,9			121,7	13,8		286,2	13,6
OT7. Promover o transporte sustentable e eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais	40,0	4,6			0,0	0,0		40,0	1,9
OT8. Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral	0,0	0,0	131,1	37,1	76,0	8,6		207,0	9,8
OT9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación	51,4	5,9	90,5	25,6	94,3	10,7		236,3	11,2
OT10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente	47,3	5,4	131,9	37,3	0,0	0,0		179,3	8,5
OT11. Mellorar a capacidade institucional das autoridades públicas e as partes interesadas e a eficiencia da administración pública	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0		0,0	0,0
99. Asistencia técnica	14,0		8,5		7,6			30,1	
TOTAL	883,4	100,0	362,0	100,0	889,8	100,0	371,0	2.506,2	100,0

(1) POEJ: Programa Operativo de Emprego Xuvenil

(2) e (3) Non inclúe a distribución por OT do FEMP

Esta programación se integrará e sera o berce do plan estratéxico de Galicia 2015-2020.



SOSTIBILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

III. SOSTIBILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

III.1. REFORMA DA REGULACIÓN DAS FINANZAS PÚBLICAS

III.1.1. Reforma da Gobernanza Económica na UEM

A actual crise demostrou que o marco normativo regulador das finanzas públicas non foi quen de evitar un desequilibrio excesivo das contas públicas, por iso a Unión Europea co obxecto de mellorar a sostibilidade financeira dos seus Estados membros realizou unha profunda reforma deste marco normativo.

Así, a finais do ano 2011 a través do “Six Pack” procedeuse a reformar a gobernanza económica no ámbito da UEM mediante a modificación do Pacto de Estabilidade e Crecemento, a configuración dun novo sistema de sancións para potenciar o seu cumprimento, a creación dun novo Procedemento de Desequilibrios Excesivo co obxectivo de detectar e afrontar eficazmente os desequilibrios macroeconómicos que xurdan na UE e o establecemento dos requisitos comúns que deben respectar os presupostos nacionais.

A reforma do PEC reforza a súa vertente preventiva coa incorporación dunha regra de gasto de forma que o crecemento do gasto público non pode exceder do crecemento do PIB a medio prazo. O establecemento dun límite ao déficit público resulta moito máis crible si se controla a súa vez a evolución do gasto público xa que o gasto público constitúe a principal fonte xeradora dos déficits públicos e, ademais, evitaríase que crecementos moi importantes no nivel dos ingresos públicos debido a factores extraordinarios (burbullas inmobiliarias...) servisen para consolidar gasto estrutural como sucedeu antes da crise en numerosos países, como España, Reino Unido ou Irlanda.

Así mesmo reforzase o criterio da débeda pública, xa que o límite do 60% da ratio débeda pública – PIB nunca se chegou a aplicar, de forma que, a partir de agora, vanse iniciar procedementos por déficits excesivos a aqueles países cuxa débeda exceda o 60% nos mesmos termos que para os países que rebasen o límite do 3% de déficit público.

Non obstante non se imporán sancións aos países que superando o 60% reduzan o seu nivel de débeda a un ritmo satisfactorio, o cal se producirá o exceso de débeda respecto ao 60% redúcese a un ritmo dunha vinteava parte anual (un 5% de media anual).

Outra importante reforma neste ámbito acaecida recentemente produciuse coa aprobación do Tratado de Estabilidade, Coordinación e gobernanza na UEM, o cal foi ratificado polas Cortes Xerais mediante a Lei Orgánica 3/2012. Dito Tratado promove fundamentalmente reforzar a disciplina presupostaria entre os países asinantes, establecendo unha regra de ouro que impón que as contas públicas teñen que rexistrar equilibrio ou superávit, o cal enténdese que se produce cando o déficit estrutural non excede do

0,5%, ampliado ao 1% se a ratio débeda pública- PIB se sitúa moi por debaixo do 60% e os riscos da sostibilidade a longo prazo das finanzas públicas son baixos.

III.1.2. Reforma Constitucional.

En Agosto do ano 2011 como consecuencia das novas exixencias que en materia de estabilidade presupostaria se estableceron no ámbito comunitario, as Cortes Xerais procederon a reformar o artigo 135 da Constitución Española o que supuxo unha profunda modificación da regulación das finanzas públicas en España.

Neste sentido o novo artigo 135 establece que o Estado e as CCAA non poderán incurrir nun déficit estrutural que supere os marxes establecidos pola UE para os seus Estados Membros.

O precepto constitucional prevé que unha Lei Orgánica fixará este déficit estrutural máximo, obtando por un criterio máis exixente ao impedir a existencia de déficit estrutural nas administracións públicas, salvo no caso en que procedan a realizar reformas estruturais con efectos presupostarios a longo prazo, en cuxo caso permítese alcanzar un déficit estrutural do 0,4% do PIB.

Dita marxe tamén se contempra nos casos de catástrofes naturais, recesión económica grave ou situacións de emerxencia extraordinarias que escapen ao control do Estado e prexudiquen considerablemente a situación financeira ou a sostibilidade económica ou social do Estado, e sempre que se acorde así por maioría absoluta do Congreso dos Deputados.

Neste sentido hai que ter en conta que o PEC establece que “A Comisión e o Consello... , poderán considerar que unha superación do valor de referencia (do 3% ou do 60%) resultante dunha grave recesión económica é excepcional ..., se o exceso se deriva dunha taxa negativa de crecemento anual do PIB en volume ou dunha perda acumulada de produción durante un período prolongado de moi baixo crecemento anual do PIB en volume en relación ao seu potencial”.

O límite do déficit estrutural aínda non está plenamente vixente xa que non entrará en vigor ata o ano 2020. Durante este período España terá que facer un axuste fiscal moi importante xa que en 2011 o déficit estrutural ascendeu a un 6,7% do PIB, es dicir, 70.000 millóns de euros.

Coa reforma do artigo 135 constitucionalízase o límite da débeda pública, tomando como referencia o establecido no Tratado de Funcionamento da UE, é dicir o 60% do PIB.

III.1.3. Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

En desenvolvemento deste novo artigo da Constitución ditouse a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, recentemente modificada pola Lei Orgánica 4/ 2012, de 28 de setembro.

En dita lei orgánica regulase unha regra de gasto que establece que a variación do gasto computable da Administración Central, das CCAA e das CCLL non poderán superar a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

Esta regra de gasto non se aplica as pensións, aos intereses da débeda pública, ao gasto non discrecional en prestacións por desemprego, e a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP.

Tamén hai que ter en conta que ante cambios normativos que supoñan aumentos permanentes de recadación, o nivel de gasto computable pode incrementarse na mesma contía; e, sensu contrario, ante cambios normativos que supoñan diminucións permanentes de recadación o gasto computable ten que reducirse nunha contía equivalente, e todos os ingresos que se obteñan por encima do previsto deberán destinarse integramente a reducir débeda pública.

Una novidade moi importante que incorpora esta Lei Orgánica é que procede, por primeira vez, a repartir entre as distintas Administracións que conforman o sector público en España o límite do 60% da ratio débeda - PIB, de forma que se establecen os seguintes límites:

- Para a Administración Central, o 44% (es dicir, o 73,3% do total).
- Para as Comunidades Autónomas, o 13% (o 21,6% do total).
- E para as Corporacións Locais, o 3% (o 5% do total).

A Lei Orgánica de Estabilidade inclúe novos instrumentos que permiten reaccionar cunha maior celeridade ante posibles desviacións nos obxectivos de estabilidade, de débeda o de cumprimento da regra de gasto.

Estas medidas son as seguintes:

- As actuacións preventivas e de alerta temperá
- Os mecanismos de corrección automática e
- Os mecanismos coercitivos e sancionadores

En primeiro lugar, as medidas automáticas de prevención, que se aplicarán polas propias AAPP:

- Cando se constate unha desviación na execución orzamentaria (deberase axustar o nivel de gasto para garantir o cumprimento ao peche do exercicio),
- Cando se supere o límite do 95% do obxectivo de débeda (só se autorizará para operacións de tesouraría) ou
- No caso de déficit a longo prazo no sistema de pensións.

En segundo lugar, dende a administración central, formularase advertencia motivada cando se aprecie risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade, de débeda pública ou da regra de gasto. A Administración Pública advertida deberá adoptar medidas para evitar o devandito risco no prazo dun mes. No caso contrario poderanse adoptar medidas correctivas.

En terceiro lugar, os mecanismos de corrección:

- Autorización de todas as operacións de endebedamento das CCAA (só a longo prazo en caso de presentar PEF) e as de longo prazo das Entidades Locais.
- Informe favorable previo do MINHAP para concesión de subvencións e convenios con CCAA.
- Formulación de PEF e seguimento destes: en caso de desviación, requirimento para a súa xustificación e corrección con novas medidas.

En cuarto lugar, as medidas coercitivas, que se aplicarán en caso de falta de presentación ou aprobación do PEF ou o seu incumprimento (despois do requirimento antes mencionado), e que implican:

- Que a Comunidade Autónoma deberá aprobar unha non dispoñibilidade de créditos que garanta o cumprimento do obxectivo
- Que o Estado poida exercer capacidade normativa sobre os tributos cedidos
- A constitución dun depósito con intereses no Banco de España (0,2% PIB nominal) que se pode converter en multa coercitiva.
- O envío dunha comisión de expertos con poderes de solicitar canta información precisen e propoñer medidas que serán de obrigado cumprimento. En caso de incumprimento, non se autorizará ningunha operación de crédito.

Finalmente, as medidas de cumprimento forzoso, ante a non adopción dos acordos de non dispoñibilidade, a non constitución do depósito ou a non adopción das medidas propostas pola comisión de expertos:

- Requirimento ao Presidente da Comunidade Autónoma
- Execución forzosa polo Goberno, con maioría absoluta do Senado
- Instrucións do Goberno ás Autoridades autonómicas (intervención).

Estas medidas, para o caso das EELL poderían chegar mesmo á disolución da corporación local.

Trátanse de mecanismos extensos e variables na súa intensidade e que agravan as consecuencias en función do grao de incumprimento da administración respectiva.

Galicia foi unha comunidade autónoma pioneira na regulación da estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, realizada a través da lei 2/2011 do 16 de xuño, na medida en que algúns preceptos básicos da lei orgánica posterior non eran acordes nas dous lexislacións, na lei de medidas administrativas e tributarias que acompaña á lei de orzamentos da comunidade autónoma para 2015 mudanse varios de estos preceptos.

Polo miúdo, os que atinxen á definición de estabilidade orzamentaria para referilos ao déficit estrutural, así como as excepcións ao mesmo derivadas de acontecementos extraordinarios, igualmente se incorpota o concepto de límite de débeda.

Por último se adapta a regra de gasto aos parámetros básicos recollidos na lei orgánica, que refiren á taxa media de crecemento da economía como referencia evolución do gasto non financeiro da comunidade autónoma.

III.2. EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN FINANCEIRA AUTONÓMICA.

Evolución orzamentaria

Neste apartado realizamos un breve análise da evolución do orzamento consolidado homoxeneizado ca comunidade autónoma dende 2005. Por ser o período 2005-2006 o máis próximo en termos de recursos non financeiros ao exercicio actual.

Ingresos

Como pode verse os ingresos non financeiros acadan os 8.076 millóns de euros no orzamento de 2015, un 4,1% superior ao exercicio precedente, o exercicio do cadro con unha contía máis próxima é o 2005.

Cadro XLIV:

millóns de euros


	2.005	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	2.012	2.013	2.014	2.015
INGRESOS											
I Impostos directos	977	1.075	1.168	1.364	1.516	1.374	2.031	2.030	1.913	1.937	2.020
II Impostos indirectos	2.190	2.413	2.636	2.689	2.399	1.897	2.856	2.959	2.944	3.133	3.118
III Taxas, prezos e outros ingresos	239	246	265	253	286	271	174	180	201	166	177
IV Transferencias correntes	3.606	4.022	4.487	5.064	4.949	4.497	2.760	2.616	2.312	1.953	2.168
V Ingresos patrimoniais	12	13	15	24	54	20	16	22	23	24	19
Total operacións correntes	7.024	7.769	8.570	9.395	9.205	8.058	7.836	7.806	7.392	7.214	7.501
VI Alieamento de investimentos reais	73	72	91	99	111	49	27	32	30	13	10
VII Transferencias de capital	786	825	794	758	787	729	658	635	562	528	564
Total ingresos de capital	859	897	885	857	898	779	684	667	592	541	575
TOTAL OPERACIÓN NON FINANZEIRAS	7.884	8.667	9.455	10.252	10.103	8.837	8.521	8.474	7.984	7.754	8.076
VIII Activos financeiros	1	1	1	1	1	1	10	11	20	20	14
IX Pasivos financeiros	516	514	551	474	851	2.048	1.340	1.374	1.476	2.507	1.700
TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS	516	515	552	474	852	2.049	1.349	1.385	1.496	2.527	1.714
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	8.400	9.182	10.007	10.726	10.955	10.885	9.870	9.859	9.480	10.281	9.790

Dentro do ingreso corrente, compre salientar que a diferente porcentaxe de participación nos tributos cedidos a partires de 2011, dimanante da aplicación do novo sistema de financiamento na cálculo das entregas a conta do devandito sistema dificulta a comparación en toda a serie temporal.

Malia a anteriores aclaración pode observarse o efecto nos ingresos correntes da comunidade autónoma da burbulla inmobiliaria disparando os ingresos a partires de 2005, a caída a partires do 2009 sería aínda maior de contar coa mesma porcentaxe de participación nos tributos cedidos no periodo 11-14 e no anterior.

Respecto a 2015 compre lembrar que o novo aprazamento das liquidacións negativas do sistema de financiamento, supón que se deixen de deducir 121 millóns dos pagos a conta do sistema de financiamento, o que mellora substancialmente a solvencia corrente das finanzas autonómicas, tal e como mostra a mellora do aforro corrente no 2015.


Gráfico XXXI:



O gráfico inferior reflicte a evolución do gasto corrente, en grande medida de carácter rixido, pola natureza dos servizos públicos competencia da comunidade autónoma (xustiza, educación, sanidade e servizos sociais), implica un forte deterioro do aforro corrente ante a desaparición dos efectos da burbulla nos ingresos a partires de 2009. Como


pode verse se o nivel de ingresos correntes máis proximo en contía era o de 2005 o nivel de gastos correntes do que estamos máis preto é o de 2008.

Gráfico XXXII:



○ seguinte grafico enfrenta a evolución dos dous gráficos mostrando como dende 2009 o axuste no ingreso corrente opera como un límite ao gasto corrente, tamén se pode ollar como no orzamento do 2015 esta limitación comeza a desaparecer e o ingreso corrente comeza a financiar investimentos.


Gráfico XXXIII:



Respecto os ingresos de capital, mostran unha senda descendente contínua a partires do 2009, pola caída do financiamento finalista para investimentos.

Gráfico XXXIV:

Total ingresos de capital




Sumando os ingresos correntes e os ingresos de capital obtemos o total de ingresos non financeiros do orzamento consolidado, a estas contías se engaden os ingresos financeiros (endebedamento e activos financeiros) para pechar o financiamento dos gastos da comunidade autónoma.

O seguinte cadro mostra a capacidade de financiamento de gastos orzamentarios (capítulos I a VIII de gastos), a partires dos ingresos non financeiros e ingresos de capítulo VIII, que chamamos ingresos orzamentarios no gráfico e do endebedamento neto de cada periodo.

Como pode verse a comunidade autónoma precisou recorrer ao endebedamento para suavizar o axuste preciso a partires do 2009, pola forte merma dos ingresos. Dentro da senda de consolidación fiscal este recurso á débeda vaise reducindo paseniñamente garantindo unha financiación total estable en tomo aos 8.400 millóns de euros, o que sitúa a nosa capacidade de gasto consolidado lixeiramente por debaixo de 2006.

Gráfico XXXV:



Gastos

De seguido recóllese o orzamento consolidado de gastos en millóns de euros, compare sinalar a efectos comparativos que a contía que ata 2010 figuraba no capítulo catro como participación dos concellos nos tributos do estado pasa a ter nese ano carácter extraorzamentario polo que resulta axustada no orzamento dos anos 2005-2009 para facilitar unha visión homoxenea da evolución do gasto en termos consolidados.

Como pode apreciarse, atendendo ao gasto non financeiro poden apreciarse claramente dúas etapas na evolución do gasto unha crecente, correspondente á fase expansiva 2005-2009 no que o orzamento consolidado non financeiro acada os 10.600 millóns de euros, e outra fase decrecente que mostra un axuste á baixa no periodo 2010-2014, ata acadar un gasto non financeiro duns 8.400 millóns de euros, este medea ata os 8.435 no 2015, sendo os niveis do orzamento de gasto non consolidado inferiores en 260 millóns aos de 2006.

Na medida en que foi preciso recorrer ao endebedamento para suavizar o impacto do axuste no gasto consolidado, o capítulo de operacións financeiras e o capítulo de gasto financeiro mostran unha evolución crecente a partires do 2010, (non o fixeron dende 2008 polos pagos a conta do sistema de financiamento inflados que logo derivaron en liquidacións negativas), porén no 2015 invirtese a tendencia, sendo o primeiro exercicio dende o comezo da crise no que suben os gastos non financeiros e baixan os financeiros.

Cadro XLV:

	millóns de euros										
	2.005	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	2.012	2.013	2.014	2.015
I Gastos de Persoal	2.725	2.932	3.175	3.444	3.692	3.773	3.627	3.609	3.382	3.367	3.382
II Gastos en bens correntes e servizos	995	1.167	1.242	1.348	1.416	1.381	1.353	1.384	1.371	1.364	1.388
III Gastos financeiros	139	142	147	146	148	157	198	295	299	352	336
IV Transferencias correntes	1.765	1.949	2.118	2.359	2.430	2.471	2.322	2.239	1.980	1.941	1.960
Total operacións correntes	5.624	6.191	6.682	7.297	7.686	7.782	7.500	7.527	7.032	7.024	7.066
V Fondo de Continxencia	51	58	62	65	99	62	78	76	85	105	125
Total fondo de continxencia	51	58	62	65	99	62	78	76	85	105	125
VI Investimentos Reais	1.112	1.206	1.333	1.382	1.439	1.251	805	782	699	666	700
VII Transferencias de Capital	1.106	1.241	1.355	1.386	1.365	1.156	764	750	663	596	544
Total operacións de capital	2.218	2.447	2.687	2.768	2.804	2.407	1.569	1.532	1.362	1.262	1.244
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	7.893	8.696	9.431	10.130	10.589	10.251	9.147	9.135	8.480	8.391	8.435
VIII Activos Financeiros	121	112	118	122	120	118	307	176	166	140	147
IX Pasivos Financeiros	387	374	457	474	246	516	417	548	834	1.750	1.208
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	507	486	575	595	366	634	723	723	1.000	1.890	1.355
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	8.400	9.182	10.007	10.726	10.955	10.885	9.870	9.858	9.480	10.281	9.790

O cadro inferior mostra a evolución dos pesos das diferentes partidas de gasto non financeiro nos orzamentos consolidados de 2015 respecto ás do 2005, como pode verse a natureza dos servizos públicos prestados pola comunidade autónoma, (xustiza, educación, sanidade, servizos sociais), implica unha composición do gasto con intensidade importante no gasto corrente (persoal, gastos de funcionamento e consumos dos centros). Por elo os capítulos I e II de gasto aumentan o seu peso co paso do tempo dada a forte rixidez dos mesmos nun contexto de orzamentos crecentes.


En efecto, referindo ao ano con orzamento de gastos máis proximo ao actual (2006), o peso dos gastos de persoal pasa do 37% ao 40% no 2015, o peso dos gastos de funcionamento pasa do 13 ao 16.5%, entre estes dous capítulos se explica máis da metade do orzamento consolidado.

As políticas expansivas no eido monetario e a disciplina financeira mostrada pola comunidade autónoma reflectense na baixa do custo do endebedamento, malia que o stock de débeda da comunidade autónoma seguira medrando ata rematar o proceso de consolidación orzamentaria no 2017.

O peso do capítulo de transferencias correntes mantense constante en volume (22-23%) a pesar de mudar radicalmente a súa composición, o resultado é que se no ano 2006 o peso do gasto corrente acadaba un 71% do orzamento consolidado e no 2015 este chega ao 84%.

Pola contra, os capítulos que sofren a maior parte do axuste son os capítulos de gasto de capital 6 e 7, que minoran a súa participación no gasto non financeiro en 13 puntos porcentuais do 28 ao 15%.

Gráfico XXXVII:




A gráfica superior mostra dun xeito claro esta variación da composición do gasto por natureza. O gasto corrente mostra un peso estable no periodo 2005-2008, experimentar un forte crecemento ata 2011 e estabilizarse logo ata o 2015.

Isto é así porque na fase de crecemento a maior parte dos novos recursos para gastar empregáronse en consolidar gasto corrente, así do crecemento dun 46% do gasto non financeiro no periodo 2004-2009, consolidouse en gasto corrente un 48%, con crecements medios anuais durante o periodo superiores ao 7% no gasto de persoal e ao 9% nos gastos de funcionamento e transferencias correntes.

Dado o carácter ríxido de este tipo de gasto, no periodo 2009-2015, fronte a unha baixa do gasto non financeiro do 20%, o gasto corrente baixa menos dun 8% no periodo. Esta evolución pode apreciarse gráficamente no cadro seguinte.

Gráfico XXXVIII:




O resto das partidas do orzamento, ven condicionado pola rixidez do gasto corrente, así a capacidade de financiamento de investimentos de capital ven dada pola suma do aforro bruto, os ingresos de capital e a capacidade de endebedamento.

Como se acreditou nos puntos anteriores a forte baixa dos ingresos correntes e a consolidación de importantes contías de gasto corrente no periodo 05-09, fai baixar a mínimos o aforro corrente, principal fonte de financiamento de investimentos ata entón. Se ben o axuste do gasto minora o seu impacto no 2010 grazas a un importante aumento do endebedamento, ista fonte de financiamento non pode ser permanente polo que vai minorando pouco a pouco e deberá seguir facendoo ata desaparecer. É por iso que calquer pulo ao investimento debe acadar financiamento vía máis aforro corrente, para o que será preciso aumentar os ingresos ou minorar o gasto corrente.

Así ocorre no 2015, orzamento no que o ingreso corrente adicional xera aforro financeiro e permite reducir o recurso á débeda mentendo a capacidade de financiamento de investimento.

Gráfico XXXIX:



Evolución do gasto real

De seguido procederase a analizar a evolución das principais magnitudes e saldos orzamentarios da comunidade autónoma partindo dos ingresos e gastos consolidados realizados correspondentes ao período 2005-2013. Compres salientar que os datos correspondentes ao exercicio 2013 poden sufrir lixeiras variacións na medida en que a conta xeral de 2013 aínda non está aprobada.

A distribución por capítulos dos gastos durante o período 2005- 2013 foi a seguinte:

Cadro XLVI: Gastos Consolidados non financeiros en millóns de euros (Obrigas Recoñecidas). Datos en Millóns de euros

CAPITULO	EXERCICIO	2.005	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	2.012	2.013
GASTOS										
GASTO DE PERSOAL I		2.762	3.004	3.276	3.576	3.899	3.823	3.725	3.441	3.447
GASTO EN BENS CORRE II		1.203	1.214	1.280	1.409	1.414	1.357	1.321	1.594	1.541
GASTO FINANCEIRO III		120	137	150	135	111	122	214	257	302
TRANSFERENCIAS COR I IV		2.004	2.157	2.263	2.430	2.609	2.559	2.273	2.179	2.059
Total correntes		6.089	6.513	6.970	7.550	8.033	7.861	7.533	7.470	7.349
Fondo de continxenc V										
INVESTIMENTO REAIS VI		1.096	1.131	1.264	1.362	1.258	882	681	660	627
TRANSFERENCIAS DE C VII		1.088	1.170	1.211	1.389	1.185	948	729	759	646
Total capital		2.184	2.301	2.475	2.751	2.442	1.831	1.411	1.419	1.274
Gastos non financeiros		8.273	8.813	9.444	10.301	10.475	9.692	8.944	8.889	8.623


Fonte: Consellería de Facenda

En canto aos gastos correntes, a súa execución no 2013 representou o 85,2% do gasto non financeiro total, dende o ano 2009, ano no que acadou o seu máximo, o gasto

corrente reduciuse en 684 millóns de euros, un 9%. Pola contra dende o ano 2005 ata o 2009 o incremento foi de 1.944 millóns de euros, un 31,9% máis.

Gráfico XL:


GASTO CORRENTE



En canto aos gastos de capital, a súa execución no 2013 representou o 15,7% do gasto non financeiro total e dende o ano 2008, ano no que acadou o seu máximo, o gasto de capital reduciuse en 1.478 millóns de euros, un 54% menos. Dende o ano 2005 ata o ano 2008 o incremento foi de 567 millóns de euros, un 26% máis.

Gráfico XLI:

GASTO de CAPITAL




En canto a evolución do gasto non financeiro total, o seu máximo neste período (2005- 2013) acadouse no ano 2009 cando o seu importe ascendeu a case 10.475 millóns

de euros. No ano 2010 prodúcese por primeira vez unha caída do gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia respecto o ano anterior o que se volve a producir no ano 2011, 2012 e 2013. É dicir, nos últimos catro anos o gasto consolidado non financeiro reduciuse consecutivamente, chegando a supor unha minoración no 2013 respecto a 2009 de 1.853 millóns de euros, un 18% menos.

Gráfico XLII:

GASTO NON FINANCEIRO



En canto os ingresos, a súa distribución por capítulos durante o período 2005- 2013 é a que se mostra de seguido:

Cadro XLVII: Ingresos Consolidados (Dereitos Recoñecidos). Datos en Millóns de euros

EXERCICIO	2.005	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	2.012	2.013
CAPITULO									
INGRESOS									
INGRESOS DIRECTOS I	1.128	1.241	1.444	1.651	1.737	1.385	2.050	2.020	2.023
INGRESOS INDIRECTOS II	2.336	2.536	2.714	2.550	2.119	1.874	2.690	2.733	2.892
TAXAS E PREZOS III	240	244	282	252	262	248	256	166	180
TRANSFERENCIAS CORRIV	3.667	4.005	4.324	4.644	5.019	4.364	2.460	2.402	2.290
INGRESOS PATRIMONIA V	14	30	51	61	29	19	23	24	41
Total correntes	7.386	8.056	8.816	9.158	9.165	7.890	7.479	7.346	7.425
ALLEAMENTOS VI	57	62	56	84	66	22	24	16	17
TRANSFERENCIAS DE C VII	843	782	818	858	908	818	748	642	636
Total capital	900	844	873	942	974	839	771	658	653
Ingresos non financeiros	8.287	8.900	9.689	10.100	10.139	8.730	8.250	8.004	8.078


Fonte: Consellería de Facenda

Os ingresos correntes acadaron o seu máximo nos anos 2008 e 2009, reducíndose no 2013 respecto ao máximo de 2009 en 1.740 millóns de euros un 19% menos. Dende

o 2011 esta masa financeira mostra unha evolución estable en torno aos 7.400 millóns de euros.

Gráfico XLIII:


INGRESOS CORRENTES



En canto aos ingresos de capital, a súa execución no 2013 representou o 8% dos ingresos non financeiros totais, acadando un peso superior ao de 2012. Dende o ano 2009, ano no que alcanzou o seu máximo, reducíronse en 273 millóns de euros, é dicir nun 30%.

Gráfico XLIV:


INGRESOS DE CAPITAL



Polo que se refire a evolución dos ingresos non financeiros, o seu máximo durante o período 2005- 2013 acadouse nos anos 2008 e 2009, con valores practicamente similares, por en riba dos 10.000 millóns de euros. Nos dous anos seguintes, os ingresos non financeiros caen fortemente ata case 2.000 millóns de euros, un 18,6% menos. A recesión económica do 2012 fai deteriorarse novamente a recadación en 250 millóns de euros adicionais, deixando os ingresos non financeiros nos 8.000 millóns de euros, que suben no 2013 ata os 8.078 millóns de euros.

Gráfico XLV:

INGRESOS NON FINANCIEROS



Como se ten sinalado xa, o aforro bruto, é dicir a diferenza, entre os ingresos e os gastos correntes, normalízase voltando a valores positivos no 2013, despois de pechas dous exercicios en valores negativos pola mala evolución dos ingresos correntes no 2011 e 2012. Porén, a Comunidade Autónoma de Galicia pasou de ter aforros brutos superiores aos 1.000 millóns de euros durante o período comprendido entre os anos 2005 e 2009 a ter un aforro no ano 2013 de 75 millóns de euros, despois de pechar con aforro negativo nos anos 2011 e 2012.

A importancia de este saldo orzamentario radica en que foi e debe ser nunhas finanzas saneadas, o principal fomedor de financiamento de investimentos da comunidade autónoma. Polo que de non recuperarse os ingresos correntes, a capacidade de investir no futuro verase limitada ás dispoñibilidades de fondos finalistas.

É por elo polo que a Xunta de Galicia ven actuando de xeito continuado en diversas accións que tentan mellorar a capacidade de xerar aforro corrente, tanto pola via dos ingresos retocando algunhas figuras tributarias para apancar a súa recadación como pola

vía do gasto corrente, mediante accións de racionalización administrativa e eliminación do gasto improdutivo.

Cadro XLVIII: Aforro Bruto.

		millóns €								
		2.005	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	2.012	2.013
INGRESO CORRENTE		7.386,2	8.055,8	8.815,8	9.157,8	9.165,3	7.890,3	7.478,6	7.346,3	7.425,1
GASTO CORRENTE		6.088,8	6.512,9	6.969,6	7.550,3	8.033,0	7.861,2	7.533,2	7.470,5	7.349,4
Aforro bruto/Corrente		1.297,4	1.542,9	1.846,2	1.607,5	1.132,3	29,1	-54,6	-124,2	75,7
taxa de aforro%		17,6%	19,2%	20,9%	17,6%	12,4%	0,4%	-0,7%	-1,7%	1,0%

Fonte: Consellería de Facenda

Finalmente, en canto a evolución do superávit ou déficit non financeiro, no período de referencia pódense extraer as seguintes conclusións: nos anos 2006 e 2007 conseguíuse pechar o exercicio cun superávit non financeiro e os anos seguintes remataron todos con déficit. O máis elevado produciuse no ano 2010 cando ascendeu a case 1.000 millóns de euros. No ano 2011 a contía do mesmo reduciuse en 266,6 millóns de euros, un 27,7% menos, principalmente pola redución do gasto non financeiro en 746,2 millóns de euros, fronte a redución dos ingresos en 479,6 millóns de euros.

O exercicio 2012 mostra un déficit orzamentario maior en 157 millóns de euros, xa que, malia que o gasto non financeiro redúcese en 88 millóns de euros os ingresos caen en 245 millóns de euros.

O peche de 2013 mostra unha importante melloría na senda de redución do déficit, reducindo o sel saldo en máis do 38% ata os 544 millóns de euros. Esta foto final é a que explica o devenir das diferentes masas de gasto dos últimos anos e as decisións de axuste para acomodalas, Galicia dende 2010 tivo 651 millóns de euros menos de ingresos que tivo que compensar no gasto, xunto con unha redución de 418 millóns de euros do seu déficit, o que supuso unha baixa no gasto non financeiro de 1.070 millóns de euros.


Cadro XLIX: Superávit (+) / Déficit (-) Non Financeiro.

		millóns €								
		2.005	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	2.012	2.013
INGRESO NON FINANCEIRO		8.286,5	8.900,1	9.689,2	10.099,9	10.139,4	8.729,6	8.249,9	8.004,2	8.078,2
GASTO NON FINANCEIRO		8.272,7	8.813,5	9.444,1	10.301,5	10.475,5	9.692,2	8.944,0	8.889,2	8.623,0
RESULTADO NON FINANCEIRO		13,8	86,6	245,1	-201,6	-336,1	-962,6	-694,1	-885,0	-544,8

Fonte: Consellería de Facenda

III.3. EVOLUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO: POSICIÓN RELATIVA


Gráfico XLIV:



O endebedamento do conxunto das Comunidades Autónomas, en termos do Protocolo de Déficit Excesivo, incrementouse entre finais do ano 2008 e o segundo trimestre do ano 2014 nun 181%. E dicir en case 4 anos as Comunidades Autónomas máis que duplicaron a súa débeda pública.

O endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia incrementouse neste período nunha porcentaxe inferior ao conxunto das Comunidades Autónomas, un 61%, sendo a terceira Comunidade cun menor incremento, non obstante esta variación porcentual depende do valor de partida polo que esta análise hai que completala coa variación da débeda en relación ao PIB para ese mesmo período.

Gráfico XLV:




Polo tanto desde o 1 de Xaneiro de 2009 a ratio débeda –PIB incrementouse nun 151% fronte a un incremento do conxunto das Comunidades do 320%, o que significa que Galicia foi a segunda Comunidade con menor aumento do endebedamento.

Unha novidade que introduce a Lei Orgánica de Estabilidade Presupuestaria é que distribúe por primeira vez o límite do 60% de débeda en relación ao PIB entre as distintas Administracións Territoriais, é dicir, entre a Administración Central, as CCAA e as Corporacións Locais, establecendo os seguintes límites respectivamente: 44%, 13% e 3%.

O límite do 60% xa foi superado polo conxunto do sector público no cuarto trimestre do ano 2010; tendo en conta os últimos datos publicados polo Banco de España (segundo trimestre do ano 2014) a débeda pública española ascende a un 96,4 do PIB superando, por tanto, en máis de 36 puntos o límite establecido e supón un incremento desde finais de 2007, onde se alcanzou o mínimo da ratio débeda-PIB cun 36,3%, de máis de 60 puntos.

Dos 36,4 puntos de exceso do límite do 60%, 26,7 puntos corresponden á Administración Central, 8,7 puntos ás CCAA e 1 punto ás CCLL.


Grafico XLVI:



Dentro das CCAA a situación é moi heteroxénea, así so 4 CCAA están por baixo do límite do 13%, a media das CCAA excede dito límite en 5,9 puntos indo o rango dende o 11,7% da Comunidade de Canarias ata o 29,4% da Comunidade Valenciana.

Gráfico XLVII:

Débeda / PIB 2014 (IIT)



Podemos establecer unha dobre causalidade na situación da débeda, no periodo pre crise, as comunidades máis endebedadas son as que asumiron antes as competencias en materia de educación e sanidade (Cataluña, Valencia, Andalucía, Galicia e Canarias), no periodo post crise a evolución, xa a competencias iguais depende da disciplina fiscal de cada comunidade autónoma.

En canto a situación da Comunidade de Galicia o seu endebedamento, 17,5%, excede en 4,5 puntos o límite establecido na Lei Orgánica de Estabilidade Presupuestaria pero é inferior a media das CCAA (21,7%) ademais o diferencial co resto das CCAA estase a mellorar nos últimos anos, a finais do ano 2008 a ratio da débeda pública de Galicia superaba a media do conxunto das CCAA nunha décima en cambio cos últimos datos dispoñibles a débeda de Galicia é 2,1 puntos inferior a media.

Outra novidade da Lei Orgánica de Estabilidade Presupuestaria é que ademais de establecer obxectivos de estabilidade presupuestaria se fixan tamén obxectivos de débeda. Deste xeito o Consejo de Política Fiscal y Financiera aprobou a seguinte senda para o conxunto da débeda autonómica:

Cadro L:

Obxectivos de débeda da ca de Galicia					
	2013	2014	2015	2016	2017
Débeda/PIB	19,3	17,6	18,2	18,3	17,8

Cadro LI:

Obxectivos de débeda da ca de Galicia					
	2013	2014	2015	2016	2017
Débeda/PIB	19,3	17,6	18,2	18,3	17,8

E tamén se estableceron os seguintes obxectivos para cada unha das CCAA para os anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017.


Cadro LI:

Obxectivos de estabilidade orzamentaria									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Capacidade (+)/Necesidade (-) de financiamento % PIB	-0,8	-2,3	-1,6	-1,3	-1,2	-1,0	-0,7	-0,3	0,0

No seguinte gráfico reflíctese a evolución da débeda, en termos de débeda – PIB, da Comunidade Autónoma de Galicia así como a do conxunto de todas as CCAA durante o período 2005 – 2016 e o correspondente diferencial.

Gráfico XLVIII: Evolución da ratio débeda-PIB 2005-2015

Vermello.- total ccaa; azul.- Galicia e negro.-diferencial



III.4. TRANSPARENCIA

A Lei 2/ 2011, de 16 de Xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira dispón no seu artigo 19, adicado a instrumentación do principio de transparencia, apartado 5 que “Os orzamentos xerais recollerán información sobre a necesidade de financiamento da Comunidade Autónoma, os investimentos reais das empresas públicas en termos de contabilidade nacional, a ratio de gasto público da Comunidade Autónoma

en relación co produto interior bruto rexional, o nivel de débeda pública no seguinte exercicio e a evolución das seguintes ratios e magnitudes: ratio débeda/PIB, ratio débeda/ingresos correntes, risco comprometido por avais e compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario”.

Cadro LIII:

	2014	2015
Necesidade de Financiamento (% PIB)	-1,00%	-0,70%
Necesidade de Financiamento (M€)	575	403
Investimentos reais das empresas públicas (M€)	94,1	127,9
Ratio Gasto Non Financeiro - PIB rexional	14,6%	14,7%
Ratio Gasto Total - PIB rexional	17,9%	17,0%
Ratio Investimento por habitante	243,1	256,4
Ratio gasto non financeiro por habitante	3.748,7	3.587,1
Débeda Pública (M€)	9.936	10.384
Ratio Débeda - PIB	17,3%	17,6%
Ratio Débeda - Ingresos Correntes	137,7%	138,4%
Débeda por Habitante	3.622,9	3.804,7
Risco comprometido por avais (M€)	141,6	139,0
Compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado (M€)	3.073,0	3.067,6


en euros e %

Neste sentido a Necesidade de Financiamento de Galicia no exercicio 2015 será dun 0,7% do PIB rexional cumprindo co obxectivo de estabilidade orzamentaria acordado polo Consello de Política Fiscal e Financeira o cal supón unha necesidade de financiamento de 403 millóns de euros.

A gráfica seguinte compara a senda de consolidación fiscal de Galicia e do total das comunidades autónomas, permite apreciar como os esforzos temperás na contención do déficit permiten unha senda máis suave no espazo temporal obxecto de análise, o que se traduce en menos medidas de axuste de ingresos e gastos.

Gráfico XLIX:

SENDA DE CONSOLIDACIÓN FISCAL



De seguido recóllese a mesma táboa para o conxunto do sector público (sen incluír a axuda ao sector financeiro).


Cadro LIV:

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Administración central	-8,7	-5,9	-5,1	-4,1	-4,5	-3,7	-2,9	-2,1	-1,1
Comunidades Autónomas	-2,0	-2,9	-3,3	-1,8	-1,5	-1,0	-0,7	-0,3	0
Corporacións Locais	-0,5	-0,5	-0,5	-0,2	0,5	0,0	0,0	0,0	0
Seguridade Social			-0,1	-1,0	-1,0	-1,1	-0,6	-0,5	0
TOTAL	-11,2	-9,3	-9,0	-7,1	-6,5	-5,8	-4,2	-2,9	-1,1

A representación gráfica de esta senda das diferentes administracións mostra como xorde un actor novo na necesidade de endebedamento que no 2016 superará ás comunidades autónomas, é a seguridade social, que é a administración pública que sofre un maior deterioro por mor da crise e que ven condicionando os repartos de obxectivos de déficit entre as diferentes administracións dende 2013.

Gráfico L:

Senda de consolidación fiscal



En canto aos investimentos reais das entidades instrumentais da comunidade autónoma que non forman parte do orzamento administrativo no ano 2015 ascende a 127.9 millóns de euros. O importe detallado dos devanditos investimentos por entidade axúntase como anexo ao final do documento.

A ratio de gasto público da Comunidade en relación co PIB rexional, no ano 2015 a porcentaxe de gasto non financeiro en relación ao PIB de Galicia é dun 14,7 en termos semellantes ao exercicio anterior, como consecuencia de que o gasto non financeiro (comparando os créditos iniciais) aumenta mantendo parello o seu peso no PIB nominal.

O gasto total respecto ao PIB descende en case un punto no 2015 desde o 17,9 % ao 17 % debido á minoración dos gastos financeiros do orzamento.

En canto o nivel de Débeda Pública do ano 2014, estímase que a finais de dito ano a débeda pública calculada segundo o Procedemento de Déficit Excesivo alcanzará o importe de 9.936 millóns de euros e que a finais do ano 2015 sexa de 10.384 millóns de euros, o que suporá un incremento da mesma de 448 millóns de euros.

A Lei de Disciplina Orzamentaria esixe información sobre a evolución das seguintes ratios que teñen relación co nivel de débeda pública: a ratio débeda/PIB e a débeda en relación cos ingresos correntes.

No que respecta á evolución da débeda/PIB estímase que a finais do ano 2014 sexa dun 17,3% e a finais do ano 2015 sexa dun 17,6%.

Respecto a relación entre a débeda e os ingresos correntes no ano 2014 a débeda de Galicia constituirá o 137,7% dos seus ingresos correntes e no ano 2015 dita relación ascenderá ao 138,4% como consecuencia dun aumento dos ingresos correntes en 288 millóns de euros e a un aumento da débeda en 448 millóns de euros.

A continuación en canto ao risco comprometido por avais hai que ter en conta o disposto no Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en concreto nos seus artigos 40 a 45, dita Lei en canto ao límite máximo de avais que se poderán conceder durante cada ano remite a Lei de Orzamentos neste sentido a Lei de Orzamentos de Galicia do ano 2015 dispón que o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o ano 2015 será de 30 millóns de euros e a continuación establece que o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2015, avais en canto non se supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500 millóns de euros.

A 30 de xuño do ano 2014 o IGAPE tiña un total comprometido por riscos asumidos por avais de 145 millóns de euros, a este risco vivo, que inclúe tanto as operacións da liña xeral de avais como do Plan RE-Brote, deben sumárselle os reavais ante SGR. Tendo en conta os reavais vivos comunicados polas SGR, o risco máximo asumido ascendería a 7,97 millóns de euros.

Para o ano 2015 estímase que risco comprometido en avais polo IGAPE acadará o importe de 139 millóns de euros. Por su parte a Xunta de Galicia non ten concedido ningún aval e non se prevé que conceda ningún no ano 2015.

Por último a Lei de Disciplina Orzamentaria establece que os Orzamentos recollerán información dos compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto das xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario, esta información figura na memoria I.

Dita táboa reflicte que ata o ano 2039 a Xunta de Galicia ten comprometidos a través das colaboracións público privadas 3.067 millóns de euros.

No ano 2015 non está previsto dispor máis gasto a través destas fórmulas, polo que o importe comprometido ao final do ano 2015 será o mesmo.

ANEXO: Inversións reais das empresas públicas

codigo	ENTIDADE	INVESTIMENTO REAL 2015
406	Portos de Galicia	6.667.870
412	Augas de Galicia	67.114.165
109	Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	1.985.000
502	Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	2.758.693
506	Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento Comarca de Verín	54.310
509	Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento das Comarcas de do Deza e Tabeirós-Terra de Montes	23.000
510	Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento da Comarca da Limia	56.764
512	Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	14.000
513	Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia	5.000
515	Consortio extensión universitaria e divulgación ambiental	12.000
516	Consortio de abastecemento de auga en Cervo e Buerela	0
517	Consortio Casco Vello de Vigo	0
523	Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento de Pontevedra	350.000
413	Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	0
414	Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia	47.663
415	Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	2.162.937
416	Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria	3.000
417	Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	340.189
418	Instituto Galego de Medicina Xenómica	108.000
604	Fundación Galicia Europa	2.000
606	Fundación Galega para a Tutela de Persoas Adultas	0
607	Fundación Semana Verde de Galicia	0
608	Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	0
609	Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	4.439.933
610	Fundación Exposicións e Congresos de A Estrada	0
611	Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	0
612	Fundación Feiras e Exposición de Ourense	0
615	Instituto Feiral de A Coruña	0
650	Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	48.916
651	Fundación ROF Codina	3.056.743
652	Fundación Deporte Galego	20.000
654	Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	0
656	Fundación Galega de Formación para o Traballo	0
660	Fundación Camilo José Cela	2.950
661	Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña	0
401	Compañía de Radio-Televisión de Galicia	240.000
499	Compañía de RTVG e sociedades	3.355.628
702	Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	300.000
703	Televisión de Galicia, S.A.	3.115.628
706	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia	17.992.925
707	SODIGA Galicia, Sociedade de Capital Risco	5.000.000
708	XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A.	80.000
709	Galicia Calidade, S.A.	10.295
710	Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	121.800
713	Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	0
714	Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos	0
717	Xenética Fontao, S.A.	214.000
718	Galaría Empresa Pública de Servizos Sanitarios	1.011.000
719	Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	3.620.000
727	Xestión do solo de Galicia, XESTUR, S.A.	3.543.352
	TOTAL	127.877.760

